

vilalba

O FIV presenta o cartel completo por días e vende os últimos abonos. **Pax. 3**

guitiriz

O Concello avanza no proxecto de humanización da travesía da N-6. **Pax. 16**

castro de rei

O Concello pide unha axuda para arranxar tres bens patrimoniais. **Pax. 22**

pol

Entrevista a Lino Rodríguez Ónega, alcalde da localidade desde o ano 2007. **Pax. 27**

pastoriza

Fonmiñá acollerá en maio unha festa da poesía dedicada a Aquilino Iglesia Alvariño. **Pax. 34**

A Terra Chá prepárase para tres grandes citas



friol. O domingo 26 terá lugar a Feira do Queixo e Pan de Ousá na XXIX edición.

muimenta. A Moexmu volverá ser capital agrogandeira desde o 31 de marzo.

vilalba. Todo preparado para acoller a XVII Feira do Queixo San Simón da Costa.

Os partidos presentan candidatos

Coa mirada nas municipais de maio, nomean a maioría dos novos candidatos para os comicios.

A Deputación esixe melloras na Sanidade

O Pleno aprobou a moción pola que piden á Xunta que atenda as reclamacións da veciñanza. **Pax. 35**

Recompensas para os deportistas

O Vilalba FS feminino é campión de Liga, o Pádel As Pontes, galego, e Alvariño de España. **Pax. 36-37**

Día da Muller



As Pontes prolonga os actos durante todo o mes de marzo. **Pax. 9**

Rutas a cabalo



Convocadas en Abadín para o 25 de marzo e en Friol o 1 de abril. **Pax. 7 e 15**

Máster de Fútbolín



Rábade presenta o programa, que contará con máis premios. **Pax. 33**



O MÁIS INCOMODO DOS AUDÍFONOS É NON LEVALOS CANDO OS NECESITAS.

Audífono dixital dende **890€**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.

Nº R.S. 6-27-000331 / E-27-000331 - Nº R.S. 6-75-000024 / E-75-000170

Reclaman fondos Next Generation para a mellora do ciclo da auga

O Concello de Vilalba solicitou unha subvención con cargo aos Fondos Next Generation da UE para a mellora da eficacia e da eficiencia do ciclo da auga municipal, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O grupo de goberno presentou unha liña de actuacións, valoradas en 3.964.429,46 euros, dentro dun proxecto conxunto coa Agrupación Lugo Norte, onde os sete concellos integrantes buscan lograr sinerxias que lles posibiliten acadar un fortalecemento da súa capacidade técnica, compartir custos, mellorar a implementación das tecnoloxías e maximizar o impacto de ditas actuacións.

Ao abeiro desta solicitude, o Concello de Vilalba pretende poñer en marcha actuacións que permitan á veciñanza coñecer de primeira man o seu consumo de auga real (gracias á telelectura), evitar perdas e detectar fugas, grazas aos sistemas dixitais de detección intelixente.

O concello tería desta forma un control exhaustivo e en tempo real dos seus recursos hídricos, garantindo a súa salubridade, o seu subministro e o seu correcto uso, o que redundará a súa vez non só en beneficios particulares para a veciñanza, senón a nivel global para o seu conxunto.

Con estes obxectivos, os municipios solicitaron esta subvención, que está dotada orzamentariamente con 200 millóns de euros e que inclúe unha reserva explícita de 60 millóns de euros para aquelas agrupacións de concellos que concorren de forma conxunta, como é o caso de Vilalba.

Vilalba prepárase para a Feira do Queixo

Vilalba prepárase para vivir os días 1 e 2 de abril unha nova edición da súa Festa do Queixo da San Simón da Costa, que leva apareladas numerosas actividades cunha gran relevancia e onde o prato estrela é este lácteo de fama internacional.

A Feira do Queixo da San Simón da Costa chega á súa vixesimo sétima edición.

A localidade contara con dous días de feira novamente, que terán o seu punto de reunión na praza da Constitución, onde se colocarán os stands de artesáns e produtos gastronómicos.

O programa dará comezo o sábado día 1 ás 12.30 horas cun showcooking a cargo de Iván Mariño, concursante de MasterChef8 e presentador de Estache Bo-TVG. Será na praza da Constitución e contará con degustación gratuíta incluída.

Pola tarde, será o tempo dos nenos, entre as 16.00 e as 19.00 horas cun taller de elaboración de queixos e no que os pequenos aprenderán as maneiras de elaborar un bo queixo San Simón.

Xa ás 19.00 horas será a quenda do pregón no templete da praza que nesta ocasión corre a cargo de María Barro, produtora da película Valentina, premio Goya á mellor película de animación 2022.

Durante este acto sortearanse dúas cestas de produtos das queixerías. Para participar hai que comprar nalgunha das sete casetas que haberá na feira.

A xornada rematará cun concerto de Sés no auditorio municipal. As entradas teñen un prezo de dez euros e xa están á venda en www.entradasvilalba.es e na casa da cultura

O domingo continuarán as activi-



dades ás 11.30 cunha degustación de tapas gratúitas elaboradas con queixo San Simón na praza da Constitución nunha foodtruck.

E para darlle o toque final á festa, haberá sesión vermú, a partir das 12.00 horas na praza da Constitución. Volverán sortearse dúas cestas de produtos entre os compradores da feira da fin de semana.

INSCRICIÓN DE POSTOS. Así, está en marcha a inscrición para os stands de alimentación, casetas de artesanía así como para casetas de asociacións, institucións e entidades sen ánimo de lucro. A través das bases que fixo públicas o Concello, tamén se facilita o modelo de domiciliación bancaria para realizar os posibles pagos.

Deste modo, xa se poden inscribir todos aqueles que queiran ter presenza este ano na feira do queixo. A data límite é o 15 de marzo. Para as consultas hai que dirixirse ao teléfono do Concello (982 51 03 05) ou a través do correo electrónico: feiras@vilalba.es (Concellería de Feiras e Mercados).



Constituído o Consello Regulador da DOP San Simón da Costa

Foi constituído o novo pleno do consello regulador da denominación de orixe protexida San Simón da Costa. Así, este novo pleno quedou conformado por 2 vogalías correspondentes a Unións Agrarias e por 5 da Candidatura Independiente Queixos de San Simón.

Tras a toma de posesión, os vogais aprobaron por unanimidade en ambos casos, que a presidencia do consello regulador a asuma Daniel Pérez Pérez, que repite no cargo; e para a vicepresidencia a Queixería Prestes, SL, representada por Adelaida Fernández Cuba.

Nas pasadas eleccións só votaron determinados censos dos consellos reguladores das denominacións de orixe (DO) vitivinícolas de Monterrei, Rías Baixas, Ribeiro e Val-

deorras. Tamén, no da indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia e no das IXP das Carnes de Vacún de Galicia. O resto de censos tiñan candidatura única ou chegaron a un acordo.

Ao longo do día constituirase o resto dos consellos reguladores das restantes denominacións de orixe protexidas de queixos. Durante a semana tamén quedarán constituídos os novos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas (IXP) Carnes de Vacún de Galicia, Castaña de Galicia, Patata de Galicia e Pan de Cea; así como das denominacións de orixe de Ribeira Sacra, Valdeorras, Monterrei, Ribeiro e Rías Baixas. Por último, tamén se constituirá o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.

SOMOS EMPRESA DE COLOCACIÓN

INSCRÍBETE COMO **EMPRESA OFERTANTE** EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR LOS MEJORES PERFILES PARA TU NEGOCIO

INSCRÍBETE COMO **DEMANDANTE DE EMPLEO** EN NUESTRA WEB Y TE AYUDAREMOS A ENCONTRAR TU EMPRESA IDEAL

982 222 649
formacion@estudiosrafer.com

¿ERES DESEMPLEADO/A Y TITULADO/A EN LA RAMA DE INGENIERÍA O TIENES UN CICLO SUPERIOR RELACIONADA CON LA MISMA?

TE OFRECEMOS ESPECIALIZACIÓN PRÁCTICA CON FUTURO Y UNA OPORTUNIDAD DE INSERCIÓN LABORAL INMEDIATA EN NUESTRA EMPRESA

FORMACIÓN HÍBRIDA EN:
PRESENCIAL (50%), AULA VIRTUAL (50%)
Especialista en Geotecnologías aplicadas a las infraestructuras de transporte

INSERCIÓN DE UN MÍNIMO DEL 40% DE LOS PARTICIPANTES EN LA PROPIA EMPRESA GARANTIZADA

PLAZAS LIMITADAS
INSCRÍBETE LLAMANDO AL 982 22 26 49

in SITU

O FIV presenta o cartel completo por días

O FIV de Vilalba puxo á venda as entradas por día para o festival que se celebrará na localidade do 28 ao 30 de abril. O prezo da entrada diaria é de 25 euros (máis gastos de xestión). As entradas poden mercarse a través da súa páxina web como vén sendo habitual.

Os abonos continúan á venda a un prezo de 45 euros tras esgotarse os tres primeiros tramos, así como os billetes de autobús para o servizo especial de transporte, que, por primeira vez, transportará ao público ás cidades da Coruña e Lugo ao finalizar os concertos principais. Ambos se poden adquirir a través da web. A organización tamén deu a coñecer que grupos actuarán o venres e o sábado respectivamente. O venres 28 de abril subiranse ao

Escenario Vibra Mahou do Campo da Feira: La Casa Azul, Sidecars, Carlangas, Mora e os DJ Akkan. Mentres que o sábado actuarán Lori Meyers, Sidonie, Delaporte, Hickeys, Berta Franklin e Ocho y Medio DJ's. A nova fichaxe do festival, Tangerine Sistas, inaugurarán o escenario principal ambas as noites coa súa música electrónica.

Tamén o sábado 29 de abril, o escenario emerxente da praza da Constitución acollerá os concertos da Banda de Música de Vilalba, aos murcianos Los Malinches e aos DJ's Jus Kno'. Por último, o domingo 30 de abril e no mesmo espazo, o grupo infantil A Gramola Gominola deleitará aos máis pequenos da casa para pechar tres días completos de música. Todos os concertos situa-




dos neste escenario serán gratuítos. Así mesmo, habilitouse unha nova zona de acampada debido á alta demanda. Esta vez o recinto escollido será o campo de fútbol Estadio Roca e as prazas son limitadas. As reservas estarán dispoñibles a través da páxina web ata o 16 de abril ou ata esgotarse o número máximo de parcelas.

Vilalba logra unha axuda por un innovador proxecto sobre infraestruturas ambientais

O Concello de Vilalba acadou unha nova subvención de 500.000 euros por un innovador proxecto municipal de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais, coa inclusión de conxuntos arbóreos e zonas verdes en varias rúas do casco urbano, facilitando ademais a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida. Esta achega permitirá afrontar o 100% do investimento necesario na actuación.

A actuación con esta nova subvención acometerase na rúa de Galicia e a súa continuación na rúa Cidade de Lugo; avenida Terra Chá; rúa da Feira; rúa Campo da Ponte; rúa Muras e a súa continuación coa avenida de Cospeito; rúa Castela e Camiño Campo Redondo, ata o cruzamento co camiño das Rodas. Trátase dun proxecto innovador, dotando de arboredo, espazos permeables e zonas de descanso e calidade ambiental aos veciños de Vilalba. Paralelamente, a ac-



tuación mellorará a infiltración de pluviais; a resiliencia fronte ao cambio climático; as capacidades de captación de carbono; a xestión das augas pluviais, e o conxunto da calidade urbana de Vilalba.

A xestión das novas plantacións xerará postos de traballo e un know-how dixital e específico de gran potencial, en especial pola incorporación de Sistemas de Drenaxe Urbano Sostible. O cambio na xestión das augas pluviais reducirá a necesidade de xestión e tratamento.

O Concello estuda coas familias a ampliación do comedor da EEI

Representante do Concello reunióronse coas familias que están a realizar as prematriculas na Escola de Educación Infantil de Vilalba e que solicitan praza no comedor do centro. O servizo de comedor, posto en marcha polo goberno local hai dous cursos escolares, iniciouse a petición do centro de ensino con 45 prazas. Desde aquel momento, o Concello estivo en permanente contacto coa Escola Infantil, sendo coñecedores de que na actualidade a solicitude de prazas de comedor está a aumentar. Ante esta nova situación, xa se trasladou ao equipo directivo en recentes datas que se están a estudar todas as posibilidades, e buscan acordar unha solución.

O lescha volve reclamar o nome de Manuel María para a casa da cultura vilalbesa

O lescha insiste na necesidade de mudar o nome de casa da cultura na honra a Manuel María. A primeira iniciativa, que foi desestimada polo Pleno polos votos en contra do PP, non os desaniman.

Hai 20 anos, un 15 de febreiro de 2003, a Real Academia Galega celebraba a sesión extraordinaria pública de recepción como membro numerario de Manuel María Fernández Teixeira. O acto levouse a cabo no Auditorio Municipal de Vilalba por expreso desexo do propio Manuel María, e no que o lescha participou activamente.

Vinte anos despois, o Instituto de Estudos Chairegos quere conme-

morar dita efeméride co envío á alcaldesa do Concello de Vilalba do escrito que reflicte a continuación e no que solicitan, unha vez máis, que definitivamente a casa da cultura de Vilalba leve o nome de Manuel María.

Apela o lescha á fonda relación que Manuel María mantivo con Vilalba, á súa categoría moral e persoal, a súa significación no eido cultural, o seu vencello con Galicia, coa Chaira e con Vilalba que o fan "merecente, tal que regula a norma, do agradecemento e da gratitude" do pobo vilalbés en recoñecemento ao seu compromiso coa Terra, coa Lingua e coa Cultura do noso país"

Amplían en dúas horas o peche dos establecementos hostaleiros

O Concello ampliou en dúas horas o horario de peche de hostalería con motivo das diferentes festividades do ano, por medio dunha Autorización Especial para a Celebración de Espectáculos e Eventos.

A ampliación dos horarios, que comezou no Entroido, aplicárase na Semana Santa (desde a noite do 1 ao 2 de abril ata a noite do 8 ao 9, incluída), no FIV e a Festa do Traballo (desde a noite do 28 ao 29 de abril ata a noite do 30 de abril ao 1 de maio), e

nas Letras Galegas (a noite do 16 ao 17 de maio).

Tamén se ampliará dúas horas máis a apertura dos locais no San Xoán nas noites do 23 ao 24 e do 24 ao 25 de xuño, así como nas Festas do Apóstolo (dende o 21 ao 22 ata a noite do 24 ao 25 de xullo, incluída). Tamén se verán afectadas a Festividade da Asunción, a de San Ramón e Santa María, o Día da Hispanidade, a de Todos os Santos así como á Ponte da Constitución e o Nadal.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TODO PARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES MARCAS

ZEPELIN
ANOVA



RYS
SESACAR

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

Asociacións veciñais rematan as obras de mellora dos seus locais

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou os locais das asociacións veciñais Monte do Calvario e O Picouzo-Ladra para coñecer as melloras realizadas co apoio da Xunta. O Goberno galego investiu preto de 24.500 euros en obras de acondicionamento e equipamento no marco do Plan específico de acción comunitaria, dotado con 3 millóns de euros. Así, a Asociación Veciñal e Cultural Monte do Calvario recibiu 12.000 euros para o acondicionamento

da antiga casa reitoral de Alba. As obras realizáronse no baixo do edificio e consistiron na demolición de dous tabiques e a recuperación das paredes de mampostería. Tamén se colocou pavimento de pedra e instalouse un cuarto de baño na zona da entrada.

Pola súa banda, a Asociación de Veciños O Picouzo-Ladra obtivo 12.465 euros. Deles, 12.000 destináronse ao acondicionamento do segundo andar do local social, co illamento do tellado e a colocación de pavimento, entre outras actuacións en paredes e teito. Os 465 euros restantes des-



tináronse á compra dun proxector como equipamento audiovisual de apoio na realización de actividades. Durante as visitas a directora xeral referiuse á importancia de darlles resposta ás demandas dos colectivos veciñais como pezas fundamentais na dinamización do rural e no benestar da veciñanza. Nesta liña, incidiu na necesidade de que estes colectivos conten con espazos que lles per-

mitan desenvolver a súa actividade coas condicións e o equipamento precisos para levala a cabo, así como co máximo confort para as persoas usuarias.

A través do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais e de mulleres rurais, e a comunidades de usuarios de augas, a Xunta impulsou o pasado ano na provincia de Lugo proxectos de

mellora de 31 entidades. O investimento global para cofinancialos ascendeu a 433.588 euros. A meirande parte deles, 421.588, foron para 30 asociacións de veciños, entre as que figuran as vilalbesas Monte do Calvario, O Picouzo-Ladra, Santa Eulalia de San Román e Galopíns de Carballido. Os 12.000 euros restantes foron para unha asociación de mulleres rurais.

CAMIÑOS. PP vilalbés aposta por manter as pistas das parroquias en bo estado de seguridade e leva reivindicado ao longo deste mandato actuacións de mellora na totalidade das parroquias do rural. Nesa liña, os populares trasladan unha proposta concreta: que “o goberno local solicite as axudas da Xunta para a mellora de camiños rurais e aproveite para actuar nas que quedaron fóra do seu acordo con Vilalba Aberta; sen esquecer moitas outras que están nun estado perigoso para a seguridade”.

Constantino Alvite encabeza a candidatura do BNG

O BNG elixiu por unanimidade na asemblea local quen será o candidato á Alcaldía do Concello, Constantino Alvite. “Estou moi orgulloso de que as compañeiras e compañeiros decidiran en min para encabezar o proxecto do BNG, o que asumo con ilusión e gañas de traballar para recuperar a nosa presenza no concello e aplicar un proxecto claro para avanzar” dixo Constantino Alvite.

O candidato destacou que o BNG vai saír a por todas para liderar un proxecto que mellore e avance Vilalba “conformamos unha equipa que ten toda a confianza sobre as capacidades deste concello e da súa veciñanza, estamos convencidas en que imos poder desenvolve-lo para que Vilalba dea pasos adiante, e sempre co compromiso de defender os dereitos da veciñanza”.

Vilalba Aberta quiere que os cartos do Plan Único sexan para as parroquias

“Nas parroquias a mesma inversión que na vila”. Así resumiu o candidato de VA á Alcaldía, Modesto Renda, a última reivindicación da súa formación. Unha nova proposta, que defendeu xa no Pleno Extraordinario de febreiro e que, agarda, “sexa aplicada antes do remate da lexislatura polo goberno local”.

A necesidade de “facer xustiza coas parroquias” é fundamental para VA. Logo de arrincar do PSOE un acordo por valor de 900.000€ para as parroquias, a formación traballa dende hai meses para “cumprir con aquelas que quedaron fóra”.

“A medida permitiría dotar de crédito a execución de proxectos de obra pendentes en diferentes

vías e accesos de titularidade municipal nas parroquias de Oleiros, Vilapedre, Noche, Sancovade, Belesar, Soexo, Mourence e Boizán”, explicou Renda.

Unha opinión compartida pola Nº2 da Candidatura de VA, Mª Xosé Fernández, quen apelou ao “factor complementario e corrector” desta nova proposta. Para explicalo, comparou o acadado pola formación ao respecto das axudas a autónomos. “Despois de arrincar do PSOE as axudas a autónomos conseguimos unha segunda liña para os que quedaron fóra e volverémolo facer”, sentenciou.

REUNIÓN. Vilalba Aberta segue sumando parroquias no seu proceso de escoita do rural vilalbés.

Así, e despois das xuntanzas en Santaballa; Nete; Ladra; Oleiros; Carballido; Corbelle; Belesar; San Simón; Lanzós; Árbol e Bordelle, a formación achegouse a Sancovade para celebrar a 12ª parada da súa iniciativa Rede de Parroquias. Tamén segue sumando colectivos ao seu proceso de escoita de entidades e asociacións. Así, e despois da visita ao Hospital Asilo, a formación reuniuse coas Asociacións de Nais e Pais co fin de recoller de primeira man as súas demandas. O candidato á Alcaldía da formación, Modesto Renda, puxo en valor o imprescindible de facer política “escoitando a todos os sectores da sociedade civil vilalbés” e animou a todas as entidades e asociacións a contactar co VA.

O Ilesha continúa co seu ciclo de mulleres galegas cunha charla de Vanesa Siso

O Instituto de Estudos Chairegos organiza o venres 10 de marzo de 2023, na casa da cultura de Vilalba, ás 20.00 horas, a conferencia *A coustificación e mercantilización do corpo das mulleres. Revisión das cantigas de tradición oral*, impartida por Vanesa Siso.

Presentará o acto Marisa Barreiro, presidenta do Ilesha. Esta será a segunda conferencia correspondente ao ciclo Mulleres Galegas, programado polo Ilesha para levar a cabo durante todo este ano 2023. A primeira tivo lugar no mes de xaneiro e correu a cargo de Germán Castro, que falou da científica galega Ángeles Alvariño.

Vanesa Rut Siso Calvo é xornalista especializada en comunicación política e social e técnica de igualdade.

Clínica Médica San Ramón
• En Vilalba •

AUDÍFONOS SIEMENS

RECARGABLES

..... **Revisiones Auditivas GRATUITAS**

..... **Revisión de su oído (Cerumen)**

..... **Prueba GRATUITA de sus audífonos sin ningún compromiso de compra**

***DESCUENTO HASTA EL 15% EN AUDIFONOS RECARGABLES PURE C&G**

FINANCIACIÓN hasta 18 meses sin intereses

Pida su cita personalizada: 982 512 014. C/ Pintor López Guntín, 5-7 Bajo. 27800 - Vilalba, Lugo

A XESTIÓN QUE SUMA

As xestións do goberno municipal favorecerán a inversión de sete millóns de euros de investimentos do Goberno en Vilalba.



A XESTIÓN QUE SUMA.

- Preto de 500.000 euros do Instituto para a Transición Xusta, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para financiar infraestruturas ambientais, sociais e dixitais, que inclúe o arboredo urbano.
- 1,1 millóns de euros, grazas ao Plan ÚNICO-Banda Ancha, para a mellora da conectividade. Permitirá chegar a fibra óptica a 4.200 empresas, vivendas e fogares do municipio.
- 400.000 euros do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), do Ministerio para a Transición Ecolóxica a través de tres axudas para mellorar a eficiencia do alumeadado público e o consecuente aforro económico que suporá para o Consistorio.
- 900.000 euros do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que permiten rehabilitar a Casa Consistorial de Vilalba de xeito sostible, reducindo nun 80%

o consumo de enerxía, no marco do Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos (PIREP).

- 1,1 millóns de euros para a reforma do Parador de Vilalba, dentro da aposta pola sustentabilidade, neste caso no eido turístico.
- 2,8 millóns de euros dentro do convenio coa Confederación Miño-Sil para mellorar o saneamento e a EDAR de Vilalba.

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones felicitou a alcaldesa, Elba Veleiro, pola consecución destas axudas nunha visita oficial a Vilalba.



Concello de Vilalba

EN BREVE

TORRE. As localidades de Alba, Boizán, Insua e Torre celebran nesta última a IV edición da Festa da Xuventude das Aldeas o 11 de marzo. Esta dará comezo ás 11.00 horas coa sesión vermú, que estará ao cargo do dúo Venus. A continuación haberá unha comida campestre con base de empanada de xamón, xamón cocido, polbo, churrasco mixto, bebida, postre e café, servido por Hermanos Debasa. O prezo será de 30 euros para adultos e nenos maiores de 10 anos. O que teñan entre 5 e 10 anos pagarán 15 euros. Ademais, está prevista unha cea con paella a un prezo de 15 euros. Pola noite a verbena estará ao cargo do dúo Venus e do dúo Eclipse. Haberá carpa e calefacción.

LANZÓS. Lanzós celebrará a fin de semana do 18 e 19 de marzo as festas na honra a San Xosé. Estas darán comezo o sábado ás 13.00 horas coa misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo do grupo Fénix, que tamén se ocupará da verbena xunto a Marbella. O domingo repetirase o programa matinal con misa e procesión e as festas chegarán ao seu final coa sesión vermú a cargo do dúo Eclipse. O campo da festa tamén estará cuberto cunha carpa.

CORBELLE. Corbelle celebrará o sábado 18 de marzo as festas na honra a San Xosé. Estas darán comezo ás 13.30 horas coa misa cantada, seguida de procesión e sesión vermú co trío Los Adrianos, que tamén se ocupará da verbena xunto a Gran Parada. As festas están organizadas pola asociación de veciños.

GOIRIZ. O sábado 25 de marzo as festas na honra a Nosa Señora. Estas darán comezo ás 13.30 horas coa misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo de JB Son, que tamén se ocupará da verbena xunto a París de Noia. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

O Concello adxudica novas obras en camiños de catro parroquias

O Concello de Vilalba adxudicou obras cun investimento de 140.000 euros para a pavimentación, limpeza e renovación de camiños en varias parroquias do municipio.

En concreto, realizará traballos en tres viais na parroquia de Samarugo, nos núcleos de Cornide, Lobán, e un terceiro camiño no Vial 065_050 e no Vial 065_081. Haberá tamén obras en catro viais na parroquia de San Simón da Costa, nos núcleos de Besta de Arriba, Racamonde, Vilardebín e outro tramo no Vial 065_049.

Outra das actuacións, todas elas dentro do Plan Único da Deputación de Lugo, será para a apertura e limpeza de noiros, pavimentación, rexeneración e sinalización da vía de titularidade municipal que da acceso a Muruxás, na parroquia de Lanzós. A última das obras é no camiño de titularidade municipal que da acceso ó Picouto, na parroquia de Lanzós, dende Goiriz.

A maior parte destes viais son de acceso ós barrios e núcleos de poboación das parroquias e teñen unha importancia fundamental para a circulación de vehículos lixeiros, pesados e maquinaria de todo tipo en dirección ás vivendas, explotacións agrogandeiras e parcelas agrícolas ou forestais.

CAMIÑO COTARÓN. O Concello xa ten listo o proxecto de renovación das instalacións de abastecemento e saneamento do camiño Cotarón, unhas obras que contemplan a humanización da zona e terán un orzamento de 215.000 euros.

A rúa está a 700 metros da praza do Concello. Une dúas vías, a rúa



Plácido Pena ó noreste, e a rúa de Cotarón ó suroeste. A necesidade de cambialas instalacións de abastecemento e saneamento conleva realizar un proxecto de humanización que entende toda a vía como unha unidade.

A fragmentación e os diferentes usos da vía impiden actualmente o seu disfrute polos cidadáns, que conciben a mesma como un espacio de servidume para aparcar e chegar ás poucas casas unifamiliares e parcelas ás que da acceso.

O ámbito de intervención do proxecto non se limita exclusivamente ó camiño Cotarón, senón que se estende polas tres rúas polas que ten continuidade urbana: a rúa Cotarón, a rúa Plácido Peña e a rúa do Rego.

Para a ambientación e a seguridade proxectouse a instalación de dous tipos de luminarias. Un primeiro tipo composto por balizas na sección da vía máis estreita e con maior pendente, na que non hai edificacións ós lados. O segundo tipo de luminarias será un conxunto de luminarias empotradas nas fachadas, creando unha iluminación máis xeral do conxunto.

A ampliación de Entrepinares no polígono foi declarada iniciativa empresarial prioritaria

O Consello da Xunta declarou como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Queserías Entrepinares para ampliar as súas instalacións en Vilalba. Cun investimento de 19 millóns de euros, a empresa busca instalar unha nova liña de fabricación de queixo no formato de tres quilogramos de peso, elaborado con leite de vaca, cabra e ovella, e nas variantes de tenro e semicurado.

A nova planta multimolde, anexa á actual, dará resposta á crecente demanda dun produto xa elaborado pola empresa, pero nas plantas que ten fóra de Galicia. Ata o de agora, a empresa recollía na Comunidade o 80% deste produto que logo era enviado sen procesar aos seus centros de produción en Valladolid e Madrid. Con este proxecto, evitarase o transporte de gran parte do leite co consecuente aforro económico. Ademais, incrementarase nun 32% a

capacidade de produción de queixo nas instalacións de Vilalba.

Esta iniciativa de Queserías Entrepinares encádrase nun sector que ten un carácter estratéxico para o rural de Galicia, como é o lácteo galego, que representa o 1,5% do PIB da Comunidade. Ademais, complementa a cadea de valor do leite, xa que contribúe a aumentar o valor engadido deste produto mediante a elaboración de queixos.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 19.125.000 euros); a creación de emprego mínimo (prevénse 35 postos de traballo directo, indefinido e a xornada completa, o 57% dirixido a mulleres); e complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como é, neste caso, o lácteo.



BOMBEIROS. O Consorcio Provincial de Bombeiros incorpora un novo furgón de salvamento ao parque comarcal de Vilalba co obxectivo de reforzar o parque móbil para os servizos que se prestan na metade norte da provincia. O investimento foi de preto de 380.000 euros e ten un uso polivalente polo seu tamaño medio, sendo máis pequenos que os camiós BUL, o que permite acceder a lugares máis estreitos e de accesos máis complicados.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



clínica **TEST** dental

Cabaleiros de Abadín organiza a súa I Ruta Cabalar



O club Cabaleiros de Abadín celebrará o 25 de marzo a primeira edición da súa Ruta Cabalar, que dará comezo ás 10.00 horas con saída do Campo da festa de San Cosme de Galgao. Como colofón da ruta celebrarase un xantar no campo da festa servizo por Hermanos Debasa a un prezo de 25 euros deixando paso pola tarde a unha sesión musical a cargo do dúo Merengue. Haberá sorteos e agasallos para os participantes.

A asociación lembra que para acudir ao xantar non é necesario ir a cabalo pero si hai que anotarse antes do día 19 de marzo nos teléfonos 657 184 532 o no 674 486 628.

A ruta non terá carácter competitivo e cada participante deberá responsabilizarse do seu cabalo.

Novo éxito en Expogrelo, que esgotou todo o produto á venda

Máis dunha decena de produtores de grelos da Terra Chá participaron na edición número XVII de Expogrelo do concello de Abadín, que reuniu a centos de veciños e veciñas da comarca. Esta feira combina a venda deste produto tradicional galego con postos de artesanía, música e outros produtos locais.

Alí, o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, José Luis Cabarcos, puxo en valor a calidade dos grelos desta comarca e animou aos produtores e comercializadores, tanto en fresco como en conserva ou conxelado, a que se inscriban no selo da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Grelos de Galicia.

Segundo destacou, esta indicación xeográfica xerou en 2021 un valor económico estimado de 722.500 euros e comercializou máis de 364 toneladas de produto certificado. Así mesmo, subliñou que o produto amparado pola IXP é a parte vexetativa destinada ao consumo humano procedente de plantas da especie



‘Bassica rapa. L. var. Rapa’, comunemente coñecida como nabo.

Foi este un ano no que se esgotaron todas as existencias moito antes de que rematase a feira, debido tamén á escaseza de produto presentado polo clima deste inverno.

Os socialistas apoiaron a nova edición desta feira, que, sinalan, “pon en valor un produto autóctono e singular da comarca da Terra Chá, e contribúe a promocionar a rica

gastronomía da zona e do conxunto da provincia, ademais de reinvindicar o traballo das familias e singularmente das mulleres que cada ano sacan adiante e traballan este produto típico da cociña tradicional galega”.

Todos os vendedores levaron un agasallo e repartíronse premios a algúns deles, como Marisol Grandío, que levou o galardón á mellor decoración; o Esther Cruña e Argimiro Val.

Os veciños de Moncelos recibiron información sobre a reestruturación

O conselleiro do Medio Rural, José González, e a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, xunto co alcalde de Abadín, José María López, mantiveron unha reunión cos veciños de Moncelos para presentarles a nova concentración parcelaria decretada nesta zona, en setembro do ano pasado. Así, este proceso permitirá reorganizar a estrutura territorial de 813 hectáreas de superficie, beneficiando 630 titulares e cun orzamento previsto de 2,5 millóns de euros.

Neste senso, as parcelarias seguen a ser un dos mellores mecanismos para darlle máis valor ás terras, á vez que permiten aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. Precisamente, na zona de Moncelos veranse beneficiadas desta reorganización territorial preto dunha trintena de explotacións.

O obxectivo da Xunta é seguir decretando novas zonas de concentración parcelaria onde a prioridade sexa, precisamente, a ampliación de base territorial para as agropecuarias.

concellodefriol.es

Un Paseo por el
Corazón Verde
de Galicia

CONCELLO DE
FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

Continúan a bo ritmo as obras do residencial de Saúde Mental



Continúan a bo ritmo as obras da Residencia de Saúde Mental que a Asociación de Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal promove no concello das Pontes, que xa se constrúe na parcela adquirida pola Asociación no lugar de O Feal, na estrada que vai cara o Encoro da Ribeira.

A execución do proxecto terá un importante impacto económico na comarca coa inxección da meirande parte do orzamento da súa construción nas empresas da comarca. Así mesmo, unha vez en marcha, deixará un importe anual de entono a 450.000 euros en custes de funcionamento.

A Unidade Residencial de Saúde Mental cubrirá unha ausencia na área sanitaria de Ferrolterra de recursos para pacientes con trastorno mental severo de longa duración, con importantes limitacións e sen posibilidades de apoio familiar e para os que son insuficientes os pisos protexidos por precisar dun

apoio e supervisión 24 horas diarias.

A apertura desta unidade residencial suporá un gran beneficio para as persoas e as súas familias, que disporán por fin do tipo de asistencia psicosocial que precisaban, sen ter que desprazarse a outras zonas de Galicia.

Terá unha capacidade de 25 prazas, nun total de 1.000 metros cadrados construídos, distribuídos en tres habitacións dobres, 19 individuais, zonas comúns para esparexemento e ocio, zona para taller de actividades, comedor, cociña e almacén, oficinas, e despachos de atención personalizada.

Todo elo coa aparencia dunha vivenda unifamiliar, co obxectivo de que as persoas usuarias podan facer unha vida o máis normalizada posible, en réxime de convivencia familiar, integrada no ámbito comunitario e nun entorno vivo próximo ós servizos sanitarios e sociais.

Ponse en marcha un programa para loitar contra o absentismo

O Concello asinou os convenios de colaboración con Aspanaes e a Residencia A Madalena para poñer en marcha un programa educativo dirixido ao alumnado con perfil abstentista da vila.

O programa ten como obxectivo prioritario que o alumnado adquira coñecementos educativos e valores sociais que leven á modificación da súa conduta no centro educativo, valorando a súa formación e ofrecendo un apoio aos centros de ensino e ás familias.

Así, os centros educativos de secundaria do municipio poderán derivar ao alumnado con perfil abstentista ao programa de atención educativa á infancia e á adolescencia no que se lles ofrecerá apoio socioeducativo.

O alumnado acudirá ás actividades do programa en horario lectivo, os mércores e xoves, para realizar diversas tarefas educativas e os venres acudirá, catro horas, á Residencia da



Madalena ou a residencia de Aspanaes a realizar tarefas de voluntariado baixo a supervisión do persoal do centro.

As entidades sociosanitarias recibirán ao alumnado abstentista, seguindo coas medidas preventivas da Covid referidas a centros hospitalarios e relativas aos centros sociosanita-

rios residenciais de maiores e persoas con discapacidade.

O alumnado que se pode beneficiar deste programa serán rapaces e rapazas que cursen Educación Secundaria Obrigatoria, estean en idade de escolarización obrigatoria e estean empadroados/as no concello das Pontes.

A piscina supera os mil usuarios

A piscina das Pontes, desde o pasado mes de setembro, data da adxudicación do contrato de xestión dos servizos da instalación municipal a unha nova empresa, supera ás 1.000 persoas usuarias.

Así, a piscina municipal conta con 415 persoas abonadas e entre as principais categorías de abonos, 148 son abonos especiais (menores de 18 anos, persoas en situación de desemprego, persoas maiores de 65 anos e persoas con certificado médico de rehabilitación) 127 correspon-

den a abonos familiares (unidades familiares con dúas persoas adultas e fillos/fillas de entre 6 e 17 anos abonados) e 60 son abonos xerais (persoas maiores de 18 anos que poden usara a instalación en calquera horario) asemade hai 9 abonos de uso exclusivo das instalacións en horario de mañá.

Por outra banda son máis de 640 as persoas cursistas inscritas nas actividades de natación programadas na piscina municipal, así son 346 os nenos e nenas que participan nas

escolas de natación (do nivel 1 ao 4), 69 persoas participan nas clases de natación para persoas adultas e son 47 os usuarios e usuarias que participan nas escolas de natación para bebés, nivel cero e poñéndose en marcha, por primeira vez, un curso de natación adaptada dirixido a nenos e nenas menores. Ademais 103 persoas usuarias decantáronse polas clases de pilates, 28 polas clases de aquagym e 23 persoas optaron por adestramento funcional e 13 fixéronse GAP.

RENTA CAR
ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**

Aluguer de:
AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS
TURISMOS

☎ 722 376 219 - 664 797 776
Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

📍 Rúa das Mercadorias, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo
☎ 982 814 147 / 636 462 063
🌐 www.geoclimast.com



As Pontes prolonga os actos do Día da Muller todo o mes de marzo

O Concello das Pontes puxo en marcha a campaña institucional *Clichés, coidado con tragalos* con motivo do Día Internacional da Muller do 8 de marzo, campaña que vén acompañada dun programa que se desenvolverá ao longo de todo o mes. A campaña está composta por vinilos, carteis, camisetas, botes de chicles personalizados cunha trintena de frases estereotipadas, que poñen o foco en mensaxes da vida cotiá e que baixo a etiqueta #eunontrago invitan á veciñanza á reflexión para contribuír a modificar e previr o uso deste tipo de estereotipos sexistas. O material da campaña está presente nos edificios municipais así como nos establecementos comerciais e hostaleiros da vila, sen esquecer a súa presenza na radio local. Ademais da campaña institucional, o Concello organiza outras actividades, tanto para o poboación xeral como para os centros educativos da localidade, dirixidas a concienciar e loitar pola igualdade de xénero. Tras as celebradas os días 7 e 8, quedan pendente para o sábado, 11 de marzo, a partir das 10:00 horas, na Casa Dopeso unha xornada técnica sobre comunicación e igualdade. Trátase dun espazo de reflexión e de-

bate que quere dar a coñecer a importancia do audiovisual e a comunicación nos procesos de socialización e de transmisión de valores, esenciais para rachar cos estereotipos. Xa o día 16 de marzo, a biblioteca municipal Enrique Rivera Rouco acollera, desde ás 18.00 horas, a actividade lúdica Feminismos no tempo. Un xogo composto por 55 cartas a través das que as persoas participantes coñecerán a historia do feminismo. Mentres que o día 18, ás 12.30 horas, haberá un concerto da Banda Cultural e Recreativa das Pontes. A semana do 20 ao 23, o alumnado de quinto e sexto de primaria, participará no escape room Estrelas, unha experiencia de escapismo onde as mulleres máis apaixonantes da historia serán as protagonistas. Por outra banda, nos centros de Educación Secundaria levaranse a cabo diversos obradoiros dirixidos a integrar o concepto de igualdade e proporcionar ao alumnado as ferramentas necesarias para analizar con perspectiva de xénero a música, a publicidade e os estímulos audiovisuais da súa contorna. A programación pecharase o día 23 de marzo cun novo encontro da Rede Pola Igualdade das Pontes.

Máis de 6.300 persoas asistiron ás actividades culturais no 2022



As actividades culturais programadas polo Concello, durante o ano 2022, no salón de actos da Casa Dopeso e o Auditorio Municipal Cine Alovi, congregaron a máis de 6.300 persoas espectadoras. A oferta cultural incluíu un amplo programa de actividades entre as que destacaron as representacións teatrais, os concertos, os espectáculos de maxia e de danza, axustadas a todos os gustos, pensadas para o público de todas as idades con prezos alcanzables. O Concello das Pontes, a través da concellería de Cultura, organizou un total de 42 actividades nos dous espazos culturais municipais e, entre todas as actividades programadas, o espectáculo, con motivo do décimo aniversario, do grupo infantil Pica Pica foi a actividade que logrou atraer a un maior número de persoas espectadoras. Foron 676 as persoas que acudiron ás dúas sesións programadas polo departamento de cultura no mes de febreiro de 2022. Os espectáculos dirixidos ao público infantil e familiar ocuparon un lugar destacado dentro da programación cultural do ano 2022, destacando a xira de Nadal dos Bo-

lechas, as obras *Pinocho*, *Cartoons*, *OH-Pera*, *Distant* ou *Ambulant*, sendo un total de 1.076 as persoas que acudiron ás representacións. Durante o ano 2022 o Concello das Pontes continuou apostando polo teatro galego coas obras *A Lúa vai encuberta*, *As que limpan*, *Cigarreiras* e *Coleccionista*, entre outras. Obras dirixidas e interpretadas por figuras destacadas do panorama teatral da nosa comunidade autónoma e que reuniron a máis de 575 persoas espectadoras. Outro espectáculo que gozou do favor do público, con 426 persoas, enchendo o Auditorio Cine Alovi, foi a Gala de Maxia Internacional na que participaron Dani Polo, Lore Lavand, o Mago Rafa, David Díaz, e o Dúa Kybalion. Os concertos tiveron un importante poder de convocatoria. Preto de 2.300 persoas espectadoras asistiron ás 13 actuacións musicais programadas durante o ano 2022, entre as que destacaron as de Ialma, Annie B Sweet, A Banda da Loba, Borja Quiza e Andrés Balado. Os espectáculos da Escola Municipal de Danza, Baile Moderno e Flamenco foron os triunfadores con 1.000 persoas espectadoras.

María del Carmen Dopico, candidata do PP á Alcaldía

A dirección do Partido Popular na provincia da Coruña avalou a María del Carmen Dopico Rodríguez como candidata do PP no Concello das Pontes nas municipais de maio. Nada nas Pontes (1973), a nova candidata é licenciada en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela e, na actualidade, traballa como farmacéutica inspectora de Saúde Pública da Xunta. No ámbito da política, Dopico formou parte da lista do Partido Popular da provincia da Coruña nas eleccións autonómicas celebradas no ano 2020. Convencida de que As Pontes merece "reactivarse" a nivel social e económico porque está nun "momento crucial" para asentar novos proxectos e crear emprego, "as persoas que somos das Pontes, que vivimos nas Pontes e que sentimos As Pontes como algo moi noso, dóenos moito ver a perda de oportunidades que se está producindo no municipio nos últimos anos".

Juno dará un concerto no mes de abril

O día 29 de abril actuará no auditorio municipal Cine Alovi das Pontes Juno, no seu Limbo Tour. A actuación está prevista ás 19.30 horas e as entradas xa están á venda. No anterior disco, *_BCN6262*, podíamos observar a cotidianidade dunha parella nunha habitación de hotel. A través das súas cancións observabamos e eramos partícipes das vivencias que contaban Zahara e Martí e que nos achegan a súa intimidade. Neste segundo disco, *juno_BCN747*, juno, saen deles mesmos e céntranse no que ven, o mundo que lles rodea.

TIRAMOS A CASA POLA VENTÁ

REBAIXAS 50%

Aforra 198€!

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB

22€ /mes

DURANTE 9 MESES

Ninguén che dá máis por menos!

adamo
A mega fibra

Chama gratis ao 900 651 679

Visítanos en **adamo.es**

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contratasen Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 18/01/2023 e o 30/04/2023, ambos os dous inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST1 + Móbil ilimitado 50 GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 22 €/mes, logo PVP total 44 €/mes. Prezo final con IVE e cota de IVE incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcorrer 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.

Regresa ás Pontes a Mostra de Teatro Amador

Estase a celebrar este mes a II Mostra de Teatro Amador, unha iniciativa posta o ano pasado pola Concellería de Cultura coa finalidade de darlle continuidade ao traballo levado a cabo pola compañía local Quemais-ten Teatro promotora, apostando pola cultura local, apoiando ás pequenas compañías de teatro afeccionado.

A mostra de teatro amador do Concello das Pontes desenvolverase durante os sábados dos meses de marzo e abril, ás 19.00 horas, no Auditorio Municipal Cine Alovi.

Dentro do programa, o grupo de teatro Baluros (Castro de Rei) chegará o día 12 de marzo ás Pontes coa obra *Menciñeiro á forza*. Xa o sábado, 19 de marzo será a quenda para a obra *República Sideral* da compañía de teatro Airiños de Rianxo, unha parodia sobre un hipotético intento independentista da Illa de Arousa na que aparecen caricaturizadas figuras como as de Mola ou Franco.

O último sábado do mes de marzo o público das Pontes poderá gozar da obra *Arsénico por compasión* do grupo El Ruiseñor (Culleredo), a famosa peza de Joseph Kesselring que foi levada ao cinema no seu día por Frank Capra.

A mostra rematará o sábado, 1 de abril coa obra *Baile de Huesos* do grupo de teatro Andanzas de Corcubión, unha comedia dramática e tenra á vez que apela á emoción e á esperanza, cuxo obxecto final é unha invitación á reflexión sobre os valores da nosa existencia.

Todas as funcións estarán presentadas polo actor Juan Anillo, con máis de 30 anos de experiencia en televisión, cine e teatro, destacando o seu traballo no programa Lo + Plus e Mitomanía e participando en películas e curtametraxes como Último parte de Guerra (2002), de Jesús Obón e Carlos Ondiviela, Ana y Colibrí (2003), de Enrique León ou Prototipo (2004), de José Ignacio Simón. As entradas para todas as representacións teatrais estarán á venda na plataforma dixital aspones.sacatuentrada.com e na billeteira do Auditorio Municipal.

Avanzan as obras de reurbanización da praza de América

As obras de reurbanización da praza de América, un proxecto cun orzamento de 569.608 euros financiado pola Deputación da Coruña, avanza a bo ritmo, tal e como puideron comprobar, o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, e o concelleiro de Obras, Pancho Franco.

González Formoso lembrou que se trata dun "proxecto moi ambicioso, a través do que tratamos de recuperar os valores orixinais da praza; o papel protagonista da escola, a súa relación coas rúas perimetrais e o seu carácter de zona de paseo e permítenos, ao mesmo tempo, a creación dun espazo funcional para toda a veciñanza".

Entre os traballos postos en marcha a finais do ano 2022, co obxectivo de voltar á configuración orixinal da praza, procedeu-se á demolición do edificio no que se situaba a biblio-

teca municipal para, a continuación proceder ao movemento de terras para establecer dúas alturas, definindo ás rúas perimetrais o relevo interior da nova praza, assimilar as pendentes existentes e establecendo unha única plataforma á mesma cota.

Rematadas estas tarefas, procedeu-se á execución da conducción das augas pluviais e á execución das canalizacións correspondentes á rede eléctrica. Na actualidade, tras realizar as tarefas de encofrado estanse a extender diferentes losas de formigón sobre as que, posteriormente se colocará o pavimento final, de pedra, e tamén se procedeu á prantación dalgunhas especies arbóreas.

Así, ao nivel da Avenida da Coruña a praza disporá dun espazo diáfano totalmente libre de obstáculos,



configurado como unha área para acoller diferentes tipos de eventos mentres que unha aliñación de arborado definirá sutilmente o límite entre o espazo da rúa e o ámbito da praza.

No lateral leste, a área que xurde da prolongación do espazo público da rúa Castela, estará concebido como unha ampla ladeira verde mentres que no ámbito intermedio, vencellado coa rúa Ramón Cabanillas, a praza contará cunha zona de paseo protexida do ruído e do tráfico na que se crearán recunchos de estancia cun carácter máis intimista, reinterpretando o 'Paseo dos Americanos' e que estará franqueada por unha banda verde que resolverá a diferenza de cota.

PARDO BAZÁN. O Concello investirá 225.647 euros, provenientes da Deputación da Coruña, na segunda fase das obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa Pardo Bazán.

A execución deste proxecto permitirá mellorar a accesibilidade da zona e a seguridade viaria, cumprindo coa normativa vixente e planificando un sentido único de circulación por mor do estreitamento do viario, entre a beirarrúa e a zona do tráfico rodado, optando pola mesma solución estrutural e estética desenvolvida na primeira fase e noutras zonas do casco urbano, eliminando os desniveis.

As obras inclúen a execución dun novo sistema de saneamento, a substitución de firmes e pavimentos e a instalación de mobiliario.

As Pontes aproba os proxectos financiados pola POS 2023

O Pleno aprobou por unanimidade os proxectos que serán financiados pola Deputación da Coruña a través do Plan de Obras e Servizos (POS 2023) que suporán un investimento de 1.823.328 euros.

A achega inclúe tres partidas, unha de 498.608 euros do ano 2023, outra do 2022 cunha contía de 258.580 euros e unha última partida de 1.066.139,69 euros correspondente ao POS Complementario 2023, que permitirán executar 15 proxectos.

A través da achega provincial 2023 para o financiamento e subministracións vanse levar a cabo tres actuacións entre as que se atopan a segunda fase das obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa Pardo Bazán, cun orzamento de 225.647 euros, tamén se executará a mellora da pavimentación e servizos na rúa

Pontedeume, un proxecto valorado en 206.381 euros e levarase a cabo a reparación e mellora do firme en Paipaz e as Gañidoiras cun orzamento de 66.579 euros.

Por outra banda, da asignación da achega do ano 2022 destinaranse 166.538 euros para a reposición de servizos e pavimentos na avenida da Habana, entre o número 99 e o cruce coa rúa Cabanas, adicaranse 60.164 euros á mellora de pavimentos no camiño de Cabeza dos Fornos e Casas Ermas. Así mesmo, investiranse 31.878 euros na mellora e reposición do firme nos Candedos.

O pleno municipal tamén aprobou o POS Complementario, que suporá un investimento de 1.066.139 euros que se destinarán a nove actuacións entre as que se atopan o proxecto básico e de execución de renovación



do pavimento e melloras de utilización na Rúa Real (fase 2) cun orzamento de 89.518 euros así como a mellora de servizos e pavimentos na avenida de Lugo, entre os números 21 e 45, valorada en 165.341 euros, e a renovación urbana na avenida das Campeiras (fase 2), proxecto valorado en 112.041 euros.

Destinarase unha partida de 109.053 euros ao proxecto básico e de execución de mellora de servizos e pavimentos na rúa da Balsa (fase

2) e unha partida de 222.449 euros irá destinada á mellora de pavimentación e servizos na rúa do Sol e outra de 38.408 euros dedicarse ao proxecto de reparación e mellora do firme no Cameleiro.

Investiranse 113.730 euros en San Xoán do Freixo, coa reparación da capa de rodaxe nos viarios de O Rego, O Couce e O Castro. Ademais adicaranse 179.465 euros a mellora da beirarrúa e servizos, na marxe deireita, da rúa Rego do Muíño.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Reforzan a seguridade con máis axentes da Garda Civil e da Policía

As Pontes contará con máis axentes da Garda Civil, un incremento motivado pola solicitude do Concello co obxectivo de intensificar as medidas de vixilancia e prevención no municipio.

Así, está previsto un incremento do 20% do cadro actual, que permitirá realizar unha media de 180 patrullas máis ao ano, segundo expuxo o mando da Garda Civil durante a sesión extraordinaria da Xunta Local de Seguridade celebrada esta semana, presidida polo alcalde das Pontes, Valentín González Formoso e na que tamén participaron a subdelegada do Goberno na provincia da Coruña, María Rivas, o concelleiro de Seguridade, José Ramón Alonso, concelleira de Benestar Social, Tania Pardo, a concelleira de Industria, Ana Pena, así como mandos da Garda Civil, do Corpo Autonómico da Policía, da Policía Local e de Protección Civil e representantes das asociacións empresariais locais, Cohempo e Seara. Así mesmo, o rexedor local apuntou que desde o Concello das Pontes, co mesmo obxectivo, está previsto reforzar o actual cadro de policía locais, integrado por 7 axentes. “Xa está iniciado o expediente de contratación de tres novas prazas de policía local e ademais daremos continuidade ás contratacións de auxiliares de policía, tal e como fixemos nos anos anteriores.”

Por outra banda, durante esta reunión os mandos da Garda Civil expuxeron as cifras de evolución da seguridade cidadá e a convivencia no termo municipal das Pontes así como propostas de medidas para abordar os problemas detectados. Así deuse a coñecer a tipoloxía dos delitos e a taxa de criminalidade do municipio. Os delitos contra o patrimonio ascenderon a 26 durante o



ano 2022, os delitos contra as persoas, entre os que se inclúen delitos de violencia de xénero, foron nove mentres que os delitos contra a seguridade colectiva (incendios forestais e delitos contra a seguridade do tráfico) o número ascenden a 13. En relación a criminalidade, As Pontes ten una taxa de 13 delitos ao ano por cada mil habitantes, case un terzo da taxa media de criminalidade da provincia e que sitúan a As Pontes como un concello seguro.

POLICÍA LOCAL. O Concello das Pontes ven de poñer en marcha o proceso selectivo para a contratación, a través de oposición libre, de dous axentes de policía local, correspondentes ao grupo C, subgrupo C1. As persoas aspirantes deben reunir, entre outros, os seguintes requisitos: posuír a nacionalidade española, ter cumpridos os 18 anos e estar en posesión do título de bacheler ou técnico, título de graduado escolar ou equivalente así como os permisos de conducir das clases A2 e B e diploma ou certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 4 ou equivalente

Ter unha estatura mínima de 165 cm os homes e 160 cm as mulleres, non padecer enfermidade ou eiva física

que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo; acreditar, mediante un informe médico, as condicións físicas suficientes para a realización dos exercicios físicos da proba da oposición, ademais de que non se padece, enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Así mesmo deben posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto, non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial así como non estar comprendido/a en ningunha clase de incompatibilidade.

O sistema de selección será o de oposición libre e constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte as persoas aspirantes que non acadasen a cualificación mínima establecida para cada un deles. As instancias poden presentarse, tras a publicación das bases da convocatoria no BOE, obrigatoriamente a través da sede electrónica do Concello das Pontes.

As Pontes impulsa o crecemento socioeconómico da comarca

A Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (Cofer) presentou o Informe socioeconómico das tres comarcas, elaborado pola confederación co apoio económico do Igape e no que as Pontes lidera o crecemento. Segundo os datos, de 2020, Produto Interior Bruto só creceu nos últimos anos na comarca de Eume, un 43%, mentres que diminuíu un 1% na de Ferrol e un 5% na de Ortegal. O maior crecemento do PIB rexistrouse nas Pontes, cun incremento do 62%.

A contribución do PIB das tres comarcas á comunidade galega está en liña coa súa representación po- boacional: supón un 7%. E en canto ao PIB por habitante o máis alto está na comarca do Eume, onde subiu un 54%, seguido de Ferrol (un 5% máis) e de Ortegal, onde o crecemento foi superior ao de Ferrol (10% máis).

A rama de actividade que, no conxunto das tres comarcas que compoñen o ámbito de actuación de Cofer, máis achega ao Valor Agre-

gado Bruto de Galicia é o sector da enerxía, subministración de auga e xestión de residuos, cun 25,20%, superando con moito o resto de sectores, que roldan o 7%. Destaca neste sentido o crecemento do sector da madeira, papel e moble que, a pesar de que só representa o 1% do VAB de Galicia subiu un 30% nos últimos anos.

Outro dato que se analiza no informe é a renda dispoñible bruta por habitante. Mentres que en Galicia esta cifra está en 15.863 euros, na comarca do Eume é superior (16.004 euros), en Ferrol atópase algo por baixo (15.534 euros) e en Ortegal é tamén inferior (13.882 euros). Aínda así foi nesta comarca onde máis subiu nos últimos anos, un 79%.

O estudo rexistra unha importante perda de habitantes, especialmente preocupante no caso de Ortegal, onde diminuíu máis: un 10% nunha década, moito máis que en Ferrol (-4,20%) e Eume (-3,80%) e moi lonxe do -1,34% da media galega.



FEIRA DO GRELO. A Feira do Grelo das Pontes, que chegaba nesta ocasión á súa XLII edición, rematou cun éxito de venda e esgotando existencias ademais dun esperado éxito de público. A carpa posta para tal efecto no patio do colexio Santa María acolleu un continuo ir e vir de persoas para facerse con este produto tan típico de Entroido e que trouxeron os 17 produtores que finalmente concorriron ao tradicional concurso de cestas.

ZAFIRO TOURS VILALBA

¡YA HA LLEGADO LA VENTA ANTICIPADA DE VERANO! CONSÚLTANOS PRECIOS

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

HONDA CRF300L LISTA PARA CARRETERAS Y SENDEROS

Motolugo CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

Camiño Real, 125. 27004 Lugo - Telf: 982 21 57 31 - Móvil: 698 17 91 81

O Concello das Pontes inviste

O equipo de Goberno puxo en marcha diferentes actuacións de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade en viarios e infraestruturas municipais

URBANISMO

A principal finalidade das actuacións levadas a cabo nas Pontes pasou por investir nas rúas e arterias urbanas para modernizar os servizos e facelas máis accesibles creando contornas seguras.

Entre outras moitas actuacións levouse a cabo a da **avenida de Ortigueira**, na que se iniciaron as obras da primeira fase de mellora de pavimento e servizos que permitiu eliminar o desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas. Ademais, procedeuse á mellora dos servizos de iluminación e saneamento.

Actuouse nas mesmas circunstancias na **avenida da Habana**, para uns servizos básicos e dotar á mesma de mobiliario urbano axeitado.

Ao mesmo tempo chegaron ao final as obras da cuarta fase da **avenida de Galicia**, na que faltaba a substitución da capa de rodadura existente por aglomerado impreso para aumentar a seguridade e comodidade do viario. Aquí tamén foi fundamental a obra de eliminación do nivel existente entre a estrada e as beirarrúas. Na **rúa Casillas** tamén se actuou na marxe dereita, dando resposta á demanda da veciñanza para impulsar a contorna, eliminar as barreiras arquitectónicas

e mellorar a mobilidade. Outras das actuacións foi na **avenida das Campeiras**, onde se renovaron servizos coa incorporación da fibra óptica e fíxose un sobreancho na beirarrúa cara a zona de aparcadoiros, de xeito que se permita a circulación dos peóns.

Tamén se reabriu a **praza da Magdalena** tras a finalización das obras de reurbanización deste espazo público e a súa contorna, orientadas a revitalizar unha zona emblemática do poboado, que tiveron como obxectivo prioritario recuperar o espírito orixinal da praza e o seu carácter como punto de encontro dos veciños e as veciñas, mediante a creación de zonas verdes, unha área de xogo infantil e a renovación dos servizos públicos.

Unha das obras destacadas foi a mellora da accesibilidade e humanización da contorna do **cemiterio dos Alimpadoiros** coa creación de dúas ramplas simétricas, en forma de L, deixando dous tramos de escaleiras centrais. Os centros de ensino tamén reciben atención coas obras de mellora da accesibilidade, pavimentación e saneamento do **calello de acceso ao CEIP A Fraga**, nos traballos de cobertura da zona de entrada ao **CEIP A Magdalena** e as obras de mellora das infraestruturas e equipamento da **escola**

infantil municipal A Barosa.

Unha das grandes obras de humanización está a ser a reurbanización da **praza de América**, un ambicioso proxecto que devolverá o papel protagonista da escola ou a relación coas rúas perimetrais e o carácter de paseo do coñecido na vila como 'Paseo dos Americanos'. A obra implicou a demolición do edificio da antiga biblioteca municipal para crear un espazo diáfano.

DEPORTE

Nas Pontes fíxose tamén un importante investimento en instalacións deportivas coa creación, por exemplo, de dúas estacións de **lavado e posta a punto de bicicletas**, asentadas na rúa Casilla, ao carón da praza da Lembranza e na rúa 8 de marzo, próxima ás pistas de pádel.

Unha das grandes obras a nivel deportivo foi a transformación integral da **piscina municipal**. Os traballos permitiron a adaptación e remodelación dos vestiarios, da zona destinada ao ximnasio así como a favorecer as condicións de accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida.

Fíxose tamén unha remodelación dos diferentes pavillóns, como o **Polideportivo**, para acadar a eficiencia enerxética da envolvente térmica mediante a reforma dos seus peches a través de actuacións en fachadas, cubertas e chans así como a reforma das instalacións de iluminación interior e a produción de enerxía aeroterminia para calefacción, auga quente sanitaria (ACS) e a refrixeración do edificio.

Fíxose así mesmo unha reforma importante no **Monte Caxado**, que se centrou no acondicionamento interior.

Por outra banda, deuse unha nova cara ao **ximnasio do CEIP A Magdalena** para destinalo ao desenvolvemento de diversas actividades deportivas promovidas polo Concello.



na accesibilidade da veciñanza



PARROQUIAS

Xunto coa vila, tamén se destinou un importante investimento ás parroquias. As comunicacións son un dos eixos principais na vida do rural polo que se atendeu a este punto con numerosas actuacións. Así, entre outras moitas comezaron as obras de mellora dos **camiños municipais** en Veiga da Nata, uns traballos encamiñados á rehabilitación dos viarios para dotalos dunha óptima calidade, tanto estrutural como superficial, para aumentar a súa seguridade e facer máis cómoda a circulación. Os proxectos inclúen a limpeza das marxes e cunetas, o arranxo das zonas afundidas, aglomerado, reposición de sinalización e pintado.

Na mesma liña actuouse noutras moitas zonas como nos camiños municipais en Porto de Frades, A Carballeira e o Cameleiro. Tamén se traballou no camiño municipal de Couce Seco, na parroquia do Freixo. E licitáronse obras de mellora nos camiños municipais en O Ramallal, O Caxado, A Castiñeira, As Lamelas, Pazos e Serrón tamén co obxectivo de dotalos dunha maior calidade e seguridade para vehículos e peóns.

No relativo ás vías, tamén se acometeu a obra de mellora de servizos e seguridade viaria nas dúas marxes da AC 564 ao seu paso por Goente. Esta obra permitiu a reposición dos actuais servizos de saneamento, abastecemento e iluminación.

Pero nas parroquias tamén se actuou para crear ou mellorar novas infraestruturas, é o caso do **parque infantil de Ribadeume**, unha actuación que permitiu a mellora do pavimento e a renovación dos

elementos de xogo coa extensión dunha nova capa de pavimento continuo, a base de céspede artificial así como a instalación dun novo cerramento do recinto con valado de madeira.

Tamén se realizaron as obras de mellora do **sistema de saneamento en Espiñaredo**, unha actuación que permite ademais evitar os vertidos superficiais. Os traballos consistiron na execución da prolongación do colector conectado ao pozo existente, cruzando a vía AC-110, para o que foi preciso realizar unha perforación

Apostouse
pola renovación
de rúas e
infraestruturas
deportivas na
vila, nas
parroquias e na
zona do
Lago

horizontal dirixida desde o pozo de rexistro de entrada ata unha fosa séptica con tratamento de augas residuais.

Tamén se investiu na **rehabilitación da Escola Unitaria do Paraño**, obra na que se recuperou o antigo inmoble para usos sociais, respectando a súa identidade tipolóxica pero adecuándoo ás esixencias construtivas, de accesibilidade, seguridade e eficien-

cia enerxética, que marcan as normativas, así como ao seu novo uso. Incluíu o acondicionamento exterior do edificio por medio de actuacións na fachada, a cuberta e os chans así como no seu interior por medio da creación dunha ampla sala de reunións, aseos e unha zona de servizos complementarios.

Interveuse tamén no acondicionamento do exterior do **local social da Asociación de Veciños de San Pedro de Eume**.

O proxecto permitiu a execución dun soportal exterior, na parte posterior do edificio que permitirá albergar as diferentes actividades e reunións que levan a cabo no local social.

LAGO

Un dos puntos de amplo desenvolvemento social e turístico é o lago, onde se realizaron varias obras para converter a zona nun dos puntos de reunión da veciñanza para os momentos de ocio. Instalouse **unha pista de area** destinada á práctica de múltiples disciplinas deportivas que conta cun perímetro de 41x34 metros e unha superficie dunha capa nivelada de 40 cm de espesor de area fina. Estas características permiten que se adecúe á normativa establecida para todas as disciplinas deportivas.

Esta pista localízase no espazo sur da zona recreativa do lago.

O Concello tamén construíu no Lago das Pontes **unha senda de acceso peonil**, no espazo verde dentro da zona de servidume do lago, para mellorar as condicións de accesibilidade ao areal.

As obras fixéronse sobre a cuneta existente, mediante a instalación dunha lousa de formigón e pavimento de plástico reciclado.

Unha das últimas actuacións foi a creación dunha **área de autocaravanas**. Unha actuación que ten como obxectivo mellorar e maximizar o potencial turístico do municipio poñendo á disposición das persoas que visitan As Pontes novos servizos e infraestruturas. Está localizada na rúa Blanco Amor, e está formada por unha plataforma, cun pavimento similar ao existente, onde se aparcarán as autocaravanas no momento de facer o autoservizo e inclúe novas conducións para o abastecemento de augas, con billas para lavado e para o subministro de auga potable para uso persoal.



Inician na localidade a instalación de fibra óptica no rural

O municipio poderá contar con fibra en todo o seu rural a finais de este ano 2023, se todo marcha segundo o previsto. A empresa Extel, que é a adxudicataria do proxecto en cuestión, será a encargada de facer todo o proceso ata a fase final, na que se realizará o desenvolvemento da enxeñaría facendo as interconexións dentro de cada parroquia, e tamén entre as diferentes parroquias.

O que se está facendo agora é o replanteo, para ver a infraestrutura existente que se poida aproveitar para facer o despliegue da fibra, como é o tendido do alumeadado público ou o de Fenosa.

Os primeiros traballos que se están realizando xa abarcan a case cen barrios das parroquias de Carlín, Bra, Anxeriz, Seixón, Miraz, Anafreita, Nodar, Roimil, Rocha, Silvela, Carballo, Xiá, Condes, San Cibrao, etc. Dende que se empezaran os traballos xa levan cuberta algo máis de unha cuarta parte do territorio.

Celebran en abril un curso de informática para maiores

O Concello de Friol organiza unhas sesións de informática para maiores que se desenvolverán a partir do 5 de abril. Trátase de sesión nas que se darán as nocións básicas para desenvolverse na nova tecnoloxía con adaptación ás persoas maiores.

As clases terán lugar todos os mércores de 16.30 a 19.30 horas no propio Concello. As persoas interesadas en asistir deben inscribirse antes do 29 de marzo a través do correo cultural@concellodefriol.es.

José A. Santos repetirá como alcaldable polo PP



José Ángel Santos volverá liderar a candidatura do Partido Popular nas eleccións municipais do próximo 28 de maio, aspirando a un novo mandato á fronte da Alcaldía do Concello de Friol que ocupa desde 2015. Santos é alcalde dende o ano 2015, deputado provincial, presidente de GDR 4 e vicesecretario de Concellos Rurais do PPdeG.

Marca como obxectivo “seguir consolidando Friol como un concello atractivo para investir e vivir, creando novas oportunidades de emprego e crecemento socioeconómico”.

A dirección provincial destaca o apoio do electorado de Friol ao PP e o apoio ao traballo do actual representante e do seu equipo que repetiron en 2019 maioría absoluta, aumentando a confianza do 64,21% ao ano 2015 a case o 82%; “O mellor resultado do Partido Popular, remarcan, somos os Concellos da provincia”.

O popular, que forma parte do goberno local desde 2007, é

deputado provincial do PP polo partido xudicial de Lugo na Deputación e presidente do GDR 4 Comarca de Lugo. Tamén preside o grupo local do PP de Friol, forma parte da xunta directiva do Partido Popular da provincia e do PPdeG, onde ademais, é vicesecretario de Concellos Rurais. Neste sentido, destaca que se presenta “con máis forza que nunca” e co obxectivo de “seguir consolidando Friol como un municipio atractivo para investir e vivir, xerando novas oportunidades de emprego e crecemento socioeconómico”. É dicir, “Friol é un concello de referencia da provincia de Lugo”, asegura.

“O equipo de goberno leva oito anos traballando, facendo posible que aquí as empresas se asenten e mesmo gañando poboación”. Abonda con dicir, “o impacto que está a ter Friol no sector primario e empresarial, onde somos capaces de ser un efecto chamada para a implantación de novas empresas e proxectos innovadores en ambos sectores”.



Friol ten unha cita o 26 co queixo e o pan de Ousá

Será a primeira como Festa de Interese Turístico

O domingo 26 de marzo, Friol converterase un ano máis na capital galega do Queixo e do Pan de Ousá e farano nesta ocasión como Festa de Interese Turístico de Galicia, tras obter o distintivo no mes de abril do ano pasado.

A celebración chega á súa 29ª edición e novamente volverá contar coa participación de preto de 90 queixeiros que expoñerán unhas 14.000 pezas de queixos e tamén haberá 5 panaderías de Ousá presentando os seus produtos e cunha previsión de máis de 4.000 pezas de pan expostas.

O Queixo de Friol e o Pan de Ousá son dous produtos totalmente artesáns. Ambos están elaborados coas mellores materias primas do municipio, e contan cun elemento fundamental para conseguir a calidade pola que se caracterizan, que é “o cariño que as nosas queixeiros e os nosos panadeiros e panadeiras amosan no momento da súa elaboración”, dixo Santos.

O eixo principal da Feira volverá situarse nunha grande carpa ubica-

da na praza Andón Cebreiro para a exposición dos produtos. Arredor da carpa instalaranse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio. E na praza Rosalía de Castro estarán expostos produtos de diferentes sectores, como por exemplo artesanía, textil, distintos tipos de viños, sidras ou licores.

As rúas Deputación e Santa Isabel permanecerán pechadas ao tráfico, dado que estarán destinadas á montaxe de polberías e de tendas ambulantes.

O programa da Feira darase a coñecer o luns 13 de marzo, ao igual que o cartel do evento. Aínda que non se coñece o contido do mesmo si adiantaron desde a organización que seguirá a liña de anos anteriores e haberá algunha sorpresa máis. Abrirá as súas portas a primeira hora da mañá e poderá visitarse durante toda a mañá, aínda que a festa non decaerá pola tarde. Non faltarán a música das charangas e dun grupo folk para rematar o día ao son dunha orquestra.

SOMOS LOS ÚNICOS FABRICANTES DE COLCHONES A MEDIDA EN LUGO
Fabricamos todo tipo de colchones, en todas las medidas para caravanas, camiones...
¡A PRECIOS DE FÁBRICA!

Tolda de Meilán, 23 (Ctra. Coruña, detrás de Comercial Cereijo) Lugo. Tel.: 982 265 248

VISITANOS TAMBIÉN EN SARRIA
 Calvo Sotelo, 14 Bajo - Sarria (Lugo). Tel.: 627 474 777

www.dormeenflex.es

ebos
 OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Ponte 65 baixo
 VILALBA
 T.: 982 523 499 / 623 552 876
 ebosobradoirodoce@gmail.com
 Facebook: EBOS Obreroiro Doce

O Concello friolés fixo entrega ao CPI local de equipamento infantil



O Concello de Friol, a través do seu alcalde Jose Ángel Santos, fixo entrega dun lote de material, para que o equipo de profesionais da etapa de infantil poida traballar mellor a psicomotricidade cos nenos e nenas do CPI Doutor López Suárez de Friol. Na entrega do material estivo presente Felipe Barata, director do centro educativo, e Patricia Prieto, coordinadora do equipo de Infantil de Friol.

Ese lote de material está composto

por un conxunto de tobogán, prisma rectangular, prisma ondulado, rampa de escalada, balancín arco, túnel de reptación redondo, arco túnel, pasillo semicilíndrico recto e curvo, entre outras cousas.

O alumnado de infantil xa fixo uso de parte de este novo equipamento, e ademais de desfrutar moito, servíralles para traballar a psicomotricidade, que tan importante é en esta etapa da vida dos nosos nenos e nenas.

O GES conta cun novo furgón de servizos varios

O GES de Friol conta cun novo vehículo, valorado en 150.000 euros, co que poderá facer un mellor e máis rápido traballo en caso de ser necesario intervir en calquera dos cinco concellos aos que dan cobertura os doce profesionais que nel traballan. Os municipios que cubre este grupo son os de Friol (onde está a sede), Begonte, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei.

Fíxose entrega de seis furgóns, por parte da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Emerxencias, aos grupos de emerxencias de Friol, Mugardos, Padrón, Ortigueira, A Gudiña e A Veiga. Por parte do Concello de Friol, a persoa encargada de recibir este vehículo, foi o coordinador do GES, e concelleiro de Friol, Enrique Barreiro.

Este Furgón de Servizos Varios de primeira saída con tracción 4x4, permitirá tanto o transporte de auga para extinción de pequenos incendios, como o transporte de

material para servizos varios para intervención en zonas de difícil acceso debido a tipoloxía de firme, pendente ou estreiteza das vías de paso.

Ademais, este furgón, trae un equipamento auxiliar individual, moi útil para os traballos que realiza o persoal encargado de estes Grupos de Emerxencias. Entre outras cousas aportan un ventilador portátil con batería, unha serra sabre a batería, un trade combinado a batería, dúas lanzas profesionais tipo pistola, dous batelumes extensibles, un facho de goteo, lanternas, focos, cámara térmica, mochilas extintoras, escaleira extensible, bomba eléctrica somerxible, equipo de bomba de alta presión e kit de material diverso específico de rescate en altura.

Todo este material será moi útil para que as intervencións que teñen que facer estes profesionais sexa o máis rápida, boa e segura, para todas as persoas implicadas.

Ada Blanco será a candidata do BNG á Alcaldía de Friol

O Bloque Nacionalista Galego en Friol celebrou unha asemblea, para decidir quen será a persoa designada para encabezar a candidatura da organización nas vindeiras eleccións municipais de maio.

A asemblea decidiu, por unanimidade, que sexa Ada Blanco Rodríguez. Unha muller de 19 anos, natural da parroquia de Condes e traballadora da explotación familiar de leite en ecolóxico.

Ada Blanco, candidata do BNG, declarou “asumo este reto con toda a ilusión de poder traballar para mellorar Friol, e o BNG está preparado para poder acadar de novo a representación no Concello”.

De igual xeito, Ada Blanco subliñou “temos confianza na capacidade de Friol para poder traballar e vivir aquí, desde o rural temos un milleiro de oportunidades de xerar futuro e que a xente moza, coma min, vexa con esperanza un proxecto de vida e traballo desde aquí, por iso, saímos a por todas”.

Organizan unha ruta a cabalo para o 1 de abril á Cova da Serpe

Un grupo de veciños de Friol vén de organizar unha ruta a cabalo que se desenvolverá o próximo 1 de abril cun percorrido dende o campo da festa de San Mamede de Nodar ata a Cova da Serpe. A saída desta actividade, que está aberta a toda a poboación, será ás 10.30 horas facéndose unha parada con petiscos cando se chegue á cova.

Regresárase para xantar no Bar Miragaya, a partir das 14.30 horas, un menú a base de callos, carne asada

con patacas, pan, bebida, café e chupito por un prezo de 16 euros.

As persoas interesadas en asistir poden anotarse antes do día 26 nos teléfonos 622 862 488 ou no 629 101 171. Farase un sorteo despois do xantar entre todos os asistentes.

Esta proba, que non ten carácter competitivo, consiste nun paseo a cabalo no que poden participar todos os que queiran sempre que se fagan responsables do seu propio animal.

Visita da Valedora do Pobo

O concello recibiu a visita da Valedora do Pobo de Galicia este venres. Reuníuse co alcalde Jose Ángel Santos para falar das necesidades do medio rural e para intercambiar opinións de diferentes cuestións relacionadas con ambas institucións. María Dolores Fernández trasladoulle ao alcalde que non recibiron ningunha queixa dende este concello, feito que resalta como positivo.

A Valedora do Pobo é unha das institucións básicas e máis emblemáticas de cantas recolle o Estatuto de

Autonomía de Galicia. No contexto de unha Comunidade Autónoma nacente, o lexislador quixo crear un mecanismo de control (figura estatutariamente relevante) dos dereitos da cidadanía galega e de supervisión dos defectos máis comúns da administración autonómica.

O alcalde agradeceu a Dolores Fernández “que quixera interesarse por Friol e que nos visitara aquí para ver as necesidades que poidamos ter, e trasladarllas así de forma directa”.



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Loures

EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

Inician as obras da senda peonil no paseo dos Sete Muíños



A Deputación vén de iniciar os traballos para a creación dunha senda peonil e mellora do firme no Paseo dos Sete Muíños. As obras afectan a preto do primeiro quilómetro desta vía, a LU-P-2304, que conecta o centro urbano co espazo de lecer Sete Muíños e contan cun investimento da institución provincial de máis de 110.200€.

Concretamente, estes traballos consistirán na drenaxe da cuneta da marxe esquerda da rúa, a dotación dun sistema de desaugue, a construción dun paseo que dará continuidade á beirarrúa existente, a mellora do firme e a sinalización. O presidente, José Tomé Roca, subliñou que se trata dunha actuación moi importante para Guitiriz porque esta vía dá servizo ó espazo

de lecer Sete Muíños, polo que é moi empregada tanto pola veciñanza como polos visitantes que se achegan a este concello. Esta obra, adxudicada á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, ten un prazo de execución de dous meses e vén a complementar o traballo que o Concello de Guitiriz e a súa Alcaldesa, Marisol Morandeira, está a cometer no municipio para mellorar a seguridade e a humanización. De feito, o presidente da Deputación e a alcaldesa asinaron a finais do ano pasado un convenio de colaboración para investir outros máis de 100.000€ para dotar á rúa Manuel María doutra senda peonil que mellorará a accesibilidade da contorna e que está en fase de contratación.

O Concello avanza no proxecto de humanización da travesía da N-6

A alcaldesa, Marisol Morandeira, reuniuse coa subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, para continuar avanzando no proxecto de humanización da travesía urbana da N-6 ao seu paso por Guitiriz. Deste modo, acordaron a construción de varios pasos de peóns seguros e o acondicionamento do tramo urbano desta zona, coa dotación de beirarrúas, en especial no treito entre o parque infantil e o fin do percorrido da estrada estatal sentido A Coruña. Marisol Morandeira agradeceu “a predisposición amosada pola subdelegada para axilizar o máximo posible os trámites e que este proxecto sexa realidade o antes posible” e explicou que “logo solicitaremos a transferencia deste tramo co obxectivo é mellorar e axilizar as diferentes xestións aos veciños”.

“O obxectivo da transferencia é concentrar todos os trámites no Concello xa que na actualidade calquera obra, grande ou pequena, a facer nos edificios require da autorización municipal e estatal, co conseguinte retraso que isto significa. Así, todos os particulares terán o mesmo tratamento independentemente de en



que rúa se atopen”, afirmou.

Morandeira sinalou que “por outra banda, tamén beneficiará aos negocios de hostalería xa que poderán enmarcarse dentro da ordenanza de terrazas que ten previsto aprobar o goberno local e non terían que adaptarse á estrita normativa estatal”. Isabel Rodríguez reafirmou o compromiso do Goberno con estas actuacións e trasladoulle á alcaldesa que a unidade de Estradas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana xa está a traballar para sacar adiante o proxecto e realizar as melloras solicitadas na reunión, “proporcionándolles aos veciños e veciñas de Guitiriz unha

estrada máis cómoda e segura”.

Ademais, a subdelegada deu conta da actuación feita polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana nos pasos de peóns situados fronte ao Gadis e á oficina de Correos para mellorar a seguridade viaria dos peóns.

No encontro, celebrado na Subdelegación do Goberno, Isabel Rodríguez e Marisol Morandeira, tamén analizaron as posibilidades de colaboración entre as dúas administracións e trataron temas referidos a seguridade. Ademais, a subdelegada e a alcaldesa acordaron planificar a próxima convocatoria da Xunta Local de Seguridade Cidadá do concello.

Monólogo polo 8M

O Concello de Guitiriz conmemorou o 8M, Día da Muller, cunha manifestación para darlle visibilidade á loita pola igualdade de dereitos e a importancia de estender na sociedade os valores do feminismo e unha obra teatral.

Pero non será o único acto que organize xa que o venres 31 de marzo, a Casa Habanera acollerá *A síndrome de Lis*, un monólogo teatralizado escrito e dirixido por Diana López Varela e interpretado por Rocío Barrio. A actuación terá dous pases: un para o público en xeral e outro para o alumnado do IES Poeta Díaz Castro.



NOVAS GRADAS. O estadio de fútbol Suso Cruz ofrece unha nova imaxe para os amantes do deporte rei. O Concello fíxose cargo da instalación de asentos nas bancadas do público, que están en hormigón. Ademais, coas dúas cores empregadas fíxeron o nome do concello, visible dende o campo. O orzamento foi de 7.984 euros.

Abre o prazo para a inscrición nos campamentos de verán

O Concello abriu o prazo de inscrición dirixido a persoas empadroadas no municipio para anotarse nos campamentos municipais de verán do mes de xullo. A oferta, dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos 2007 e 2015 (ambos incluídos), levarase a cabo do 3 ao 7 de xullo e inclúe unha visita ao Aquapark de Cerceda (3 de xullo), surf e kaiak na mariña lucense (4 de xullo) e actividades na estación de montaña de Manzaneda (do 5 ao 7 de xullo). As persoas empadroadas teñen ata

o 17 de marzo para anotarse e, se quedan prazas libres, abrírase outra quenda, do 20 ao 24, para os non empadroados. A inscrición pode realizarse de forma presencial no Rexistro ou a través da sede electrónica. As prazas son limitadas, tendo que formarse un grupo mínimo de 25 persoas para realizar a actividade e cun límite de 40 participantes.

O prezo do campamento completo para empadroados é de 120 euros, un importe que xa incorpora un desconto asumido polo Concello.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA

ATA

HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
ALCO
COMPARTIR TAPAS

NUESTRA CARTA
RACIONES
FICHAS REVUELTAS
FRIGORIFICO CONGELADO
DE BARRIL
ALCO
PICAR
SABOREAR
TORTILLAS
PATATAS
RAXO

NUESTROS DELICIOSOS

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

“Os nosos puntos fortes son a atención, a reparación e o servizo posvenda”

Antonio e Daniel Veres son os responsables de Agrícola Veres, situada en Guitiriz

Cando nace a empresa?

Comezamos no ano 1987 como unha empresa de recambios e produtos de maquinaria agrícola. Empezamos traballando nun local pequeno duns 100 metros cadrados e de aí trasladámonos a onde estamos agora, unha nave máis grande na que montamos un taller de reparación, venda de maquinaria agrícola e xardinería.

Nos primeiros anos a empresa era una sociedade, eramos dous socios e tiñamos dous centros de traballo, un en Lugo e outro aquí en Guitiriz. No ano 2015 iso cambiou e eu quedeime co local de Guitiriz e pasei dunha sociedade a unha persoa física, pero os traballadores, as instalacións e servizo técnico mantivemos o mesmo, sen cambios.

Naquel momento incorporamos algúns elementos que antes non tiñamos como a marca Stihl e actualmente traballamos de todo pero en vendas estamos máis enfocados a xardinería e maquinaria pequena, recambios e taller de reparación e servizo técnico.

En que consiste o servizo posvenda?

O servizo posvenda consiste en que nós traballamos a venda de maquinaria, pero non exclusivamente, ofrecemos un servizo de reparación en taller e servizo técnico. A nosa relación co cliente non remata coa venda dun produto e non dependemos de terceiras persoas para realizar o servizo técnico dos produtos que vendemos.

Cales son as claves para manterse

tantos anos abertos?

Os nosos puntos fortes como empresa son o traballo constante, o servizo ao cliente, que é moi importante, e as reparación e o servizo posvenda. Hoxe en día os clientes demandan algo máis que a venda, queren tamén un servizo de acompañamento posterior. Dar este servizo de taller a longo prazo aporta unha confianza e unha clientela coñecida, a xente sabe como traballas e valora ese traballo. Non é só vender por prezo, hai xente que vai a un sitio e non só mira o prezo, mira tamén o servizo que ten despois, que é fundamental.

Hai algunha novidade dentro dos seus produtos?

Unha das novidades que temos actualmente e que está tendo boa acollida son as máquinas de batería da marca Stihl, unha das marcas que máis traballamos e quizais a máis punteira.

As máquinas de baterías estanse introducindo e están tendo moi boa aceptación no mercado para pequenos compradores e particulares. Presenta algunhas vantaxes coma que supoñen un aforro, non tes que ter a gasolina na casa e son un produto máis limpo e que contamina menos, que é importante tamén.

O consumo de cargar unha batería non ten un custe importante, ademais aporta tamén comodidade e está tendo un impacto importante no mercado. As baterías de hoxe van moi ben, son rendibles e é o futuro, segundo os expertos camiñamos por aí.



Que lle recomendaría a alguén que adquiere un produto destas características por primeira vez?

Á hora de comprar é importante buscar un produto de calidade e

que ofrezca unhas garantías, non todos os produtos son iguais, ademais é importante tamén ter un bo servizo. Nós ofrecemos asesoramento neste punto.

Acordo entre a Xunta e Enagás para a construción do hidroducto

A compañía Enagás ratificou o seu compromiso co proxecto do hidroducto entre Guitiriz e Zamora, que asume como propio na súa Rede Troncal e que evitará que Galicia quede como “unha illa enerxética”.

Así llo confirmou o CEO de Enagás, Arturo Gonzalo, ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, nunha reunión que mantiveron na sede da Xunta en San Caetano. O representante da compañía detallou que Enagás “asume como propio” este proxecto, que impulsou Reganosa (que conta con accionariado da Xunta).

As firmas Enagás e Reganosa asinaron un acordo polo que a primeira adquirirá a rede de 130 quilómetros de gasodutos de Reganosa por un importe de 54 millóns de euros, mentres que Reganosa compraba un 25% da Planta de Regasificación do Musel, en Xixón, por un importe de 95 millóns de euros.

Segundo este acordo, Enagás queda coa rede de transporte que ata o de agora era propiedade de Reganosa, integrada por 130 quilómetros de gasodutos de 80 bares de presión e Reganosa entra cun 25% no accionariado da planta xixonesa, que ata o de agora era propiedade 100% de Enagás.

Tras este acordo, o CEO de Enagás comprometeuse co Goberno galego a facer “todo o necesario” para que este proxecto avance, co obxectivo de que o hidroducto estea incluído nesa lista de proxectos europeos de interese común e iniciar a súa construción a finais do ano 2025 ou principios de 2026 e, deste xeito, que estea operativo en 2030.

Convocan para o día 17 un obradoiro de seguridade no fogar

O Concello programou para este mes dous obradoiros de saúde e coidados da Escola Galega de Saúde Para Cidadáns, un ente dependente do Sergas e orientado á formación da cidadanía.

O primeiro xa se celebrou, sobre primeiros auxilios e o segundo será o de Seguridade no Fogar (venres 17 de marzo), tamén aberto ao público en xeral e no que se tratarán pautas para mellorar a seguridade no fogar, as caídas, novas tecnoloxías para a seguridade...

As inscricións deben formalizarse antes da data do curso no departamento de Servizos Sociais.

Constructora Promotora Reformas Inmobiliaria

Multiservicios InterGallego sl

Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

Fontanería • Electricidad • Albañilería • Carpintería
Servicio de camión grúa y cesto
Movimiento de tierra

**PRÓXIMA APERTURA
INMOBILIARIA Y MULTITIENDA
AVDA. GALICIA 11 - VILALBA**

Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919
info@intergallego.com

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

**COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

Guitiriz, municipio de presente

A alcaldesa destaca que durante o seu mandato realizáronse accións de calado como a modernización da ETAP, que permitiu solucionar os problemas de turbidez da auga en Lagostelle

Nos últimos catro anos o goberno local do Concello de Guitiriz traballou seguindo unha folla de ruta na que se marcaron uns obxectivos claros: mellorar os servizos e a calidade de vida dos e das guitiriceses. Para acadar estes obxectivos leváronse a cabo unha serie de accións e aplicáronse diferentes políticas tanto o no eido social, como no cultural, no deportivo, no turístico, no do emprego ou no medioambiental.

Para a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, “unha das principais actuacións foi a mellora da calidade da auga da rede de abastecemento do núcleo de Lagostelle, unha cuestión que afectaba claramente á veciñanza no seu día a día” e para a que se elaborou unha estratexia con diferentes accións para solucionar os episodios de turbidez que sufrían os fogares logo de numerosos intres nos que a concentración de ferro dos caudais levaron á administración a prohibir o seu

consumo á veciñanza. Primeiro, instaláronse filtros para reducir a presenza do químico e recuperouse unha rede de circunvalación no encoro de San Xoán para desviar o subministración de auga da presa, que tamén se baleirou para mellorar a calidade do servizo. O último paso e definitivo para afianzar esta mellora foi a modernización da Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP), na que o Concello investiu 356.050,21 euros, financiados a través de subvencións do IDAE e de Augas de Galicia, e que implicou unha reforma integral da planta co obxectivo de implantar procesos de tratamento de vangarda cun alto grao de fiabilidade.

“Somos conscientes de que Guitiriz e deporte son inseparables e por iso dedicáronse moitos recursos para estar ao carón dos nosos deportistas e clubs”

MEDIOAMBIENTE

Seguindo as directrices da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos que o Concello de Guitiriz está involucrado, o ámbito medioambiental foi unha cuestión de referencia para o goberno local: están a suprimirse os puntos de acopio de plásticos agrícolas para iniciar unha recollida por explotacións, máis eficiente e cómoda para os gandeiros; adquiriuse un punto limpo móbil para facilitar a retirada de voluminosos nos núcleos rurais, iniciouse o proceso para a construción dun Punto Limpo no polígono e instalouse unha depuradora e mellorouse a rede de saneamento en Pardiñas,



entre outras actuacións. Esa aposta polo rural tamén se converteu no arranxo de 82 quilómetros de estradas en diferentes núcleos.

POLÍTICAS SOCIAIS

Todo isto sen esquecer o eido social, a área de traballo de referencia para o Concello. No Servizo de Axuda no Fogar (SAF) aumentouse o número de persoal traballador e estabilizouse a súa situación para así poder atender a un número maior de usuarios e usuarias. Tamén se ampliaron as axudas para escolares, ao material e ao transporte, para botarlle unha man ás familias a facerlle fronte aos gastos educativos. Unímonos ao progra-

ma de Xantar na Casa para así dar servizo ás persoas que o necesitaban, ampliamos o Centro de Día ata 20 prazas e está adxudicado o proxecto para a construción dunha residencia de maiores no centro de Guitiriz. Marisol Morandeira sinala que “a pesar de todo este traballo social, aínda quedan necesidades, como a ampliación de prazas para a escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos, demanda para a que elaboramos un proxecto de ampliación do Punto de Atención Infantil (PAI), unha obra que estará cofinanciada polo Concello, os fondos europeos Next Generation e para a que se solicitou o apoio económico da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia”.



...con moito futuro



Marisol Morandeira pon o foco en próximas boas novas como a ampliación do PAI, a construción da residencia de maiores ou a reapertura do balneario



DEPORTE

“Somos conscientes de que Guitiriz e deporte son inseparables e por iso dedicáronse moitos recursos para estar ao carón dos nosos deportistas e clubs”, explica Morandeira, a través de colaboracións económicas ou apoiando e organizando diferentes eventos deportivos como a carreira Guitiriz Termal, o Sláalom ou a ruta Btteiros, dándolles continuidade no tempo para contribuír a seguir afianzando o deporte no municipio. Ademais, aumentamos os equipamentos deportivos, construíndo unha pista de pádel na antiga nave do Senpa, unha piscina infantil na zona dos

Sete Muíños, mellorando os campos de fútbol de Guitiriz e Parga, e elaborando un proxecto para a creación dun circuío de Pump Track.

CULTURA E TURISMO

O traballo no ámbito cultural e turístico tamén tivo un impulso nos últimos catro anos, a pesar de sufrir, polo medio, unha pandemia. Colaboramos coas asociacións aumentando as axudas económicas a 25.000 euros para que levasen a cabo as súas actividades, demos continuidade á celebración dun emblema de Guitiriz como a Festa da Torta de Millo, fixemos

melloras na ruta do Requeixo para convertela nun itinerario oficial e demos visibilidade á nova variante do Camiño Norte a Santiago, que é a que ten máis quilómetros polo noso municipio.

URBANISMO

O día a día dos veciños e veciñas de Guitiriz tamén mellorou grazas aos avances urbanísticos logrados. Por fin, despois de moitos anos de espera, entrou en vigor o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), que permite ter unhas normas e unha división do solo máis claras e actualizadas. Aprobouse tamén a Área de Rehabilita-

ción Integral (ARI) para Os Vilares e O Buriz, cuxa primeira fase inclúe a actuación nun total de 15 vivendas e un espazo público.

EMPREGO

O crecemento de Guitiriz está supeditado ao crecemento das súas empresas e persoas autónomas. Por iso implementamos unha bonificación do ICIO, que repercute maioritariamente nas explotacións agrícolas do municipio, para así colaborar en manter un rural vivo e, durante a pandemia, estivemos sempre ao seu carón, repartindo material e axudas económicas por valor de 143.000 euros para os nosos autónomos. “Mención aparte, polos beneficios de emprego e económicos que traerá, merece o novo proxecto de apertura do balneario de Guitiriz, que está a piques de ser unha realidade, e co que mantivemos desde hai uns anos unha colaboración constante cos seus propietarios para axilizar todos os trámites”, subliña Marisol Morandeira.

Entrou en vigor o Plan Xeral de Ordenación Municipal e aprobouse a Área de Rehabilitación Integral para Os Vilares e O Buriz



As filloas de Muimenta reciben un premio e protagonizan un anuncio

A Asociación Cultural da Filloa de Lestedo homenaxeou ás tres festas da filloa máis antigas de Galicia: a Festa da Filloa de Valongo (no municipio pontevedrés de Cerdedo-Cotobade), a Festa da Filloa de Muimenta e a Festa da Filloa da Pedra (no coruñés da Baña). Por iso, as entidades promotoras destas festas gastronómicas recibiron os Mandís de Honra da Festa da Filloa 2023 durante o pregón das festas, que foi ofrecido este ano por Manuel Costiña, prestixioso chef cunha Estrela Michelin.

No nome da Festa da Filloa de Muimenta recolleu o galardón, o coordinador da Moexmu e da Festa da Filloa de Muimenta, José Manuel Rus Rodríguez.

Rus afirmou que recollía o premio “no nome das filloas e filloiros, que tamén temos filloiros, e de toda a xente que fai posible a Festa da Filloa de Muimenta, que agradecemos esta honra e convidámosvos o primeiro de maio á Festa da Filloa de Muimenta. Que nunca falte a filloa nos nosos pratos”.

Ademais de nesta Feira, as Filloas de Muimenta estiveron presentes en dúas citas gastronómicas con este produtos, en Sada e Baña, onde cociñaron para os asistentes.

PUBLICIDADE. Por outra banda, Aceites Abril (empresa referente de Galicia) iniciou en febreiro unha nova campaña, onde, xunto ás coñecidas Filloas de Muimenta, reivindicaron o seu bon facer culinario fronte ás “crêpes foráneas”, a través dunhas creatividadeas cun tono casual. Dende a empresa aceiteira, mani-



festan: “Quen mellor ca elas para engrandecer e ensalzar á filloa, tan típica nestas datas?”

Con esta campaña, ponse en valor o patrimonio culinario de Galicia, e as súas grandes defensoras (e defensores, xa que lembramos que en Muimenta, temos unha gran canteira de filloiros), mantendo unha das receitas ancestrais como a da filloa.

Dase voz e ponse nome propios a catro das filloas máis veteranas da Festa da Filloa de Muimenta, Festa de interese turístico de Galicia, dúas veciñas de Muimenta: Maruja Alonso e Claudina Rus, e dúas veciñas de Bazar (Castro de Rei), as irmáns Dosinda e Ana Vila, onde a unha sola voz din “Non somos de crêpes, somos de filloas”.



O Goberno investiu 220.000 euros en renovar o alumeado

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, confirmou no Concello de Cospeito o impulso á transición enerxética que está a levar a cabo o Goberno nos municipios pequenos da provincia. “Mantemos un compromiso claro co municipalismo e os veciños e veciñas percibeno, destinando axudas a concellos como Cospeito para mellorar e modernizar servizos públicos básicos”, remarcou a subdelegada quen explicou que a localidade recibiu unha achega de 220.000€ do Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), que permitiu renovar o sistema de alumeado público exterior dos núcleos de Muimenta e Feira do Monte.

Isabel Rodríguez desprazouse ata o Concello de Cospeito para supervisar, xunto ao alcalde, Armando Castosa, os investimentos do Goberno no municipio e coñecer as súas demandas e opinións. Así, comprobou o resultado deste proxecto de eficiencia enerxética financiado polo Executivo Central co que se substituíron 404 luminarias de tipo tradicional por luminarias de tipo LED e renováronse 10 cadros eléctricos



destes dos núcleos, os de maior poboación do municipio.

“Estas actuacións permiten ao Concello reducir un 74% o consumo de enerxía eléctrica, aforrando máis de 33.000 euros ao ano ás arcas municipais, podendo empregar estes cartos en atender outras necesidades da cidadanía”, expuxo Isabel Rodríguez. Nesta liña, asegurou que nun momento de incerteza como o actual, derivado da Guerra en Ucraína, que provoca a subida do prezo da luz, “este tipo de iniciativas cobran aínda máis relevancia”.

Igualmente, a subdelegada sinalou

que dende o Goberno “seguimos traballando da man dos Concellos da provincia para levar a cabo un desenvolvemento urbano sostible nas vilas, apostando por modelos verdes, con consumos máis eficaces, responsables e respectuosos co medio ambiente”.

Isabel Rodríguez avanzou que Cospeito contará con internet de alta velocidade, superior a 300mb, en 631 puntos nos que se localizan 2.438 vivendas e empresas do municipio. “Garantimos a conectividade de máis de 300 megas á práctica totalidade do territorio”, engadiu.

O PSOE escolle a Daniel Irimia como alcaldable

Daniel Irimia, investigador, escritor e poeta, será o candidato do PSDG á Alcaldía de Cospeito nas vindeiras eleccións municipais do 28 de maio. O candidato agradeceu “a confianza depositada en min por parte da Agrupación Socialista de Cospeito, dos demais membros do partido e do Secretario Provincial do PSOE”.

Daniel Irimia asegurou que se abre unha nova etapa en Cospeito, que afronta, subliña, “con moita ilusión, con moitas ganas de traer e de facer cousas concretas no meu concello, de poñelo á altura dos municipios veciños en canto a infraestruturas básicas e de superar o estancamento e o abandono do actual goberno municipal”.

O Secretario Xeral dos socialistas na provincia, José Tomé Roca, sinalou que Daniel Irimia “é unha persoa moi preparada, que conta con experiencia na política local e que coñece moi ben o seu concello. Penso que é o mellor can-



didato que pode ter Cospeito, e que vai desenvolver un proxecto de progreso pensado na mellora da calidade de vida de todos os veciños e veciñas”.

Natural da parroquia de Momán, Daniel Irimia estudou bioloxía na Universidade de Santiago e especializouse en xestión da biodiversidade na de Granada. O seu amor pola terra e a natureza marca tanto o seu traballo como investigador no departamento de Botánica do Campus de Lugo como a súa obra poética e literaria.

EN BREVE

FESTA DA XUENUTDE. Muimenta acollerá o 25 de marzo a cuarta edición da Festa da Xuventude que contará con dúas sesións. Así, a primeira quenda comezará ás 14.00 horas cunha sesión vermú a cargo da orquestra Escaparate. Esta mesma orquestra será a encargada da verbena, á que se sumará DJ Alejandro Martínez. Haberá menú especial servido polo restaurante Anllo que terá un prezo e 30 euros para o xantar e de outros 30 para o da cea. As persoas interesadas en asistir poden facer a súa reserva no 982 528 069.

POZO MOURO. Tralo éxito das dúas primeiras edicións, está convocada a terceira do festival Pozomouro, organizado pola Asociación Cultural Avellino Iglesias Alvareño e que terá lugar o 19 de agosto na área recreativa Ribas do Miño, en Muimenta.

ENCANTRO LITERARIO. O Ministerio de Cultura e Deporte pon en marcha unha nova edición do programa de actividades literarias en Institutos de Ensino Secundario, que permitirá o contacto directo dos autores e autoras co alumnado. O 17 de marzo será a vez do cospeités, que contará coa autora Antía Yáñez.



Muimenta prepárase para unha nova edición da Moexmu

Muimenta volverá ser a capital do agro entre o venres 31 de marzo e o domingo 2 de abril, datas nas que se celebrará unha nova edición da Moexmu, a feira multisectorial na XXXIX edición da Mostra Exposición, o XXXVII Concurso de Gando Frisón, a XXXVII Exposición da Gando de Raza Rubia Galega e a XXVII Poxa de Gando Selecto.

Un ano levan traballando dende a comisión para ofrecer de novo este ano un programa de alto nivel, que dará comezo coa lectura do pregón a cargo da xornalista de Baltar Carmen Uz, o venres ás 19.20 horas no recinto feiral Manuel Vila López.

A feira multisectorial, que conta cunha importante presenza de gando, maquinaria agrícola e gandeira e artesanía abrirá as súas portas

durante as xornadas de sábado e domingo a partir das 9.00 horas cos concursos de gando, o primeiro día, pola mañá de xatas e xovens, e de gando frisón pola tarde xunto á poxa de gando selecto tamén en xornada matinal.

O domingo será a vez dos concursos de manexadores, para a mocidade primeiro e para os adultos despois. Clausurarase oficialmente ao medio día pero a feira permanecerá aberta ata a noite.

Este ano os carteis anunciadores da feira estiveron da man de Paula Francos Anllo. Ambos carteis forman ou representan un corazón, órgano que metafóricamente simboliza a importancia da Moexmu (corazón) para o sector (corpo), xa que sen a feira, o mundo das citas agrogandeiras non podería vivir.

Nos concursos de gando cobra especial relevancia a presenza de Pol Collel Sabaté, natural de Manlleu, que será o xuíz do Concurso de Gando. Este gandeiro catalán, ocúpase na actualidade da xestión da granxa familiar El Campgran, na que se manexan 170 vacas en ordeño, dun total dunhas 330 cabezas, cunha media de calificación morfolóxica de 84,50, unha media de produción por vaca e día de entre 37 e 42 litros.

A súa experiencia como xuíz de Conafe, en activo dende o 2015, xulgando certámenes de distinta categoría ao longo da xeografía de España. Pol Collel xa estivo no concurso de gando da Moexmu na edición celebrada no ano 2016.

O Periurbano conta xa co distintivo de Parque sen Fume

Cospeito acolleu o acto de colocación da sinalización da rede de Parques sen Fume no Periurbano de Feira do Monte. Deste modo, Cospeito, Monforte de Lemos e Riotorto convértese nos primeiros concellos da provincia en contar con parques libres de fume de tabaco.

A través da Rede Parques sen Fume, iniciada en xaneiro de 2023 na Estrada, a Xunta facilitou de forma gratuíta o material de sinalización, sendo 18 os concellos.

Con esta iniciativa, que leva a cabo a Dirección Xeral de Saúde Pública, o Executivo galego persegue o obxectivo de crear máis espazos públicos libres de tabaco nas vilas galegas. Neste sentido, este programa, que se acaba de por en marcha, é un fillo directo doutra iniciativa de éxito como é o Praias sen fume, que a Xunta creou no 2016, e da que xa forman parte 80 concellos de toda Galicia, en total 214 praias libres do fume do tabaco. En concreto, na provincia de Lugo, son 15 concellos e 34 praias.

Vicepresidencia pide autorización á Xunta para traballos en Caldaloba

A Vicepresidencia da Deputación solicitou á Xunta autorización para realizar traballos de estabilización e consolidación na Torre de Caldaloba. Atendendo ao deber legal que lle atribúe a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, que obriga aos titulares de dereitos sobre bens protexidos a evitar a súa destrución ou deterioro, a Vicepresidencia da Deputación elaborou o proxecto para intervir nas fachadas Noroeste e Suroeste da Torre, que debe contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

A vicepresidenta da Deputación de Lugo Maite Ferreiro explicou que “o proxecto contempla as actuacións máis urxentes para conter o deterioro da Torre e garantir a seguridade na contorna”. Nese sentido lembrou que “ademais do mal estado dos elementos construtivos e auxiliares de sustentación, a carón da facha-

da principal hai un pozo que precisa dunha protección adecuada”. Maite Ferreiro explicou que “con estas intervencións seguimos adiante coa folla de ruta prevista para acadar a titularidade pública da totalidade da Torre e desenvolver un proxecto de recuperación, consolidación e posta en valor que reflecta a súa importancia patrimonial, histórica e simbólica para Galiza”.

O proxecto recolle actuacións sobre as fachadas Noroeste e Suroeste da Torre do antigo castelo de Vilaxoán como a limpeza de vexetación nas dúas fachadas e na coroación dos muros de cachotería mediante a retirada manual de plantas e raíces; substitución e reparación dos elementos de cimbra de madeira do interior da Torre; recolocación ou substitución da cuberta de chumbo e inxección de morteiro de cal sobre muros e fábricas de ser necesario.

Pravia 42, Vilalba Dúplex 3 Dorm 3 Baños 140m ² En Vilalba (Lugo), se vende dúplex muy céntrico con la siguiente distribución: En planta baja tiene el salón, la cocina, un baño, un dormitorio, un aseo, una salita y un trastero y en planta alta, hay dos dormitorios y otro baño. La vivienda dispone de garaje, ascensor y calefacción individual.	98.000€
Basanta Silva, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 130m ² En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitaciones, sala amplia, dos baños, cocina y garaje. Dispone de calefacción individual y ascensor. La vivienda tiene orientación sur.	110.000€
Placido Pena, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 103m ² En Vilalba (Lugo), se vende ático situado en la cuarta planta de un edificio sin ascensor, en el que hay tres dormitorios y sala, un baño y cocina. A mayores dispone de dos terrazas cubiertas a ambos lados de la vivienda.	23.000€
Penelas, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 575m ² Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.	52.000€
Grupo as Fontiñas 2, Vilalba Piso 4 Dorm 1 Baño 100m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña y la costa lucense se vende piso de 4 dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso cuarto sin ascensor, dispone de calefacción de gas ciudad y se encuentra muy cerca de los colegios.	45.000€
Muras 2, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 80m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.	71.500€
Basanta Silva, Vilalba Casa / Chalet Adosado 3 Dorm 1 Baño 213m ² En Vilalba (Lugo), se vende casa de planta baja y piso, de unos doscientos metros totales construidos. Además de la entrada principal por calle Basanta Silva, dispone de otra salida por detrás hacia calle Lameirón, por donde dispone de un trozo de terreno.	50.000€
Herrería 25, Vilalba Casa / Chalet Adosado 3 Dorm 1 Baño 153m ² Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.	55.000€
Campo de Puente, Vilalba Edificio uso mixto 563m ² En Vilalba (Lugo), en la salida hacia el polígono se vende edificio en placa, compuesto por planta baja, tres pisos y bajo cubierta. Se vende así, para que termine la construcción el comprador.	120.000€
Ribadeo, Vilalba Casa / Chalet adosado 5 Dorm 2 Baños 184m ² En Vilalba (Lugo), en zona céntrica, se vende vivienda unifamiliar, de planta baja y piso. La vivienda tiene placa y puede dividirse en dos viviendas, ya que en ambas plantas hay cocina y baño. Necesita reforma.	120.000€
Novo Cazón, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 110m ² En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 4 habitaciones y sala, cocina amueblada y 2 baños. El piso dispone de calefacción de gas ciudad, orientación Sur y tiene ascensor con cola cero.	50.000€

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Abre a matrícula para a ampliación da escola infantil municipal

Unha vez resolto o proceso de licitación para adjudicar a xestión da escola infantil municipal Manuel López Besteiro tralo quinto intento, o Concello de Castro de Rei vén de abrir un novo prazo extraordinario de matrícula para unha nova unidade de 0 a 2 anos.

Tal e como anunciara o alcalde, a intención, cando se fixera a adjudicación era aumentar o número de prazas para o próximo curso polo que agora se abre unha nova unidade de 0 a 2 anos para a que se inicia este novo proceso de matriculación.

No centro dase atención integral a nenos e nenas de 3 meses a 3 anos que compoñen a Escola Infantil Municipal, tanto nos seus aspectos educativos, coma de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola. Son actualmente 40 pequenos e pequenas os que hai que atender na escola infantil.

Os interesados en anotarse deberán presentar o DNI dos proxenitores, o libro de familia e de vacinas, a tarxeta sanitaria do menor, un informe do pediatra e a declaración da renda.

Olga García Portela, elixida candidata do BNG á Alcaldía

O Bloque Nacionalista Galego en Castro de Rei elixiu, a través dun proceso democrático e participativo, quen encabezar a candidatura nacionalista nas vindeiras eleccións municipais do 28 maio. Olga García Portela foi a persoa asignada pola asemblea para afrontar o reto de encabezar o proxecto do BNG en Castro de Rei. Olga García, candidata do BNG á Alcaldía “quero agradecer ás compañeiras e compañeiros por depositar en min a confianza de seguir co traballo do BNG en Castro de Rei, asumo este reto con responsabilidade mais co optimismo de facer avanzar o noso concello”. Neste senso, a candidata subliñou “imos saír a por todas, o BNG está activo para producir un cambio en Castro de Rei, temos moi clara a nosa dirección, poñer no centro os intereses das veciñas e veciños”.

Presentan o documental Coidadoras polo 8M

Filme Fotografía, Rubén García Videógrafo e o Concello de Castro de Rei celebran este ano o Día da Muller con outro proxecto audiovisual que neste caso recolle a testemuña de sete mulleres que se adican ao coidado de persoas, tanto profesionalmente, como en silencio, nos seus domicilios, coidando dalgún familiar.

Nesta ocasión presentan un vídeo documental co título *Coidadoras*, que terá lugar o 10 de marzo, na casa da cultura de Castro Ribeiras de Lea a partir das 21.00 horas.

“Este ano é especial. Xa que é unha homenaxe a un traballo esencial para manter o benestar das persoas. O valor dun traballo invisible”, explican dende a dirección do mesmo. A sesión de presentación contará coa actuación dos Valuriños de Castro de Rei.

FESTA DO COCIDO. Tralo éxito da primeira edición, o ano pasado, a asociación de veciños de Santa Leocadia, na parroquia de Castro de Rei, celebra o 11 de marzo, a II Festa Po-



pular do Cocido, que terá lugar a partir das 13.00 horas no adrio da igrexa do mesmo nome. Habrá degustación deste produto típico destas datas baixo unha carpa climatizada para protexerse das inclemencias do tempo. Á celebración só se accede con entrada.

A sesión estará amenizada pola orquestra Stereo e Eventec, que serán responsables tanto da sesión vermú como da verbena.

O Concello arranxará tres bens patrimoniais

O Concello de Castro de Rei vén de solicitar unha serie de axudas para acometer a rehabilitación de tres elementos que forman parte do seu patrimonio histórico-artístico. A primeira das actuacións afecta á Fonte da Troita, no lugar de Couto de A, parroquia de Ramil. É un elemento arquitectónico cun valor moi singular, moi ligado ao patrimonio inmaterial do asentamento castrexo do Castro de Viladonga.

Preténdese realizar nela un traballo de conservación e restauración para corrixir as alteracións detectadas mediante unha intervención de limpeza e consolidación das estruturas consistente en limpeza dos elementos construtivos, asentamento e recolocación de pedras, consolidación e recheo de ocas, etc.

Tamén se actuará na Cruz de Quintela, na parroquia de Santa Comba de Orizón. Nela preténdese levar a cabo a estabilización do cruceiro, eliminación de hedras, limpeza da superficie pétrea do cruceiro, recolocación das pedras danadas e recheo de ocas.

Finalmente levarase a cabo unha actuación no cruceiro de Casas Novas, na parroquia de Santa Loica, no que se pretende eliminar a vexetación da contorna, escaleira e muros, limpeza da superficie do cruceiro e pedras, adhesión dos pés da escultura e asentamento e recolocación de elementos en risco de caída ou desprendemento. As tres actuacións contan cun orzamento de preto de 15.000 euros, dos que se solicitou unha achega a Agader coa que se pretende acometer os traballos descritos.



Rozas incorpora unha infraestrutura única con aeronaves non tripuladas

O Polo Aeroespacial de Galicia dótase dunha infraestrutura única en España e na contorna europea para a experimentación con vehículos aéreos non tripulados. Trátase de novos simuladores U-Space do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) No acto de entrega deste equipamento instalado no Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR) Conde asegurou que vai permitir dar resposta a moitos dos retos que hoxe en día ten a regulación de voos con aeronaves non tripuladas, o que fará de Galicia e España un referente no desenvolvemento desta tecnoloxía e do marco regulatorio europeo para o sector.

“Estamos demostrando que en Galicia temos este ecosistema de colaboración tanto desde o punto de vista industrial como tecnolóxico que nos está poñendo á vangarda dun sector enormemente compe-

titivo no que Galicia e España se queren posicionar, e con este tipo de proxectos vinculados á Compra Pública Percomercial estámolo conseguindo”, dixo.

O vicepresidente salientou que os dous simuladores foron desenvolvidos por medio dun contrato de Compra Pública Precomercial que lanzou o CDTI por un importe que suma 12,5 millóns de euros e que lle foron asignados a Indra e Boeing, xunto cun equipo de centros tecnolóxicos e outras empresas galegas e do resto de España. Ademais dos novos simuladores, Conde avanzou que nas instalacións do Polo Aeroespacial de Galicia tamén se vai instalar unha infraestrutura de telecomunicacións 5G e outra de ciberseguridade. Están apoiadas pola Administración autonómica e fóronlle adjudicadas a Telefónica e GMW Aerospace & Defence por un importe total de 3,6 millóns de euros.



LOCAL SOCIAL DO PSOE. O Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca, participou na inauguración da nova sede dos socialistas de Castro de Rei, situada no número 12 da praza García Abad de Castro de Ribeiras de Lea. Un encontro no que acompañou á candidata socialista, Alba Sinde.

gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tel: 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN

Unha aposta polo patrimonio histórico

A declaración de Área de Rehabilitación Integral multiplicou por dez as actuacións nun ano

A posta en marcha da área de Rehabilitación Integral do Centro histórico de Castro de Rei tivo unha repercusión moi positiva para esta zona e revitalizado de maneira notoria a execución de proxectos. As estimacións indican que nos últimos cinco anos, as oficinas municipais tramitaron licenzas de obra que supuxeron un investimento conxunto duns 33.500 euros, mentres que só as intervencións que xa se están executando a través deste novo plan supoñen un desembolso económico dun total de 365.440 euros. “Só coas seis que están actualmente en marcha, multiplicouse o fomento de investimento por dez nun ano con respecto ao conxunto dos cinco anteriores”, confirman desde o Concello. A Xunta aprobou a principios de 2021 a área de Rehabilitación do Centro histórico de Castro de Rei. O ámbito de rehabilitación comprende as rúas e lugares Poeta Aquilino Iglesia Alvariño, Camiño de Circunvalación, Praza da Igrexa, Poeta Crecente Vega, Rúa Amigos da Feira, Francisco de Fientosa, Camiño Azúmara, Alcalde Emilio Sinde Nieto, Praza Maior, Manuel Becerra y Bermúdez, Camiño de Samesugueiras e Portomuiño. Comprende 88 inmobles, onde

se localizan 76 vivendas en 67 edificacións de carácter residencial, das que 55 son susceptibles dalgún tipo de rehabilitación ou renovación. Ademais, existen 21 inmobles doutra tipoloxía. Nesta primeira fase, na que tamén se puxo en marcha a oficina de rehabilitación municipal, o Ari recibiu un total de 151.000 euros —120.000 procedentes do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana e 31.000 da Xunta— para contribuír a financiar tres tipos de actuacións: as impulsadas por particulares, os proxectos de urbanización que materializará o propio Concello e a citada oficina que se encarga de todos os trámites e de asesorar ás persoas interesadas.

AS AXUDAS

Cómpre lembrar que coa declaración dunha ARI, as persoas que sexan propietarios dun inmovible, e que desexen rehabilitar, poden acceder a incentivos e axudas de ata 24.000 euros por vivenda. Das 14 intervencións que se prevía executar nun principio nesta primeira fase a cargo dos veciños, están a tramitarse oito expedientes e a seis deles —os que suman o investimento de 365.440 euros— o Instituto Galego de



Vivenda e Solo xa lles outorgou a “cualificación provisional das actuacións do programa de fomento dá rexeneración e renovación

As persoas que sexan propietarias dun inmovible, e que desexen rehabilitar, poden acceder a incentivos e axudas de ata 24.000 euros por vivenda

urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda”, segundo precisan desde o Concello. Deste xeito, neste ámbito pódense levar a cabo actuacións de reconstrución, para aquelas

edificacións en estado de ruína, na actualidade, e que precisan de labores de reconstrución conservando aqueles elementos susceptibles de aproveitamento; de rehabilitación integral, aquelas vivendas con patoloxías de tal gravidade que aconsellan recuperar só a envolvente e aqueles elementos de tipoloxía merecedores da súa conservación, e dotar a edificación da habitabilidade precisa adaptándose á normativa e ás técnicas actuais; e por último, de renovación, é o grupo de actuación máis numeroso, e prevé actuacións sobre aquelas edificacións que presentan patoloxías concretas dunha entidade relativamente escasa ou ben que presenten materias considerados como desacordes co contorno. Nese sentido, recoméndanse as seguintes renovacións: carpintarías exteriores, fachadas, material

de cubrición ou doutro tipo como demolicións parciais, substitucións etc.

A MURALLA

Pola súa banda, como primeira actuación municipal, o Concello prevé destinar 75.645 euros á limpeza e acondicionamento da muralla de Castro de Rei, para o que xa ten encargado un proxecto, segundo avanzou o alcalde, Francisco Balado. Neste mesmo proxecto están incluídos tamén os catro accesos con escaleiras. “É un vestixio histórico que temos e que debemos conservar”, asegurou o rexedor, lembrando ademais que esta antiga estrutura está na entrada do núcleo urbano “e é ou que máis vese cando chegas a Castro de Rei se vés do lado de Castro ou da Pastoriza”.



Rematan as obras de abastecemento

A Xunta, a través de Augas de Galicia, vén de finalizar as obras da segunda fase da mellora do abastecemento ao Concello de Castro de Rei, cuxa execución comezou a principios de xullo. En total, o Goberno galego destinou algo máis de 1 M€ a optimizar a rede de subministración de auga potable do municipio. A última actuación contou cun orzamento autonómico de 380.900 euros -incluídas as obras e a contratación da asistencia técnica e da dirección facultativa— para mellorar as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no

polígono industrial. Este segundo proxecto centrouse na execución dun ramal que, partindo dun tramo que se desenvolveu na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, empregouse unha condución de máis de 1,5 km con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

EDAR

Tamén remataron as obras de ampliación e mellora da eficiencia enerxética da estación depuradora de augas residuais (EDAR) do municipio, que

contaron cun investimento de 792.000 euros por parte do Estado. Os traballos permitiron duplicar a capacidade da planta, pasando de 350 a 750 m3 diarios. As actuacións realizadas centráronse na reforma, transformación e modernización dos diferentes elementos que compoñen a planta de tratamento de augas residuais. Concretamente, instalouse un xerador de corrente no tanque anaerobio, dotouse de contactores biolóxicos rotativos e a adaptouse o pozo de bombeo para a recirculación de auga nitrificada, entre outros traballos.

Licitan a explotación do restaurante O Muíño e a compra dun camión

O Concello de Meira vén de iniciar o proceso de licitación da explotación do bar restaurante O Muíño, situado no parque Profesor Río Barja, xa que a anterior concesionaria pechou as súas portas hai un mes tras un ano e medio de actividade. Trátase dun local de 273,42 metros cadrados, de tipo patrimonial situado en solo urbano e dentro dun magnífico enclave natural. Así, o local sae cunha base de licitación de 847 euros dado que a renda ascende a setecentos (700,00 €) euros mensuais máis IVE. O contrato está por un prazo de cinco anos e o prazo de licitación é ata o 9 de marzo no rexistro xeral do Concello en horario de mañá.

VEHÍCULO. O Concello de Meira licita un contrato de subministro dun vehículo co que poder levar a cabo a prestación dos servizos municipais básicos relacionados coa subministración de auga potable a domicilio, evacuación de augas residuais, entre outros.



Poderán presentar as súas plicas todo o empresariado interesado e utilizarase para a adxudicación a mellora relación calidade-prezo. A compra deste vehículo sae cun orzamento de 24.121 euros, en atención ao prezo do mercado actual consultadas varias marcas e modelo.

O Concello obtivo unha subvención de 22.000 euros por parte da Deputación para a compra deste vehículo co que poder prestar os servizos municipais básicos.

Torneo de tute do Meira FC

O Meira FC organiza un novo campionato de tute, que se desenvolverá o sábado 1 de abril a partir das 19.00 horas nos Cabanós do Convento.

Cun máximo de 32 parellas, xa está aberta a inscrición deste torneo que terá un custe de inscrición de 80 puntos por parella con cea incluída.

A organización establece catro premios no grupo campión, que serán de 600, 300, 100 e 80 puntos e outros catro de repesca, de 200, 100, 80 e 60 puntos.

Os interesados en inscribirse poden facelo nos teléfonos 659 900 432 (David) e 697 643 130 (Iago).

Firmado o convenio para converter o bar Centro en espazo cultural

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co alcalde de Meira, Antonio de Dios Álvarez, un convenio de colaboración que ascende a 106.455€ para a rehabilitación e acondicionamento das instalacións do antigo bar Centro para convertelo nun novo espazo de dinamización cultural do municipio e da comarca. A Deputación destina 99.800€ e o Concello a contía restante, 6.655€.

O proxecto do alcalde consiste en crear un espazo principal polivalente, o máis amplo posible, aseo, almacén e un despacho. A idea é tamén aproveitar as ventás grandes como escaparates expositivos de produtos da comarca ou mostras. Este será un lugar onde se poderán facer actuacións, concertos, reunións, conferencias, exposicións ou calquera evento ou acto cultural que se queira, animando pola súa céntrica situación a participación da veciñanza.

Trátase dun edificio que está no centro neuráxico do municipio, no



paseo central da Praza Maior, onde se aglutina a vida comercial e lúdica da localidade, ademais de celebrarse nesta contorna a feira quincenal.

Esta nova colaboración económica que fai agora a Deputación de Lugo con Meira súmase, entre outras, ao investimento de preto de 3M€ que inxectou neste mandato no concello a través do Plan Único de Cooperación cos Concellos, melloras de estradas, creación de emprego, colaboración co tecido asociativo

da localidade, entre outras accións que repercuten no día a día da xente. Ademais, dende finais do 2021 está en funcionamento o Centro de Atención a Maiores que a institución provincial puxo en marcha na localidade. A cooperación cos 67 concellos da provincia é unha das liñas de actuación prioritarias da Deputación de Lugo, contribuíndo deste xeito a que as entidades locais poidan prestar máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas.

Concurso de fotografía

O IES Pedregal de Irimia vén de convocar o III Certame Fotográfico con motivo da celebración dos 40 anos do centro que terá este ano temática libre. O concurso divídese en catro categorías, infantil (5º e 6º de Educación Primaria do Ceip Avelino Díaz), xuvenil 1 (1º, 2º e 3º de ESO do IES Pedregal de Irimia), xuvenil 2 (4º de ESO, 1º e 2º de BAC do IES Pedregal de Irimia) e adultos (ex-alumnos, ex-traballadores do centro e familiares, veciños e amigos do actual alumnado).

Cada participante poderá presentar

un máximo de tres obras, sendo estas orixinais e inéditas e non presentándose con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso.

A organización establece un único premio para cada categoría, podendo outorgar algún accésit se o xurado o considerara necesario. Estes consistirán nun lote de libros e o correspondente diploma acreditativo. Os traballos premiados serán publicados na revista Latexos nº 29. A entrega de premios farase arredor do Día das Letras Galegas.

Óscar Fernández presenta o proxecto do PP para Meira

“Ilusión, esperanza, ganas de avanzar e poñer a Meira no lugar que lle corresponde como cabeceira de comarca” son as palabras coas que Óscar Fernández definiu o proxecto que encabeza en Meira polo PP.

O popular expresou o seu “absoluto compromiso co concello e con toda a súa xente” e asegurou que “o noso proxecto vai collendo forma e forza cun equipo de persoas que porá todo o seu coñecemento e enerxía para cambiar as dinámicas do Concello de Meira, algo que será fundamental para o futuro da vila e dos nosos veciños e veciñas”. De feito, Óscar Fernández decidiu presentarse á Alcaldía para cambiar “a realidade que vivimos no día a día que demostra que o actual goberno non ten proxecto de futuro: os empresarios vemos que non hai aposta decidida polas actividades económicas, os pais e nais temos que levar aos nosos fillos realizar actividades propias da idade a outros concellos, non dispoñemos de oferta deportiva ou cultural, tampouco podemos acceder a vivenda e, todo iso, a pesar de pagar unhas taxas e impostos desorbitados”.

Aposta por “coidar as nosas empresas das que nos podemos sentir orgullosos; tanto das fortes coma dos pequenos e grandes emprendedores”.



REUNIÓN COAS ASOCIACIÓNS. O concelleiro de Cultura reuniuse cos representantes das asociacións co fin de elaborar de forma conxunta un calendario de actividades para todo o ano, vendo así as posibilidades de colaboración en casos que así o permitan ou evitando coincidencias cando a tipoloxía das actividades así o aconselle. Asistiron a esta convocatoria representacións de 17 asociacións das 22 existentes, achegando cada unha as datas das actividades de carácter anual ou fixas. Queda o calendario aberto a posibles novas incorporacións a medida que vaian organizándose.

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Bosque y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

Acordo para impugnar os permisos da mina de Silán



Finalmente, o Pleno de Muras acordou abordar a impugnación do proxecto da mina de Silán, unha decisión que saíu adiante cos votos favorables dos tres edís do BNG e o do PSOE xa que o PP decidiu absterse. A primeira convocatoria deste pleno foi suspendida porque non se logrou aprobar a urxencia ao non estar presente unha das concelleiras do grupo de goberno por enfermidade. A cita celebrouse finalmente este luns, a pesar de que os populares volveron a votar en contra da urxencia.

Un grupo de veciños das parroquias de Silán e O Viveiro presentaron un escrito no Concello con máis de medio centenar de firmas opoñéndose ao novo proxecto de explotación da mina San Acisclo. Estes veciños acudiron á sesión plenaria, na que a concelleira popular, Eugenia Requeijo, avisou das responsabilidades económicas que pode xerar ao Concello o acordo para intentar impugnar a autorización para a mina de Silán e acusou ao alcalde de ir tarde e actuar con fines electoralistas.

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, defendeuse das acusacións e afirmou que “teño que velar pola legalidade do proxecto e os intereses xerais”, recalcando que goberna

“para vos que queren a mina, como para vos que non”. O rexedor nacionalista explicou que pedirán á empresa Urbas toda a documentación necesaria e que corresponda para levar a cabo o proxecto da mina de Silán. “Tomaremos as medidas que sexan precisas. Defenderemos os intereses dos veciños e as veciñas”, dixo. O concelleiro do PSOE, Mario Rouco, posicionouse en contra do proxecto alegando que non hai as infraestruturas necesarias para albergar unha mina a ceo aberto destas características.

RECURSO DO SLG. O SLG presentou, xunto a outras organizacións sociais, un recurso potestativo de reposición contra a resolución que dá autorización á mina.

En concreto, segundo informan, recorren a autorización da actualización do proxecto de explotación e plan de restauración da concesión de explotación de recursos. Fano por infracción normativa e o que consideran “nulidade de pleno dereito” como polas consideración que xa trasladaron no seu momento a través das alegacións ao proxecto, referidas á “afección directa á poboación e ecosistemas”.

Ampliado o prazo para pedir as axudas da luz

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, anunciou mediante un bando que se ampliou o prazo para solicitar, un ano máis, as axudas ao pago da factura da luz. O Concello destinará a este capítulo un total de 90.000 euros. Así, poderán solicitarse ata o día 15 de marzo, quince días máis da data oficial de peche do prazo.

Nesta ocasión, ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas liñas de axudas, unha destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. Para chegar á máxima cuantía o tope en fogares será con rentas inferiores a 15.000 euros.



Estas novas axudas, que se convocan todos os anos en febreiro, cubren os gastos do ano 2022.

O alcalde da localidade, Manuel Requeijo, manifestou que “estas axudas é o sexto ano que se aproban e está claro que están para quedarse e supoñen nestes momentos que vivimos unha axuda importante xa que por exemplo para un negocio pode supoñer a axuda o custe de dous meses de electricidade”.

As persoas que as soliciten deberán presentar o documento de solicitude acompañado das facturas do ano 2021, o certificado da conta bancaria para o ingreso, copia do IRPF de 2021, copia dos certificados de todos os ingresos e estar ao día nas obrigas tributarias.

A biblioteca muda o horario para ter xornada de mañá e tarde

A biblioteca de Muras vén de reorganizarse e mudar o seu horario de atención ao público en xornada partida.

Así, agora estará aberta de luns a vernes en horario de tarde entre as 14.30 horas e as 20.00 horas. Ademais, abrirá dous días á se-

mana polas mañás, que serán os martes e xoves, de 9.00 a 14.00 horas.

Os responsables do centro poñen a disposición dos usuarios un correo para poder efectuar as consultas que desexen, biblioteca@muras.gal.

O Life in Common Land propón o pago ás comunidades de montes por resultados

“O pago por resultados de conservación ás comunidades de montes pode ser o futuro para as persoas que desenvolven as súas actividades gandeiras en zonas naturais protexidas, como a Rede Natura 2000, e ás que se lles recoñece un papel fundamental na súa conservación”. Esta é unha das conclusións do Informe Layman, un documento recentemente publicado e que pasa revista ao proxecto Life in Common Land: Xestión en común da terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural en Zonas Especiais de Conservación. Esta iniciativa desenvólvese en once montes veciñais en man común do Espazo Rede Natura 2000 Serra do Xistral que ocupan unhas 11.000 hectáreas. A iniciativa está coordinada pola Deputación e participan as universidades de Santiago e a Coruña.

O proxecto LIFE in Common Land aposta polo innovador modelo de xestión por resultados de conservación, que se aplica no territorio a través de Proxectos de Ordenación Forestal dos Montes e que trata de integrar as actividades gandeiras e o manexo tradicional dos cabalos salvaxes coa conservación de hábitats. Este modelo inclúe a protección e conservación do ecosistema na xestión que as comunidades de montes realizan nos seus terreos. “E non o fan como algo imposto, senón poñendo en valor e recoñecendo a función que bestas e gando vacún cumpren para manter estes espazos de montaña”, destacan os autores do informe, que estima que na Serra do Xistral existe unha poboación de 1.500-2.000 cabalos salvaxes.

Logo for XXXIX MOEXMU, featuring a stylized green tractor with a person driving it, surrounded by gears and a sun. The text reads "XXXIX MOEXMU 31 de marzo 1 e 2 de abril Recinto feiral Manuel Vilela MUMENTA".

Advertisement for MOBILRIAS, showing a modern living room with a green sofa and a coffee table. The text reads "MOBELRIAS Descubre as novidades na tenda".

xermade

Aprobada a distinción de Mouriño Cuba como fillo predilecto

O Pleno da Corporación xermadina celebrou sesión ordinaria o xoves 9 de febreiro de 2023, ás 20.00 horas. Na parte resolutiva aprobouse inicialmente o Regulamento de títulos, honras e distincións, como paso previo á concesión do título de fillo predilecto a José Mouriño Cuba, nado na parroquia de Lousada, unha petición realizada polo Partido Popular vía rogo no pleno de outubro.

Tamén se aprobou un suplemento de crédito por importe de 15.325,20 euros, financiado con remanente líquido de tesouraría, para a achega municipal ao programa de investimentos do Plan Único 2023. A Alcaldía explicou a solicitude de participación do concello nesta convocatoria, aprobada pola Xunta de Goberno Local o 8 de febreiro de 2023.

Na parte de fiscalización e control deuse conta da liquidación do orzamento do exercicio 2022, que foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 6 de febreiro de 2023, que arroxa un resultado orzamentario de 208.440,62 euros e un remanente líquido de tesouraría para



gastos xerais de 600.337,07 euros. No 2022 os gastos financiados co remanente do 2021 ascenderon a 470.878,00 euros, o que supuxo o incumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, sen consecuencias pola suspensión das regras fiscais, que se mantén para 2023.

Ao remate da sesión, o alcalde anunciou que acaban de recibir a proposta de concesión provisional dunha axuda de 403.000,00 euros do Instituto de Transición Xusta para rehabilitar a Casa Reitoral de Xermade, que se transformará nun

Centro Internacional da Torneiría, segundo o proxecto redactado polas arquitectas da Universidade da Coruña Luz Paz Atras e Marta Marroño: A Reitoral – CIT

A carpintería exterior do inmobile foi substituída recentemente con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental.

O alcalde lamentou que o outro proxecto presentado a esta convocatoria de axudas, a Casa da Veciñanza de Roupas, fora denegado provisionalmente, e anunciou que presentarán alegacións no prazo de dez días outorgado ao efecto.

O lugar de Reguengo, en Cabreiros, celebra as súas festas o 18

A localidade do Reguengo, en Cabreiros, Xermade celebrará este sábado 18 de marzo as festas na honra a San Xosé.

Estas darán comezo ás 13.00 horas coa misa solemne seguida de sesión vermú a cargo do dúo Eclipse, que tamén se ocupará da verbena xunto ao trío La Noche, do Grove. Ao mediodía haberá unha comida popular con xamón cocido, fabada, churrasco mixto con criollo, postre, café e chupito por 28 euros para os adultos e 14 para nenos de entre 7 e 11 anos.

Os que desexen participar poden facelo poñéndose en contacto coa comisión nos teléfonos 669 457 012 ou 686 230 979. Tamén se vende os tickets nos bares Ares e Casal. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

Licitada a rehabilitación de dous kms da estrada LU-P-2201

A Xunta de Goberno Local da Deputación aprobou a licitación das obras para a rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-2201 ao seu paso polo núcleo urbano do concello de Xermade, entre os quilómetros 3,6 e 5,4. O investimento alcanza os 140.000€ e o prazo de execución será de 2 meses, unha vez comecen os traballos.

“Continuamos co esforzo que levamos realizando durante todo este mandato para mellorar a mobilidade nos máis de 4.200 quilómetros de estradas que ten a rede da Deputación, a máis extensa de España e tres veces maior ca da Xunta en Lugo”, detallou Pilar García Porto.

BIBLIOTECA E MULLER. A biblioteca de Xermade cambiou o seu horario desde o 1 de marzo, para

ter aberto pola mañá e pola tarde. O horario a partir de agora será de 11.00 a 14.00 horas e de 15.00 a 18.00, aproveitando a incorporación dun novo traballador ao centro.

MULLER. Así mesmo, a biblioteca contou cunha sesión de contacontos aproveitando a celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo. Trátase do contacontos *A carteira de Augasclaras*, relatado por Carmen Domech de Títeres Brincadeira.

E continuando coa programación do 8M haberá unha conferencia da man de Bego Bermúdez, especialista da función do suxeitador na saúde da muller.

Esta será o 11 de marzo, ás 17.00 horas na biblioteca de Xermade.

Presentan o Pasaporte Gastronómico Ancares Terras de Burón



O concello fonsagrado acolle a presentación do novo Pasaporte Gastronómico do Xeodestino Ancares Terras de Burón, unha nova acción turística que promocionará as 14 festas e feiras máis significativas dos concellos deste territorio.

Rivera Capón puxo en valor este proxecto “tan interesante e positivo para o desenvolvemento desta zona”, pois supón “un atractivo de excepción que complementa unha oferta turística baseada na riqueza desta terra e no carácter acolledor das súas xentes”. “Sen dúbida, unha das mellores maneiras de coñecer un territorio é facelo disfrutando das súas festas populares e festas tradicionais. Aquí temos 14 propostas, unha por cada un dos concellos deste territorio, un feito que invita a descubrir cos cinco sentidos este destino”, asegurou o deputado.

Destacou o traballo que se está a facer desde o GDR Montes e Vales Orientais, presidido polo alcalde fonsagrado, na promoción do turismo e desenvolvemento rural neste espazo protexido. “Esta terra ten boa comida, produtos de calidade excep-

cional, establecementos hostaleiros para desconectar da rutina diaria, as rutas xacobeas, paisaxes impresionantes, e algo moi importante, a profesionalidade e o trato acolledor que ofrecen os profesionais do sector turístico e hostaleiro desta comarca”, subliñou.

O Pasaporte Gastronómico Terras de Burón promocionará as festas e feiras máis destacadas dos 14 concellos que forman parte deste territorio. A Feira do Butelo da Fonsagrada foi o primeiro evento e seguiu pola Festa da Androlla en Navia de Suarna.

O 19 de marzo continuarán coa Feira do Gando en Becerreá; o 7 de abril, a Festa do Queixo do Cebreiro en Pedrafita; o 15 de abril, a Festa do Viño en Negueira de Muñiz; o 1 de maio, a Festa da Troita, na Pontenova; o 13 de maio, a Festa da Troita, en Ribeira de Piquín; o 21 de maio, a Feira da Empanada nas Nogais; no mes de maio, a Feira en Defensa do Gandeiro de Montaña, en Cervantes; o 24 de agosto, a Festa do Emigrante en Pol; o 27 de agosto, a Festa da Malla en Meira; o 27 e 28 de agosto, San Vitorio en Baralla; e no mes de setembro, a Feira do Mel en Baleira.

A alcaldable Nicole Grueira é a candidata máis nova do PP

“Consciente da grande responsabilidade que conleva”, Nicole Grueira (21 anos), estudante de Ciencia Política e da Administración, asume “con moita honra, ilusión, ganas e valentía” o reto de optar polo PP á Alcaldía de Pol.

Grueira foi unha dos representantes dos candidatos populares ás alcaldías de Galicia que interveu en Santiago no acto no que participaron o presidente nacional do PP, Alberto Núñez Feijóo, e o presidente do PPdeG, Alfonso Rueda. Nicole Grueira, a primeira candidata galega nacida no século XXI, reafirma o seu compromiso cos

seus veciños e veciñas e di que porá todo o seu esforzo e empeño en recuperar para o Partido Popular o Concello de Pol, “dando paso ás novas ideas con fins claros, para mellorar a calidade de vida da veciñanza e a satisfacción das súas necesidades”.

Grueira destaca que o Concello de Pol ten máis de 1.361.005 euros de débeda. Sinala que “a mala xestión local faulle moito dano a Pol; se a débeda segue aumentando, xunto co descenso de poboación, a falta de emprego e a vivenda chegará un momento no que o concello acabará desaparecendo”.



CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

“O primeiro é levar a auga a Torneiros, a única parroquia que nos queda”

Lino Rodríguez Ónega é o alcalde de Pol desde o ano 2007 e foi deputado ata 2019

Que balance fai da lexislatura?

Eu creo que a lexislatura foi moi positiva porque as diferentes inversións que fixemos no concello foron pensadas para a mellora de cada veciño no día a día como o tema da auga ou o das pistas. Tamén é importante o desenvolvemento que tivemos do gran proxecto da luz pública, que transformamos o concello e pasamos todo a lámpada led e isto estase traducindo nun aforro que empezaremos a ver. Unha das cousas que hoxe temos ao día son todas as licenzas, ben sexa de edificios ou ben de obra pequena, o que significa que respondemos ao veciño no día a día e iso valóoo moito, ao igual que os veciños, que veñen buscar calquera documento e téñeno ao día ou ao día seguinte. Polo tanto eu creo que en liñas xerais é moi positivo o tema das inversións que fixemos no concello e sen deixar de falar desa área deportiva que está convertendo e poñendo a Pol no sitio que corresponde, creo que é un dos concellos con mellores instalacións deportivas na provincia.

Houbo un investimento no abastecemento de auga. Como están as obras neste momento?

A nosa fonte de ingresos e vía Deputación. Temos un parque de maquinaria extraordinario que nos serve para dar bos servizos aos nosos veciños como neste caso o da auga. Demos servizo a todas as parroquias. agás unha, que estamos preparando proxecto. É unha inversión forte, que é levar auga a Torneiros. E logo tamén melloramos o bombeo de Lea, e noutras parroquias realizamos melloras como Caraño, Lúa ou Gondel. Todo isto son melloras que imos realizando ano tras ano e que vale moito para os veciños, tivemos problemas de auga pero hoxe chega. No relativo ás melloras destacan as feitas en Silva ou no barrio de Andián, que tiñan

problemas co abastecemento.

E tamén se traballou no cambio do alumado en todo o Concello.

Apostouse pola mellora na iluminación cun cambio a led, que se fixo de forma rápida, cunha inversión forte e utilizando un sistema diferente que o resto de concellos. Fomos directamente a unha solicitude do IDAE onde se cambiaron 1700 luminarias, e agora a parte de que gañamos en luminosidade temos un aforro enerxético. De feito, están aínda traballando os técnicos porque temos que perfilar algúns puntos.

Outro dos investimentos fortes é en estradas.

Temos unha rede de estradas que supera os 750 quilómetros, onde cerca de 300 están asfaltados e o resto son pistas de concentración parcelaria e camiños. Polo tanto, conservalos todos danos moito traballo e grazas ao parque de maquinaria imos conseguindo, non telas o ben que quixéramos, pero imos mellorando os accesos ás explotacións e as fincas e despois o de día a día das asfaltadas. Espero continuar na próxima lexislatura e continuar facendo un pouco o que viñamos facendo. No relativo ás estradas eu diría que están ben, iso non quere dicir que no xurdan fochancas e sobre todo este ano que choveu moito e os desbordamentos estragaron pistas. Agora estamos a facer novos proxectos para arranxar novas pistas.

Que prazos se manexan para finalizar a nova zona deportiva?

Eu quería esta primavera tela terminada, pero vai ser difícil porque sempre hai cousas que se saen dos cálculos. De todas formas esta primavera ou verán terminaremos a grada. Despois o campo de fútbol está ben e toda a área deportiva, onde está a pista de pádel e os xogos tradicionais, está en perfecto estado, quizá fagamos algunha modificación



ao longo deste ano, si salvamos a situación en maio, continuaremos traballando para deixar todo en perfecto estado. O que pretendemos e facer que xente de Lugo, ou de outras zonas veña, estamos apoiando o deporte e este ano vaise celebrar aquí outra vez o Campus dos irmáns Quintela que visita xente de diferentes puntos de España, iso creo que é unha ilusión e unha oportunidade para dar a coñecer o concello de Pol. Como van os procesos de concentración parcelaria?

Iso si que hai que facer unha crítica dura porque hai unha parroquia, Suegos, que no 2000, antes de ser eu alcalde, comezou co proceso e aínda non saíu adiante. Están facendo moita publicidade e sen embargo as concentracións non se moven. Noutra parroquia, Hermunde, presentamos un escrito dende o Concello coas firmas do 99 por cento dos veciños, e aí quedou. Isto é unha desgracia para o sector gandeiro e madeireiro. A concentración parcelaria, se dependera da firma do alcalde, faríaa por decreto e hai moita xente que está de acordo, porque a xente dáse de conta que con parcelas pequenas non se fai nada. Eu levo máis de seis

meses pedíndolle unha entrevista ao conselleiro de medio rural porque é un desastre como deixaron a concentración parcelaria da parroquia de Pol.

E de cara xa ao futuro, cales son os principais proxectos?

A longo prazo un proxecto estrela sería levar a auga a parroquia de Torneiros que é a que nos queda, o resto está case ao cen por cento. E despois teño un proxecto estrela que levo anos pensando nel e por motivos de inversión non é posible e porque desgraciadamente da Xunta non vén nada, porque ter unha igrexa que é do século XV cuns retablos extraordinarios e non hai forma de conseguir algo de patrimonio, pero despois denunciante por todo, pero non son capaces de aportar para conservar algo. Proxectos son seguir mantendo toda a infraestrutura da auga, facer camiños, imos facer un local social novo na parroquia de Suegos. Tamén estamos a traballar no aforro enerxético, que isto se informará moi pronto aos veciños das comunidades enerxéticas, onde o Concello vai estar na vangarda de poder colaborar co aforro enerxético cos propios veciños

Que necesidades ten o Concello a día de hoxe?

As necesidades que teñen os concellos pequenos, no só o de Pol, é o mal que nos trata o Estado pasando pola Xunta. Un concello como acabo de dicir, con 700 quilómetros de pista, uns veciños espallados, o servizo da lixo por debaixo dos costes todo isto depende de que os concellos teñan máis fondos. Non podemos crear postos de traballo porque non temos partida orzamentaria, sen embargo temos necesidades. Nós estamos na vangarda dando servizo de axuda a domicilio e sen embargo aínda temos que aportar unha parte de diñeiro para os veciños que están nas residencias. A lei de dependencia que nace do Estado pasando pola Xunta de Galicia e aí se tiña que acabar, nós tiñamos que recibir máis diñeiro para dar os servizos básicos. E hai unha cousa que quero deixar como unha crítica, é vergoñento como tratan as paradas do bus para ir os nenos ao colexio, estamos nun ámbito rural e non teñen en conta iso deixando aos rapaces as paradas a dous quilómetros obrigando aos pais a desprazarse para levar aos nenos. Pasa o autobús por algúns barrios e non son capaces de recoller alí a un neno, teñen que ir con el a outro barrio porque alí se estableceu unha parada.

Temos xa unha data de apertura da biblioteca?

Estamos traballando nesa cuestión porque casualmente a bibliotecaria atópase de baixa, volveu hai uns días deuse de alta e volveu darse de baixa. Así que nos quedan dous camiños, ou a cerramos ou contratamos a alguén porque non podemos estar así.

Que aporta ao concello o xeodestino Ancares-Terras de Burón?

Imos sacando adiante cousas. Agora por exemplo imos mellorar un lavadoiro tradicional e antigo, que está situado en Hermunde, a inversión é pequena porque son 30.000 euros o que podemos alcanzar, aí necesitabamos ter máis pero polo menos estamos facendo cousiñas que están en deterioro e ímolos recuperar. Entre elas este lavadoiro que é onde van destinados os cartos do GDR.



Comezan as obras de mellora da rede viaria en tres parroquias

Deron comezo en Begonte as obras de mellora da rede viaria con mistura bituminosa de aglomerado en quente, mellorando así a seguridade para os vehículos e os peóns.

Nesta ocasión actuarase nas parroquias de Donalbai (Senande), no núcleo de Baldomar e na estrada que vai dende Baldomar ata o campo de fútbol de Saavedra.

Estas actuacións enmárcanse dentro do programa municipal de estradas, co preténese a mellora da capa de rodadura con aglomerado



en quente como se veu facendo nos últimos de 10 anos. Estas actuacións teñen un orzamento de 200.000 euros.

Regresa a Foliada de Inverno

Castiñeiro Milenario comeza o ano cunha nova edición das Foliadas de Inverno, como sempre na Casa do Pobo da Asociación Veciñal do Castro de Begonte. Este ano terá lugar o 11 de marzo e dará comezo cun obradoiro de trompa ou birimbao.

Daniel do Pando, recoñecido tocador da trompa, impartirá un obradoiro de iniciación a este instrumento. O inicio está programado para as cinco de tarde. O prezo é de 15€ para as

persoas asociadas de Castiñeiro e de 20€ para o público en xeral.

Despois do tempo de formación, pasarase aos petiscos para repoñer forzas e dar paso aos momentos festivos coa foliada propiamente dita, que empezará a partir das 22.00. O grupo local Foliadeir@s do Castro serán os encargados de romper o xeo e comezar a foliada. Seguidamente Xaora será o encargado de continuar a festa, antes da foliada aberta.

A Deputación arranxará as pistas multideporte do club fluvial

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, anunciou en Begonte o arranxo das pistas multideporte situadas no Club Fluvial, xunto ao río Ladra. Explicou que esta actuación é posible grazas a un convenio de colaboración entre a institución e a entidade social polo cal a Deputación achegará a totalidade do investimento, que supera os 50.000€.

Os traballos, que terán un prazo de execución dun mes, consistirán no acondicionamento da plataforma, o pavimentado con formigón con fibras de 8 centímetros de espesor e cor verde e a colocación de peche metálico de 4 metros de altura nos fondos das pistas. Tamén incluírán o subministro e instalación de redes e pintado das canchas de tenis.

“Estas son as únicas pistas deste tipo que existen no concello de Begonte, e mesmo en zonas próximas, e tiñan falta de conservación. Son unhas instalacións que permiten un uso variado para os veciños e as veciñas, pero tamén para as persoas que se achegan a Begonte a desfrutar deste espazo”, sinalou o mandatario provincial, que durante a súa visita esti-



vo acompañado polo presidente do Club Fluvial de Begonte, Alejandro Varela, e membros da entidade; a deputada Pilar García Porto; e a concelleira Susana Ferreiro.

Trátase dunha colaboración que contribuirá, en palabras de José Tomé, “a dinamizar o concello e a contorna” porque “este espazo recreativo é un foco de actividade importante para a zona, pola riqueza que xera e o turismo que atrae, fundamentalmente nos meses de verán”.

O Presidente destacou que esta colaboración “forma parte da liña de cooperación permanente que mantemos dende a Deputación de Lugo,

tanto cos concellos, como co tecido asociativo do municipio, para ofrecer máis e mellores servizos ós veciños e veciñas”.

A Deputación achegou a Begonte desde o 2019 máis de 1,7M€ a través de diferentes liñas de actuación. Desta cantidade, a partida máis importante foi para as infraestruturas, que contaron cunha achega da institución provincial que superou os 750.000€ e nas que se incluíron actuacións tan importantes como a mellora de accesos a unha vintena de núcleos de poboación, a humanización da praza de Begonte ou a rehabilitación da antiga escola.

O Concello organiza unha excursión a Salamanca e o val do Jerte para a veciñanza os días 1 e 2 de abril

O Concello de Riotorto ten programada unha excursión a Salamanca e o val do Jerte que se celebrará os días 1 e 2 de abril.

A viaxe dará comezo ás 6.30 horas dende a gasolinera da localidade. Tras un almorzo en Vega de Valcárces farase unha visita a Béjar para comer no restaurante Corrobla. Pola tarde visitarán Cabeza del Valle (Jerte) e pasarán a noite en Salamanca.

Ao día seguinte, farán unha visita guiada pola localidade. Tralo xantar, haberá tempo libre e o regreso está previsto para as 17.30 horas.

O prezo da viaxe é de 120 euros por persoa e só haberá 50 prazas, tendo preferencia os usuarios dos centros veciñais.

As persoas que desexen acudir deberán anotarse cos monitores dos centros veciñais ou no Concello antes do 15 de marzo.

A Deputación mellora dúas curvas entre As Ródrigas e Marco de Álvarez

A Deputación mellorará a visibilidade de dúas curvas na estrada provincial LU-P-5501, que une As Ródrigas con Marco de Álvarez, ao seu paso polo municipio de Riotorto, á altura da Granxa, na parroquia de Ferreiravella. Unha actuación para que a institución provincial destina 47.200€ e que comezará nas vindeiras semanas.

Esta estrada presenta unha visibilidade reducida en dous tramos de curvas, onde se atopan situados dous accesos á altura dos puntos quilométricos 4,9 e 5,7. O proxecto inclúe o movemento de terras para o desmonte nestes dous puntos, a pavimentación da calzada con zahorra artificial e o balizamento no punto quilométrico 5 coa colocación dunha bionda. O prazo de execución dos traballos é dun mes, unha vez iniciadas as obras.

A mellora desta vía é moi importante porque dá servizo aos numerosos veciños e veciñas que transitan



por ela a diario, así como a explotacións gandeiras e empresas da zona. Uns traballos que se enmarcan dentro da política de mellora da mobilidade impulsada polo goberno provincial e que reverte na seguridade viaria da veciñanza, ademais de beneficiar a súa comodidade e seguridade.

A institución provincial fixo un trazado totalmente novo desta estrada no ano 2015 cun investimento de 1,5M€, cumprindo así cunha débeda histórica cos veciños e veciñas.

O alcalde reúnen na Xunta para tratar da BUO e do arranxo das vías de unión con Mondoñedo

A Xunta e os concellos de Mondoñedo e Riotorto reuníronse para falar da tramitación da licenza de obras para a nova base de unidade operativa (BUO) de incendios de Mondoñedo, na que o Goberno galego investirá arredor de 400.000 euros. Foi na reunión que mantivo o conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, co alcalde de Mondoñedo, Manuel Otero, e co rexedor de Riotorto, Clemente Iglesias.

Neste caso concreto, o BUO de Mondoñedo contará cunha superficie total de 223,65 metros cadrados. As instalacións albergarán unha zona de descanso para o operativo, vestiario, aseos, despachos e almacéns. Tamén se incorporará nos exteriores unha zona de garaxe para vehículos e motobombas.

A estrutura desta base realizarase

mediante madeira galega, dentro dos plans da Consellería para os puntos de encontro das brigadas de incendios, que se están a reformular para pasar a denominarse BUO, xa que nelas se concentrarán non só estes profesionais, senón tamén outros traballadores do servizo como condutores de motobombas, axentes etc. Ao longo deste ano está previsto crear os primeiros tres BUO, que se situarán nos concellos de Rianxo e Muíños e -precisamente- Mondoñedo.

Na xuntanza, os rexedores de Mondoñedo e Riotorto solicitaron ao conselleiro melloras nas infraestruturas que comunican os dous concellos e máis concretamente o arranxo dunha pista municipal que enlaza o barrio de Bidueiras, en Mondoñedo, co lugar do Vilar de Santiago, en Riotorto, unha actuación que comprometeu a Consellería en colaboración con ambos consistorios.

Presentan o proxecto Unico-Banda Ancha para a dixitalización do rural

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, exemplificou na Pastoriza o esforzo do Goberno de Pedro Sánchez para dixitalizar os municipios do rural da provincia cun investimento de 22,5 millóns de euros procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Isabel Rodríguez trasladouse esta mañá ata o Concello da Pastoriza onde o Executivo Central despregará conexión a internet de alta velocidade a 1.362 familias e empresas instaladas no municipio co UNICO-Banda Ancha, o programa posto en marcha polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

“É unha mostra de como están a impactar as políticas do Goberno de España para mellorar a vida dos lucenses, con proxectos reais que dan resposta ás demandas da cidadanía e que van encamiñados a reducir a fenda dixital, un obxectivo prioritario dentro do reto demográfico, porque dotando de novas tecnoloxías aos municipios pequenos aumentamos as posibilidades de desenvolvemento e fortalecemos a cohesión territorial”, destacou a subdelegada duran-



te a reunión esta mañá co alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, na que trataron os programas dispoñibles do Goberno en materia de vivenda, transición ecolóxica, turismo e administración pública.

Isabel Rodríguez informou que o Concello da Pastoriza está presente nas dúas convocatorias de dixitalización do territorio que impulsa o Goberno a través do programa UNICO-Banda Ancha, co que se garante que 488 zonas da localidade dispoñan de conectividade de máis de 300 megas. “Esta iniciativa promove que toda a poboación teña acceso ás telecomunicacións en igualdade de

condicións, fundamental para unha provincia como a de Lugo cunha elevada dispersión territorial”, engadiu. Deste xeito, A Pastoriza está incluída nos proxectos de dotación de internet de alta velocidade que leva a cabo o Ministerio co Plan de Recuperación e que se vehiculan, con dúas convocatorias xa resoltas: a de 2021, que xa está en execución; e a convocatoria do 2022, xa adxudicada. O Goberno financia con este programa ata o 90% dos custos (tecnolóxicos, obras, permisos, etc) nos que incorren as empresas tecnolóxicas para levar Internet de alta velocidade a zonas sen cobertura.

Convocada para abril a Festa da Bola de Liscos

A Asociación de Amigos da Feira de Bretoña anunciou que a XII edición da Festa da Bola de Liscos e Freces de Bretoña terá lugar o domingo 23 de abril, no concello da Pastoriza, continuando coa recuperación da mesma realizada o ano pasado tras tres de ausencia.

Trátase dunha celebración que busca ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que organiza unha remodelada Asociación de Amigos da Feira de Bretoña.

Esta festa tivo lugar por última vez no ano 2018 na que foi a súa décima edición e a intención é establecer unha continuidade para solicitar esta designación galega. Na edición do ano pasado repartíronse unhas 200 bolas de liscos e de 800 racións de freces entre os asistentes a este evento que desbordaron as previsións.

A bola de liscos é un prato da zona elaborado con masa de pan, panceta afumada, chourizo e berzas, o que se coñece como coción con produtos de subsistencia

pero cun resultado espectacular. Este ano, para darlle todavía máis relevancia, as bolas estarán elaboradas con produtos do porco celta. Para os que non coñezan este produto, ten moito parecido cunha empanada gorda pero moi xugosa e sabrosa. Isto é debido aos liscos do seu interior e o sabor é pola cobertura de berza coa que se mete ao forno.

CEA BAILE. A comisión de festas de A Castiñeira, Castrillón, Seselle e Piñeiros, na Pastoriza, organiza o sábado 25 de marzo unha cea baile a partir das 22.15 horas, que se desenvolverá no pavillón de Bretoña.

Os asistentes poderán desfrutar dun xantar elaborado por Boavista con xamón cocido e chourizo, callos, churrasco, postre, café e chupito a un prezo de 25 euros para adultos e 15 para menores. As tarxetas están á venda nos teléfonos 608 622 202 ou 650 293 691 ou na gasolinera. O baile estará ao cargo do dúo musical La Hora Bruja e de Aixa Romay.

Catro mulleres falan de igualdade de xénero no mercado de traballo

O IES Fonmiñá da Pastoriza acolleu unha sesión informativa de sensibilización sobre a igualdade de xénero no mercado do traballo co lema de que os oficios e as profesións non teñen xénero.

Catro mulleres falan no centro sobre as súas experiencias laborais en oficios e profesións “masculinizadas”, é dicir, actividades laborais nas que dominaron os homes. “Elas son un claro exemplo do avance social cara á igualdade

de xénero no mercado de traballo: mulleres novas que, con vontade, esforzo e motivación, realizan oficios e profesións que anteriormente se consideraban de homes, desmentindo coa súa actividade laboral cotiá os vellos estereotipos e prexuízos sociais nos que se baseaba esa falacia propia da cultura patriarcal, xa que os oficios e profesións realmente non teñen xénero e, por conseguinte, deben ser accesibles con condicións de traba-

llo iguais para calquera persoa coa formación profesional adecuada”, explicou Primitivo Iglesias, alcalde da Pastoriza, que foi o encargado de presentar o evento.

Participaron no mesmo Lola Eiras, empresaria e responsable de loxística-almacén de Eiras Distribución (Meira), empresa dedicada á produción e distribución da gasosa A Pitusa, así como á distribución doutras marcas de bebidas. Tamén estivo Diana Gesto, enxeñeira téc-



nica industrial na especialidade de electrónica, que traballa como técnica superior na empresa de mantemento dun hospital público.

Así mesmo estiveron Rocío Goyos, transportista autónoma de leite fresco e Laura Vallejo, traballadora motoserrista forestal.



O Concello da Pastoriza defende o

Deron comezo as obras do Centro de Información do Alto Miño cun investimento que superará os 340.000 euros, sufragados ao cen por cento pola CHMS, que busca poñer en valor a lagoa de Fonmiñá

O alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, acompañou a José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), na visita das obras do novo Centro de Información do Alto Miño, en Fonmiñá, lugar emblemático do concello lucense.

Este proxecto ten o obxectivo de converter a Fonmiñá nun lugar de referencia na demarcación, situado nun enclave privilexiado a través do que se divulgarán os valores dos ríos e do ecosistema asociado aos mesmos.

A edificación e o exterior foron proxectados evitando o impacto visual, primando e valorizando a riqueza natural e paisaxística da contorna; pensando en edificacións sinxelas e construídas con materiais da zona.

Será dotado de tecnoloxía simple, intuitiva e adaptada aos novos tempos, co ánimo de facelo atractivo para os veciños e visitantes, ademais de estar moi enfocado á comunidade escolar.

O investimento estimado supera os 340.000 euros, sufragados ao 100% pola CHMS, pola súa banda o Concello da Pastoriza puxo a disposición os terreos necesarios para a edificación e a contorna próxima.

Este centro responderá á necesidade de albergar un centro versátil que se utilizará, segundo os casos, aula da natureza, espazo de lectura, lugar de contemplación, museo. En consecuencia, interiormente será un espazo polivalente, pouco compartimentado, con fácil adaptación ás distintas necesidades de exposición ou actividades que vaian xurdindo co tempo e que se irán definindo co mesmo.

O PROXECTO

No seu aspecto construtivo procederase á reinterpretación da arquitectura tradicional da zona. Volume sinxelo de planta rectangular e cuberta a dúas augas, con cachotería de cuarcita en facha-

das, estrutura de cuberta de madeira e acabado exterior de lousa. Ademais, construírase unha sobre elevada para protexerse da auga, de madeira, similar ás pasarelas que abundan na zona.

Utilizarase, segundo os casos, de aula da natureza, espazo de lectura, lugar de contemplación ou museo

Esta idea de deseño busca dous efectos principais, por unha banda, servir de lugar de contemplación da Charca de Fonmiñá e a súa contorna, polo que se abre a esta zona verde, desde o interior, amplamente acristalado, e desde o exterior desde unha zona cuberta. Por outra banda, o edificio trata de



ser unha "barreira" con respecto da estrada inmediata que percorre este espazo en todo o seu linde, dándolle as costas de maneira rotunda, e axudando a crear un espazo natural amable, funcional e tranquilo.

A edificación e o acondicionamento exterior foron proxectados evitando o impacto visual, primando e valorizando a riqueza natural e paisaxística da contorna; pensando en edificacións sinxelas e construídas con materiais da zona.

A edificación e o exterior foron proxectados evitando o impacto visual, primando e valorizando a riqueza natural e paisaxística da contorna; pensando en edificacións sinxelas e construídas con

materiais da zona.

En canto ao deseño interior, contéplase simple e intuitivo, e dotado de tecnoloxía adaptada aos novos tempos, co ánimo de facelo atractivo para foráneos, visitantes e moi enfocado á comunidade escolar.

FESTA DA POESÍA

Co obxectivo de seguir a poñer en valor este enclave natural, o Concello ten prevista unha festa da poesía, que terá unha continuidade no tempo e que cada ano estaría dedicada a un artista. A idea é comezar polo poeta Aquilino Iglesia Alvariño, natural da parroquia abadinesa de Seivane de Vilarente.



seu patrimonio cultural e histórico

O CIN Bretoña, un centro de interpretación que conta cunha exposición centrada na arqueoloxía, historia e etnografía do concello

O Centro de Interpretación da Pastoriza abriu as súas portas no mes de agosto do 2019 como un centro de interpretación que conta cunha exposición centrada na arqueoloxía, historia e etnografía do concello, pero que pon a mirada tamén no patrimonio natural, a través dunha serie de rutas polos arredores, así como nos protagonistas que construíron a historia de Bretoña. O centro tivo un comezo lastrado pola acción do coronavirus, que obrigou ao peche do mesmo durante os meses de confinamento. Pero non tardou moito en recuperar o seu ritmo de visitas para situar a Bretoña no mapa da historia, xa que ofrece un claro e explicativo percorrido pola historia da diocese de Britonia e o legado do pobo bretón no territorio galego. Dende o seu inicio, o centro non parou de crecer, non só en visitas, senón tamén en patrimonio. Por exemplo, incorporou ao seu mostrario unha peza tallada en ma-

deira, realizada por Ismael García Rodríguez con motivo das festas do Lugnasad 2020 de Bretoña, simbolizando a árbore da vida celta. A obra sitúase enriba da pila de mármore orixinal da vivenda na que se sitúa no centro de interpretación, que xa albergaba unha réplica de vasilla de cerámica castrexa galaica do Castro de Saa. Así mesmo tamén posúen unha maqueta do castro de Bretoña, unha das pezas que máis interese causa, e que é unha reconstrución hipotética realizada no ano 1998 por Eva Seoane seguindo as fontes arqueolóxicas e utilizando materiais naturais como cortiza, madeira, pedra propia de Bretoña, coiro, brión e estopa. É propiedade da Asociación Xuvenil Auruxeira, e foi restaurada pola autora. O centro creceu tamén coa incorporación das pezas que se atopan nas escavacións arqueolóxicas levadas a cabo no próximo Castro de Saa. O CIN Bretoña pode visitarse os venres, sábados, domingos e luns,



entre as 11:00 e as 19:00 horas. O centro divídese en tres plantas e un anexo. A planta inferior está dedicada á formación das terras mindonienses e á prehistoria e arqueoloxía da Pastoriza. A planta central, por onde se accede ao edificio, relata as orixes e historia da diocese britoniense a través de diferentes documentos, vídeos e paneis ilustrativos, e a planta superior conta cunha sala para a celebración de eventos e conferencias, e está dedicada á etnografía da Pastoriza e a historia recente de

Bretoña.

O edificio anexo alberga o forno da antiga casa de comidas e actualmente contén unha mostra de botellas e maquinaria de gasosas. Pero ademais do seu relevo museístico, o centro está a converterse nun lugar de reunión para veciños coa celebración de diferentes actividades lúdicas durante o ano, tanto para adultos como para nenos. Así, realizáronse varias rutas e obradoiros para os máis pequenos e xa foi centro de reunión para varias conferencias e tamén congresos.

O centro organiza durante todo o ano actividades de lecer para a veciñanza como rutas ou obradoiros

A biblioteca engrandece o seu fondo literario



Nun emotivo acto, a biblioteca da Pastoriza abriu cun novo nome e coa incorporación ao seu catálogo dunha doazón de máis de 10.000 exemplares de libros da colección persoal do crítico literario Ángel Basanta.

Este erudito da literatura, natural da parroquia de Crecente, fixo entrega dos libros que foi acumulando ao longo da súa vida, entre comprados, agasallados, dedicados e tamén como parte do seu traballo.

Estes libros pasan a formar parte da biblioteca da Pastoriza, que rende tamén o seu agradecemento ao catedrático de literatura poñéndolle o seu nome ao centro.

Segundo explica Basanta, hai literatura de todos os estilos e procedencias e tamén a bibliografía completa de moitos autores, tanto clásicos como modernos.

No acto, o crítico e catedrático de literatura estivo arroupado por amigos e compañeiros de profesión como Víctor Fernández Freixanes, Emilio Pascual ou José Antonio Ponte. Completou a mesa o alcalde, Primitivo Iglesias, que ademais é amigo de Basanta dende a nenez.

Acompañaron ao autor familiares, amigos e veciños, que encheron o salón de actos e que apoiaron coa súa presenza o respecto ante un veciño de Crecente, que non deixou de vir á Pastoriza dende que saíu a estudar de rapaz.



O BNG reclama protexer a capela de Bravos

O BNG de Outeiro de Rei demanda medidas urxentes para “deter a destrución” da capela de Bravos, en Vicinte, e asegura que “resulta imprescindible frear a destrución do patrimonio histórico do concello”.

Din que a capela de Bravos está a sufrir un intenso deterioro debido ao seu abandono e mal estado de conservación no que se atopa. Esta capela, “que é un dos elementos máis representativos do Patrimonio Histórico do concello”, ten partes románicas e góticas e foi durante séculos un dos centros de peregrinación da comarca. Ten tamén un cruceiro asociado que é un dos máis representativos da Terra Cha, idéntico por certo ao existente en Quintián, na parroquia de Cela ao outro extremo exacto do concello. Esta capela xa sufriu recentemente roubos de distintas pezas e, debido ás goteiras e falta de mantemento, estase a destruír tanto o edificio



como o contido da propia capela. O BNG propoñía que se iniciasen os trámites para incorporar esta capela ao patrimonio público e, mentres isto non fora efectivo, se se tomasen as medidas oportunas para deter a destrución deste ben patrimonial.

“O PP, como ben sendo habitual, recoñece a importancia deste ben, así como chufa do moito que fai pola conservación do patrimonio, pero vota en contra da medida para frear a súa destrución”, indican os nacionalistas.

Organizan dúas sesións de xogos para a rapazada o 10 e o 13

O concello acolle o 13 de marzo unha xornada de xogos tradicionais, unha actividade de conciliación co fin de fomentar o coñecemento e goce do xogo tradicional na que os nenos e nenas poderán descubrir, xogar e experimentar con xogos como a rá, a chave, o alquerque, a ferradura, o zurriagazo ou a malla entre moitos outros.

Esta actividade terá lugar no pavillón municipal dos deportes de 16.00 a 18.00 horas. Está dirixida a nenos e nenas de 3 a 16 anos e a inscrición estará aberta ata cubrir as prazas dispoñibles.

A actividade é gratuíta; para asistir é preciso anotarse a través do código QR que aparece no cartel anunciador ou na páxina web corresponsables.usc.gal, onde tamén poderán obter máis información. O prazo de inscrición está aberto ata o propio 13 de marzo ás 15.00 horas.

Tamén o 10 terá lugar a xornada Móvete con equilibrio, de inchables deportivos, unha xornada de actividades físico-deportivas con inchables deportivos como táboa de surf, pista americana, rocódromo etc. Movemento con equilibrio para desenvolver habilidades motrices.

Reunión coa veciñanza de dúas concentracións parcelarias

Representantes do Goberno autonómico mantiveron unha reunión con veciños para presentarles as dúas novas concentracións parcelarias decretadas neste municipio. Así, o concelleiro destacou que estes procesos permitirán reorganizar a estrutura territorial de 2.451 hectáreas de superficie, beneficiando 833 titulares e cun orzamento previsto de 7,3 millóns de euros. Así mesmo, segundo o tratado no encontro, tamén se impulsará unha zona de permutas de

especial interese agrario, no marco da Lei de recuperación da terra, na liña das de Friol.

Concretamente, na zona de San Fiz de Paz reorganizárase unha superficie de 1.146 hectáreas distribuídas en 1.678 parcelas, propiedade de 313 veciños. No tocante á zona de Arcos-Sobrada de Aguiar-San Lourenzo de Aguiar, reestruturárase unha superficie de 1.305 hectáreas distribuídas en 3.039 parcelas, propiedade de 520 veciños.

Presenta as actividades vinculadas á muller do primeiro semestre

O alcalde, José Pardo Lombao, e a concelleira de servizos sociais, María José Martínez Vigo realizaron a presentación das Actividades de Promoción da Muller 2023.

Entre as actividades que dan comezo figuran varios obradoiros e unha viaxe a Silleda, entre outras actividades. Comezase cunha actividade de prevención e control do estrés e da ansiedade con técnicas de relaxación impartido pola psicóloga Tania Merelas Iglesias.

Ademais, Amparo Grandío Rodríguez impartirá unha sesión de elaboración de conservas de froitas, verduras e escabeches. Haberá tamén un obradoiro de arte floral.

OUTRAS ACTIVIDADES. Persoal técnico de Academia Postal atenderá e resolverá as dúbidas tecnolóxicas das persoas que desexen achegarse á aula informática nas mañás dos sábados do 18 de marzo ao 13 de maio; pódese asistir sempre previa reserva de praza no tfno. da Casa da Cultura (982 393 408), establecéndose para esta actividade, con independencia do número de sesións ás que se asista, unha única cota de 10 €.

Farase tamén unha viaxe á Semana Verde de Silleda. Nesta feira multi-



sectorial pódense atopar un escaparate único con variedade de produtos: alimentación, turismo, caza, pesca e natureza.

Por outro lado, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo e trala boa experiencia do ano pasado que permitiu coñecer a 8 mulleres do municipio, ver a diversidade na que viven tanto no que se refire ao mundo laboral como aos distintos puntos de vista e as percepcións que teñen sobre a igualdade, o Concello de Outeiro de Rei volve repetir esta iniciativa pero dándolle un xiro e pretendendo facer unha homenaxe nesta edición ás

mulleres maiores do municipio, mulleres inspiradoras doutras moitas, mulleres que abriron camiño.

Este vídeo estase realizando nestas datas pola empresa outeireira de comunicación BuleBule.

A programación prevista para 2023 completárase, xa no segundo semestre do ano, con outras actividades como tecendo con fibras vexetais, taichí, produtos de limpeza ecolóxicos e para conmemorar o 25N, a andaina popular contra a violencia de xénero.

Pódese acadar máis información ou realizar as inscricións na Casa da Cultura ou no teléfono 982 393 408.

A casa de Manuel María convoca o segundo concurso de composicións musicais

Casa-Museo Manuel María vén de facer públicas as bases da segunda edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María.

O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexaren, tendo de prazo até o 15 de xuño. As composicións deberán ser orixinais, inéditas, sen estrear e cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio. A canción presentada terá que ser sobre un poema, de libre elección da persoa concursante, de entre todos os escritos por Manuel María e estará clasificada dentro da modalidade de canción galega.

Na presente edición as composicións estarán escritas para voz de soprano con acompañamento de

piano, estando previsto que isto cambie todos os anos, xa que o pasado foi para barítono.

O certame convocado conta cun único premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución gratuíta a todos os Conservatorios de Música de Galicia.

O concurso desenvolverase en dúas fases de xeito que na primeira o xurado seleccionará un máximo de catro cancións finalistas que pasarán a unha segunda fase e que se fará público o 15 de xullo. Na fase final determinarase a canción gañadora entre as designadas como finalistas na primeira fase. Para iso levarase a cabo un acto con concerto público que terá lugar no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o sábado máis próximo ao aniversario do escritor.

O Pleno acorda instar á Xunta a que aumente as axudas á produción ecolóxica

O Grupo Socialista defendeu unha moción instando á Xunta a aumentar o presuposto das axudas para a produción ecolóxica para cada ano do período 2023-2027. Esta proposta foi aprobada por unanimidade.

“Agora evidenciamos un cambio de postura do PP, que tivo que recuar debido á presión social e tamén dos propios produtores que traballan neste sector, que denunciaron que o 54% das explotacións ecolóxicas de Galicia quedaron sen axuda”, advirten dende o PSdeG. A través desta proposta, reclamaron á Xunta completar con fondos propios a cantidade orzamentada no 2022 ata acadar os 5,6M€ que son necesarios para cubrir tódalas solicitudes.

Propoñen ao PP “fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027”, e instan á Xunta a “darlle publicidade e transparencia ás decisións adoptadas para público coñecemento das e dos produtores”.

Remedios González volverá encabezar o PP nas municipais

A actual voceira do PP, Remedios González Cabarcos, será de novo a candidata do PP á Alcaldía de Rábade tal e como o aprobou a xunta xestora do PP local. González Cabarcos xa encabezara a lista nas pasadas eleccións municipais do 2019 e nas do 2015, onde as súas candidatura fora a máis votada por enriba da do actual rexedor que pactou cos socialistas para gobernar.

A candidata popular foi presentada nun acto que contou coa presenza do secretario xeral do partido, Javier Vázquez Nodal, o coordinador xeral, José Manuel Balseiro, o senador do PP José Manuel Barreiro, alcaldes e deputados provinciais da zona; ademais de afiliados e simpatizantes que a arrouparon á candidata que ten o reto de lograr a Alcaldía.

González Cabarcos é pedagoga e actualmente dirixe o CEIP Otero Pedrayo tras unha traxectoria de 30 anos como docente e 16 como directora de centros educativos. Especialista en Educación Musical e Experta Universitaria en Tecnoloxías para a Educación e o Coñecemento coordina e participa como relatora.

A Deputación inicia a mellora da rotonda do polígono e dunha vía

A Deputación de Lugo vén de comezar as obras de mellora do firme e a seguridade viaria en dúas estradas provinciais ao seu paso polo municipio de Rábade cun investimento de case 50.000€. Trátase da vía que comunica o núcleo da localidade con Vilar de Seo e tamén a glorieta do polígono industrial.

Por unha banda, a institución acondiciona o firme da LU-P-5103, que comunica Rábade con Vilar de Seo nos 400 metros da vía. Os traballos consisten na reapertura de cunetas na LU-P-5103, eliminando a vexetación e os soterramentos para beneficiar o sistema de drenaxe desta estrada. Logo pavimentarase a vía con aglomerado en quente e farase a sinalización correspondente.

A Deputación renova así mesmo a glorieta do polígono industrial da localidade, que é a que comunica a LU-P-5101 (de Rábade a Friol), coa LU-P-5104 (de Rábade a San Martiño de Caboi). Os traballos consisten na reposición do pavimento con aglomerado en quente, xa que se atopa deteriorado ao ser unha



vía que soporta unha alta densidade de tráfico de gran tonelaxe. Unha vez finalizada a pavimentación, realizarase o pintado das vías mediante marcas viarias reflexivas brancas.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, salienta a importancia das actuacións porque estas estradas dan servizo a moitos veciños e veciñas, e dan acceso ao polígono industrial, que mantén un nivel alto de tránsito de camiós e coches cada día. Do mesmo xeito, recalca que “a mellora das comu-

nicacións é unha prioridade para a Deputación porque defendemos a mobilidade como un dereito básico dos veciños e veciñas da provincia. Unha boa rede de estradas é fundamental para o equilibrio territorial e para o desenvolvemento do rural, porque axuda a fixar poboación e a achegar os servizos”.

A Deputación de Lugo destinou dende o ano 2019 ao concello de Rábade máis de 1,4M€ a través de diferentes vías de actuación que melloran os servizos e a calidade de vida dos veciños e veciñas.

EN BREVE

XUBILADOS. O vindeiro 26 de marzo terá lugar a XVIII Xuntanza de Xubilados e Pensionistas de Rábade. No programa de actos figura unha misa na súa honra e unha comida de confraternidade. A misa será ás 12:00 horas na igrexa de San Vicenzo e a comida ás 14:00 horas no Asador CotoReal, na que os maoires desfrutaran tamén cun sorteo de agasallos (grazas aos comercios locais e provedores do Concello) e cunha actuación musical. As invitacións recolleranse no Concello ata o 20 de marzo en horario de 9:00 a 14:00.

INSUAESCOLA. A Asociación Galega de Custodia do Territorio, en colaboración con Galwy, organiza na Casa das Insuas de Rábade a actividade A Insuascola en Primavera, que se levará a cabo durante 4 sábados nos meses de marzo e abril dirixido a rapaces e rapazas de entre 6 e 12 anos. É unha actividade moi interesante para aprender sobre natureza ao aire libre na que os participantes terá moitas actividades ao aire libre. Esta terá lugar os días 18 e 25 de marzo e 15 e 22 de abril, entre las 17.00 e as 19.00 horas. A actividade ten un prezo de 20 euros para socios que se incrementa en 5 euros para o resto.

Premio para os Coira na previa dos Mestre Mateo



Allariz acolleu a xuntanza de finalistas dos XXI Mestre Mateo, a antesala da gala de entrega de premios que se celebrará en Ourense o vindeiro 11 de marzo, onde foi premiada a serie Rapa, dos irmáns rabadenses Pepe e Jorge Coira. Os premios especiais da XXI edición dos Mestre Mateo recaeron nas longametraxes *O corpo aberto*, *Valentina* e *O home e o can*; a serie *Rapa* e a curtametraxe *La entrega*.

A xerente de Galicia Calidade, Ana Méndez, entregou o Premio Galicia Calidade á promoción exterior, que recaeu na serie *Rapa*: “unha produción que revelou a milleiros

de espectadoras e espectadores as espectaculares paisaxes das Rías Altas, ao tempo que resultou premiada, recoñecida pola crítica e adorada polo público.”

O acto continuou coa tradicional fotografía de familia. Como novidade da presente edición, as finalistas recibiron unha bolsa de agasallos.

A primeira rolda de votacións situou a *Rapa* como a produción máis votada entre as 194 que se presentaron aos XXI Premios Mestre Mateo, con 19 candidaturas finalistas, seguida por *O corpo aberto*, con 16, *Código Emperador*, con 8 e *Unicorn Wars*, con 6.

Volve en Semana Santa o Máster de Fútbolín con máis recompensas

O Máster Nacional de Fútbolín, que este ano chega á viséxima cuarta edición, celebrárase nas datas previstas para o mes de abril, o 6, 7 e 8, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

Este ano o torneo aumenta a cuantía dos premios e engade algún trofeo máis polo que repartirá 12.000 euros, 2.000 máis que na edición anterior. Coa inscrición aberta, prevese chegar de novo a máis de 300 parellas participantes. As inscricións custarán 25 euros por persoa.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase no pavillón do colexio, e nas cafeterías Papyrus e Os Castro.

O Gran Máster Nacional repartirá un total de 12.000 euros en premios. Os de movemento e en parado estarán dotados cun primeiro premio



de 1.200 euros e trofeo. O resto de premios, ata un total de 28, oscilarán entre os 600 e os 25 euros. Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán de novo cos trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concellería de Deportes para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Este ano engádese o trofeo

Guiller ao mellor xogador de Galicia, o trofeo Bola Meiga á amizade, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa e o trofeo Merchi á mellor xogadora. Con este último quérese ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín.

O mércores 5 de abril darase o pistoletazo de saída coa presentación do evento ás 12.00 horas e o sorteo de equipos ás 15.00 horas. E as competicións inicianse o xoves 6 a partir das 17.30 horas coa modalidade parellas cegas.

O venres 7 será o día dedicado ás modalidades en parado e feminina, que darán comezo ás 11.00 horas. O sábado 8 ás 10.00 horas será a quenda da de movemento e as finais xogaranse a partir das 21.00 horas para poder entregar os trofeos ás 23.00 horas.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



TERRA CHÁ



Fonmiñá acollerá en maio unha festa da poesía

Fonmiñá acollerá unha festa da poesía en próximas datas. Así o están organizando en común acordo os concellos da Pastoriza e de Abadín, co obxectivo de revalorizar a figura do poeta Aquilino Iglesia Alvariño, natural da parroquia abadinesa de Seivane de Vilarente.

Xunto aos alcaldes destes dous concellos, Primitivo Iglesias e José María López Rancaño, forman parte da organización do evento Mero Iglesias, Xulio Xiz, Alfonso Blanco e Fernando Villapol, ademais do edil pastoricense Tino Fernández.

As referencias deste poeta ao río Miño e á Pastoriza están visibles en toda a súa obra por iso escolleron a este poeta para ser homenaxeado, unha proposta cultural que se lle quere dar continuidade. De feito,

están pensando en continuar coa figura de Antonio Noriega Varela para a segunda edición. A data escollida para este evento estará dentro do mes de maio, para facela coincidir coa visita a España de Xaime Iglesia Ferreiro, fillo de Aquilino afincado en Alemaña, e co que xa se mantiveron contactos tamén para abordar a posibilidade de editar as obras completas do autor de cara ao 2024.

O programa de actos desta primeira festa poética, a falta de concretarse, contará con actuacións musicais, recitais poéticos e un xantar de irmandade.

Tamén teñen prevista unha figura conmemorativa, inspirada na estatua do Neptuno. Farase unha réplica desta, duns 25 centímetros, en cerámica que servirá como agasallo.

A Pastoriza e Pol únense para solicitar unha axuda para o ciclo da auga

Os concellos de Pol e A Pastoriza, agrupados con Melide, Fisterra, Silleda e Valga, presentaron unha solicitude na primeira convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga, enmarcada no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia PERTE Dixitalización do Ciclo da Auga, de carácter estatal.

Esta concorrencia conxunta permitirá aos seis concellos, no caso de contar coa subvención, a creación dun sistema de información e ferramentas dixitais en relación co ciclo da auga, mellorando a xestión do mesmo significativamente. A través da tecnoloxía poderíase recompilar, xestionar e almacenar grande cantidade de información en tempo real, facilitando a toma de decisións.

O importe desta subvención superaría os dez millóns de euros a repartir entre todos os concellos e suporán importantes melloras nas redes de saneamento dos concellos.

Forma-T fai formación práctica marítima no lago das Pontes

O grupo de formación chairego Forma-T, con sedes en Meira e Vilalba, vén de ampliar o seu catálogo de formación e consultoría no sector marítimo e eólico con presenza no lago das Pontes. O obxectivo é ofrecer formación en materia de seguridade dirixida ao persoal que está en instalacións marítimas e en barcos que traballan na industria offshore.

Nestas sesións aprenden a coñecer as nocións básicas de supervivencia no mar (BTT Sea Survival).

Para iso puxeron en marcha unhas instalacións no lago, nun terreo cedido por Endesa, onde se realiza a formación, que tamén inclúe loita contra incendios e embarcacións de supervivencia así como botes de rescate e de pasaxeiros.

Forma-T Vilalba, en continuo crecemento, conta xa cunha zona de coworking no polígono pontés de Penapurreira, donde comezou a

A Deputación anuncia o arranxo da vía de Castro de Rei a Cospeito

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, anunciou un investimento de 314.000€ para o arranxo e mellora da estrada provincial que conecta Castro de Rei con Cospeito, a LU-P-1706. En concreto, a institución provincial actuará á altura do Pontello dos Lobos, que colapsou debido ás fortes choivas de xaneiro e febreiro, e tamén no resto do trazado da vía.

No Pontello dos Lobos os traballos consistirán na demolición da actual estrutura que resultou danada, unhas tarefas que se completarán coa súa reposición cun marco prefabricado, que será subministrado á Deputación a mediados de marzo. O orzamento para esta actuación ascende a 150.000€.

A maiores disto, cun investimento de 164.000€, a Deputación renovará o asfalto dun treito da estrada de 1,3 quilómetros ao seu paso por Castro de Rei, en concreto, entre os puntos quilométricos 7,3 e 8,6. Ademais, á altura do concello de Cospeito procederá ao bacheo de varios tramos. Por último, renovará o pintado da totalidade da estrada. A institución provincial actúa coa maior axilidade posible ao decla-



rar de emerxencia estas actuacións.

Trátase dunhas obras importantes para a veciñanza destes concellos, pero tamén da comarca, porque esta vía que une Feira do Monte, en Cospeito, con Castro de Ribeiras de Lea, en Castro de Rei, é a comunicación máis directa entre ambos municipios. Ademais, dá servizo a explotacións gandeiras, polo que se trata dunha vía moi transitada nesta zona da provincia.

Co investimento nesta estrada,

a Deputación dedicou dende o ano 2019 ata a actualidade ao concello de Castro de Rei máis de 3,3M€ para dotar de máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas. Boa parte dos fondos da institución provincial dedicáronse ás infraestruturas, ao fomento do emprego e ás políticas sociais. Esta obra enmárcase dentro das liñas estratéxicas da acción do Goberno provincial, presidido por José Tomé Roca, como queda demostrado nos Orzamentos.

Cinco anpas da comarca organizan actividades en conxunto este mes

As anpas de cinco centros educativos públicos da comarca uníronse para organizar unha serie de actividades no mes de marzo dentro do Plan Corresponsable da Universidade de Santiago.

Son os colexios de Meira, A Pontenova, Riotorto, Muimenta e A Pastoriza os integrantes de esta acción. Estas actividades están abertas a socios e non socios.

A primeira actividade xa se celebrou e consistiu nunha sesión de parkour e breaking no pavillón de Meira para idades comprendidas entre os 10 e os 16 anos. A seguinte sesión será a realización da ruta dos Fornos, o domingo 12 de marzo, entre as 11.00 e as 14.00 horas. Situada na Pontenova, está dirixida a coñecer a actividade mineira da zona e poderán participar nenos de 6 a 16 anos.

Finalizarán o ciclo cunha sesión de hip hop para familias que se desenvolverá no pavillón da Pastoriza o sábado 18 de marzo en horario de tarde. Participantes a partir dos 5 anos.

EDUREFERENTES. Un total de 20 centros educativos de toda Galicia participarán este curso no programa educativo EduReferentes, unha iniciativa que achega ás aulas testemuños de mulleres galegas referentes que destacan pola súa traxectoria profesional de éxito. Na provincia de Lugo os centros que participarán nesta iniciativa son o IES Terra Chá de Castro de Rei, o CPI López Suárez de Friol, o IES A Pinguela de Monforte, o IES de Monterroso e o IES Gregorio Fernández de Sarria.

Nos centros participantes desenvolveranse charlas de 50 minutos nas que dúas profesionais referentes galegas de diferentes sectores achegarán ao alumnado aos seus ámbitos profesionais. Nestas sesións traballaráse co alumnado os mitos sobre os diversos perfís profesionais.



poñer en marcha distintos proxectos formativos.

O Grupo Forma-T é un referente na formación eólica aínda que tamén destaca pola súa aposta polo sector forestal, onde conta cunha leira de máis de 30.000 metros para as sesións prácticas. Tamén vén de incorporar unha nova liña ao grupo coa compra de Soluciones de Prevención y Salud, unha empresa punteira a nivel nacional.

DEPUTACIÓN

A Deputación esixe á Xunta que actúe para mellorar a sanidade

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que atenda as reclamacións da sociedade galega sobre as melloras necesarias na sanidade pública. Así se acordou tras unha moción presentada polo PSdeG no Pleno ordinario do mes de febreiro, que saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, lembrou que “o pasado 12 de febreiro a sociedade galega saíu á rúa para manifestar o seu desacougo coa situación da sanidade pública”, unha expresión “de rexeitamento, descontento e males-tar social”.

García Porto expuxo que os facultativos con sobrecarga de doentes, os responsables dun PAC co cadro de persoal en mínimos, ou os familiares de doentes en listaxes de agarda non se xuntaron na praza do Obradoiro de Santiago de Compostela para facer política. “A manifestación do día 12 foi un resumo das queixas que se veñen rexistrando nos últimos anos por mor das políticas de recortes e mala xestión do PP”, sinalou, cualificando de “decepcionante” a resposta do Goberno galego. En concreto, apuntou a voceira socialista que o Presidente da Xunta non estivo á altura, utilizando a cita do Cocido de Lalín para esquivar as reclamacións sobre a Sanidade, nun comportamento que tachou de “insolidario e irresponsable”.

No debate, Pilar García Porto defendeu que os socialistas teñen o compromiso “firme e inalterable” de defensa dos servizos públicos e lembrou que “ao longo deste mandato que está a piques de rematar, trouxemos a este Pleno de xeito reiterado iniciativas que recollían as necesidades dos e das cidadáns da nosa provincia”.

A Deputación de Lugo reclaman agora ao Goberno autonómico a elaboración dun plan urxente de melloras na Atención Primaria que inclúa o compromiso de dedicarlle o 25% do orzamento sanitario tal e como recomenda a OMS; a elaboración doutro plan urxente para a Atención Pediátrica e para reducir as listas de espera; o compromiso de convocar cada ano o 100% das prazas MIR autorizadas polo Goberno do Estado; a recuperación dos cadros de persoal dos PAC e centros hospitalarios afectados polos recortes; o deseño dunha política de persoal que cubra as baixas; e o fin da política de temporalidade dos profesionais.



O Pleno da Deputación de Lugo aprobou no Pleno ordinario celebrado este martes unha Declaración Institucional con motivo do Día Internacional da Muller na que reivindicamos a loita pola igualdade, plena e efectiva, e os valores do feminismo, factores esenciais para acadar unha

sociedade xusta e para a mellora da democracia. Os grupos políticos con representación no organismo provincial -PSdeG, BNG e PPdeG- votaron a favor dun texto acordado previamente nunha Xunta de Voceiros e Voceiras convocada polo Presidente provincial, José Tomé Roca.

Cooperación con concellos e colectivos

A Deputación aprobou durante o Pleno, cos votos a favor dos grupos do PSdeG e o BNG, a incorporación de remanentes de tesourería ao Orzamento 2023 da Deputación de Lugo por un importe de algo máis de 5M€. Unha cantidade que servirá para reforzar a cooperación cos concellos e co tecido asociativo da provincia, segundo explicou a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Maíra García Bermúdez, quen apuntou que se trata de algo “fundamental para o desenvolvemento do noso territorio, porque tradúcese en contribuír na mellora dos servizos que ofrecemos ós nosos veciños e veciñas”.

García Bermúdez desgranou as aplicacións orzamentarias do suplemento de crédito, que ascende aos 5.097.822,52€. En concreto, a responsable de Economía, Recada-

ción, Facenda e Especial de Contas da Deputación sinalou que estes fondos estarán destinados á promoción cultural, á mocidade, aos deportes, ao medio rural, ao turismo, á atención aos cidadáns e ás entidades locais.

García Bermúdez defendeu ademais a “utilidade” da acción do Goberno provincial poñendo como exemplo o traballo en materia de benestar social ou de mobilidade, sinalando que “neste mandato puxemos a disposición da cidadanía 271 prazas de atención asistencial para maiores e estamos á espera doutras 29, cando a Xunta nos conceda o PIA do centro de Ribas de Sil”, un servizo co que “xeramos en total 172 empregos directos”. Tamén engadiu que “fomos quen de amañar 400 quilómetros de estradas provinciais destinando 22M€”.

Reeditan o Premio ao Turismo Sostible



A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a primeira reunión do ano deste órgano participativo e consultivo da Deputación. A proposta da institución provincial, os asistentes aprobaron a reedición do Premio ao Turismo Sostible, creado na pasada edición dos galardóns á excelencia turística e gastronómica coa finalidade de recoñecer iniciativas que contribúan á sustentabilidade turística no eido social, económico e medioambiental. García Porto destacou a importancia de manter este recoñecemento, que “reforza as liñas de traballo que impulsamos dende a institución provincial para consolidar un modelo de turismo de calidade e sostible, con capacidade para atraer visitantes durante todo o ano, que pon en valor o patrimonio e que

contribúe a xerar riqueza e emprego, sobre todo no rural”.

“En 2022 apostamos por crear este galardón de xeito puntual como organizadores do VIII Foro Cidades e Territorios Creativos de España, do que fomos anfitrións como gañadores da Copa de España Creativa, pero creemos que mantelo no tempo é unha oportunidade para todas as empresas e entidades da provincia”, explicou.

Na primeira entrega do Premio ao Turismo Sostible, foi recoñecido o proxecto das Cabanas das Chousas polo seu labor de coidado e protección do medio ambiente co uso de caldeiras de biomasa, o bo mantemento do espazo para a prevención dos incendios forestais ou a instalación de contedores de reciclaxe. As Cabanas están situadas a varios metros do chan, nun bosque autóctono e están totalmente mimetizadas e integradas co entorno.

Ratifican ao Consorcio de Bombeiros a vontade de facer fixos aos traballadores

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, reuniuse no Pazo de San Marcos co novo comité de empresa do Consorcio Provincial de Bombeiros. Un encontro que se produciu a petición dos traballadores para abordar asuntos de interese para ambas as partes.

A deputada trasladoulles o compromiso de colaboración do Presidente da institución, José Tomé Roca, e ratificoulles que ten “total vontade” -de acordo con informes técnicos xa elaborados- de facer fixos aos traballadores sacando adiante un proceso de estabilización laboral en aplica-

ción dunha sentenza de unificación de doutrina que ditou o Tribunal Supremo con respecto ao caso dunha traballadora do SAF de Navarra. Este ditame xudicial abre a porta a darlles estabilidade e seguridade laboral aos traballadores dos parques de bombeiros, sen que teñan que pasar por un proceso selectivo.

Así mesmo, Pilar García Porto reiterou que a Deputación considera razoables as cuestións introducidas polos representantes dos bombeiros na proposta do convenio colectivo e que está en disposición de chegar a un acordo para aprobalo canto antes. García Porto felicitou aos novos membros por resultar elixidos.

DEPORTES

Aprazada a VII edición da Ruta BTT do queixo San Simón

O Club Ciclista Terra Chá anunciou que este ano non celebrará a Ruta BTT Terra Chá do Queixo San Simón da Costa, correspondente á sétima edición, na súa data habitual que ten lugar a primeira fin de semana de abril, coincidindo coa celebración en Vilalba da popular feira.

Esta situación vén motivada “por temas de calendario, permisos varios e cambios na directiva”, explicaron. Adiantaron tamén que “estamos traballando arreo para poder organizar a ruta neste ano 2023 nunha nova data axeitada ó calendario de rutas, sobre a que informaremos o máis pronto posible. Agardamos contar con toda a vosa participación como sempre e poder tamén retomar de novo para o 2024 a nosa data habitual no calendario coincidindo coa Feira do Queixo San Simón da Costa”.

A ruta desenvólvese todos os anos no concello de Vilalba e algún dos arredores con distancias diferentes en función dos percorridos con diferentes niveis de dificultade, así como características técnicas e físicas.

A saída e a chegada ten lugar na praza da Constitución de Vilalba en xornada de mañá, onde se celebra a feira.

A participación está aberta a todo ciclista maior de 15 anos a un límite que se achega aos 300 participantes.

O Trail das Bestas volverá a Muras o 16 de xullo

O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas, vén de convocar unha nova edición do mesmo para o 16 de xullo, domingo. A organización fixo esta convocatoria pero aínda non se sabe cantas prazas haberá aínda que o ano pasado foron 500. As inscricións abriranse este mes.

A que será a sexta edición soe ter un percorrido circular con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuíto marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á Serra do Xistral no seu punto máis lonxano. A organización establece catro distancias diferentes para percorrer. Tamén se establecen diferentes categorías, sénior masculino ou feminino -desde os 18 ata os 45 anos- e veterano ou veterana -a partir dos 46 anos tendo en conta a idade que terá o corredor ou corredora a final do ano-. Haberá trofeos para os tres primeiros de ambas categorías.

O filial do Vilalba FS feminino, campión da Liga autonómica

O equipo filial feminino do Grupo FormaT Vilalba FS proclamouse Campión da Liga Primeira Autonómica de Lugo.

O equipo adestrado por Ledín foi o gran dominador da categoría, na que acabou invicto con 12 partidos disputados, 11 victorias e 1 empate. Remata a Liga sen coñecer a derrota cun rexistro de 59 goles a favor e soamente 10 en contra. Ademais remata con dez puntos de vantaxe sobre o seu inmediato perseguidor, o Concello de Begonte.

Ademais do título de Liga, o ascenso a Preferente Autonómica pasa porque o primeiro equipo ascenda a Segunda División, ao non poder competir os dous equipos na mesma categoría.

O equipo comezou a disputar a Copa Federación de Lugo, segunda fase da tempada, co propósito de facer un dobrete histórico.



ESTEO O equipo infantil do Esteo logrou o ascenso a Liga Galega tras impoñerse nun durísimo play off primeiro ao Caranza 3-0 na semifinal e logo 2-0 ao Solaina na final.

O Esteo gañou a fase regular da liga do grupo de Ferrol con 31 puntos no seu haber, 10 vitorias,

un empate e unha derrota. O equipo inicia esta fin de semana a fase de Copa ante o Parrulo dentro do grupo A.

Este mesmo equipo foi o que o ano pasado logrou o ascenso á Liga Galega na categoría alevín, gañando a copa ademais da liga. Este ano polo tanto repiten xesta.

As Pontes recupera a Carreira de San Xosé

O próximo 19 de marzo disputarase nas Pontes o Campionato Galego de 5 km en Ruta, coincidindo coa XXX Edición da Carreira de San Xosé. A proba está incluída no calendario oficial das competicións da FGA nun circuíto urbano homologado. Esta cita deportiva levaba sen celebrarse dende 2019.

As persoas interesadas en participar nestas carreiras e andaina popular poden inscribirse, ata o 14 de marzo, ás 23.59 horas, en www.carreirasgalegas.com. A inscrición terá un custe de 3 euros por persoa participante na proba dos 5Km, sendo gratuíta no resto das categorías.

A proba disputarase ás 11.00 horas e a liña de saída estará situada na rúa 8 marzo e realizarase pola vía de tráfico rodado.

Establécense diferentes categorías dende biberón a sénior con tres de máster todas elas con diferentes horarios de saída e distancias. Haberá premios para os tres primeiros clasificados de cada categorías e os da absoluta recibirán tamén un premio económico de 300, 200 e 100 euros.

As Pontes inclúese no BTT Rally XCO, que pecha en Outeiro de Rei

A primavera e o arranque do verán volverán ser neste 2023 sinónimo de Cross Country Olímpico (XCO) en Galicia. En pouco máis de tres meses e medio disputaranse na comunidade galega doce probas da especialidade olímpica do BTT. Un calendario, con Copa e Campionato, que visitará as catro provincias e ao que se suman dúas localidades nas que o ciclismo cotiza á alza: O Carballiño e As Pontes.

O certame coordinado pola Federación Ciclismo Galego (FCG) presenta unha xornada máis respecto ao ano pasado. A primeira das once citas da Copa Galicia chegará o domingo 19 de marzo no X Trofeo BTT Rallie Cidade de Ferrol (Ferrol, C.C.), unha apertura que permitirá aos bikers calibrar o seu estado de forma antes de que a competición se lance definitivamente no mes seguinte. O bloque de tres eventos en abril compóñeno o III Trofeo XCO Concello do Porriño (Avanza, A.D.) do domingo 9, o VI XCO Caimanes de Betanzos (Caimanes Betanzos, C. BTT) do sábado 15 de abril e unha das novidades desta campa-

ña como é a primeira edición da Copa XCO Concello do Carballiño, organizada polo Club Ciclista Carballiño o domingo 23 de abril.

En maio a actividade aínda vai ser maior, con xornada en todas as fins de semana. O domingo 7 celebrarase o 3 XCO Kiwi Atlántico (Ribadumia, C.C.), o sábado 13 o XXII Gran Premio Concello de Cambre de BTT (Cambre, C.C.), da decana pasarase á estrea do XCO Vila de As Pontes (Terras do Eume, C.C.) o sábado 20 de maio e pecharase o sábado 27 de maio co II XCO Vila de Cuntis (Club de Montaña Xesteiras).

Tras a paréntese do arranque de xuño, a Copa afrontará o seu treito final con tres fins de semanas consecutivas en Poio, Marín e Maceda. Unha vez conclúa a Copa, e na antesala do Campionato de España, as coroas galegas repartiranse o sábado 8 de xullo en territorio lucense. O Team Bike Outeiro de Rei encárgase este ano do Campionato de Galicia. O XCO Pena de Rodas, que no 2022 debutou na Copa, despedirá ao grande a temporada autonómica.



PÁDEL. O Club Padel As Pontes proclamouse en Santiago campión galego da categoría Future. Agora serán os encargados, xunto a Smash Pádel 4 e Cedeira, de desplazarse ata Valencia para disputar o Campionato de España, que terá lugar entre o 9 e o 11 de xuño. O equipo logrou o seu pase no grupo masculino do Interseries dirimido en Ames. Será a segunda vez en catro anos que tomen parte nesta competición, lográndoo tras dobregar en semis así mesmo a un grupo do Pádel Sur (7-5) e no último choque ao Area Pádel por 9-3.



LOITA. Club de Loita Olímpica de Vilalba participou nos Campionatos de España de Carmona con loitadores nas 3 categorías. Na U15 contaron coa representación de Boris Reshetniak en menos de 57 kg o cal dominou a competición alzándose co ouro despois de gañar 4 combates. Boris (U15 de primeiro ano) venceu por superioridade a todos os adversarios, incluído ate o que era vixente campión de España. Na categoría de U17 en menos de 110 kg foi Kevin Cuba o que subiu ao máis alto do podio acadando un ouro.

Charli dominou o Aberto de billarda de Flores



Por Daniel Rodríguez Saavedra

No campo das Valgas disputouse o XII Aberto de billarda de Flores. Unha nova xornada da LNB NorLeste que se fai coincidir coa celebración das festas de San Rosendo e que por terceira xornada consecutiva tivo en Charli o dominador absoluto.

Aínda que o día foi soleado e o campo presentaba un estado moderadamente bo, foi unha xornada un pouco rara. A menos concurrida da tempada con sesenta e tres palanadores (42 homes, 14 donas e 7 cativos) e difícil para rematar as carreiras. Nalgún caso foron necesarios ata seis ou sete golpes para que entrara o primeiro xogador no varal, cousa que non acordan nin os palanadores máis veteranos.

As puntuacións tampouco foron moi alá agás o Carabullo Charli, que

acadou vintecatro puntos e gañou con solvencia. Segundo foi o xoven Gundar de Madia Leva con vintedous puntos e media ducia de palanadores se xogaron o terceiro posto (empatados a vinte puntos) sendo Muriego Remourelle Bulls o máis acertado.

En donas, Irea Carabullo foi a mellor con 17 puntos seguida das Billardeiras Musicais Geni e Aroa con 16 e 14 puntos.

Por equipos, Carabullo gañou a Troitas Bravas por un só punto e completou o podio un dos equipos máis veteranos da liga, os Remourelle Bulls. En infantís, Antía de Troitas Bravas igualou a Diego de Madia Leva no primeiro posto e o seu compañeiro Mateu, completou o trío gañador.

A vindeira xornada será o domingo 26 de marzo en Begonte.

Alvariño faise co título de campión de España de arco recurvo en sala



Miguel Alvariño proclamouse campión de España de arco recurvo en sala en Valladolid. O seteiro pontés fíxose co título tras remontar un 1-3 ante o júnior madrileño Andrés Temiño –que gañou na súa categoría– e resarcirse así da derrota na final da edición do ano pasado ante o seu compañeiro de selección española Pablo Acha.

Alvariño gañou con comodidade (6-0) as primeiras eliminatorias e remountou nas dúas decisivas. Así, en dezaseisavos superou ao vasco Hilario Hernández; en oitavos, ao balear Pere Cincunegui; e en cuartos, ao aragonés Diego Guillén. O seu compañeiro Daniel Castro pagou caro a súa viaxe a Las Vegas e caeu na rolda dos 32 mellores fron-

te ao vasco Yeray Ruiz de Azúa.

Alvariño acada así o título, por segundo ano consecutivo, na final do Campionato de España en sala.

Alvariño, facendo equipo con Daniel Castro e co ferrolán Pablo Filgueira (Arco Ferrol), rozaron o podio na proba por equipos, pero primeiro caeron con Baleares no desempate (5-4) e, xa polo bronce, foron superados por Andalucía (6-0).

Moi preto dos postos de honra na proba absoluta de composto estivo Xaquín Mira (Sílex), que tras superar nas eliminatorias ao aragonés Matei Constantin (146-143) e ao vasco Vicente Riesco no desempate (143) viuse superado en cuartos por un só punto (148-147) ante o que sería campión, Teo Iglesias.

15 equipos da comarca recibiron axudas para equipamento

Quince clubs da Terra Chá recibiron o ano pasado un total de 60.000 euros para colaborar na compra de equipamento deportivo.

A Xunta informou de que xa está publicada a orde de axudas para o funcionamento e desenvolvemento da actividade deportiva, cuxo prazo para presentar as solicitudes ampliouse ata o 13 de marzo.

Os equipos que recibiron as axudas reuníronse con representantes da Xunta. Os beneficiados foron o Racing Vilalbés, o Vilalba Fútbol Sala, Agrupación Polideportiva San Ramon de Vilalba, Club Baloncesto Terra Chá, Club de Loita Lugo, Club de Tiro con Arco Guitiriz, Asociación Deportiva Cultural e Recreativa As Canicas de Begonte, Club Fútbol Sala Feminino Castro, Club de Loitas Olímpicas Vilalba, Club Moo Duk Kwan, Sociedade Deportiva Cultural Cabreiros, Club Sociedade Deportiva Muimenta, C.D. Santaballés, Club Unión Pastoricense, S.D. Outeiro de Rei, Club Atlético Illán e Club Deportivo Codesido.

Entre o material que adquiriron figuran unha furgoneta, bicicletas, material de ximnasio, cortacésped, marcadores electrónicos, sistemas de cronometraxe, porterías e caixas de primeiros auxilios. A Xunta aporta o 80% do gasto subvencionable ata un máximo de 10.000 euros.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

COLABORACIÓN

O Chat GTP pon en risco o sistema educativo?

O PUPITRE



Julio Díaz

ChatGTP é un chatbot, é dicir un robot de conversación, capaz de responder a preguntas e peticións expostas nunha linguaxe natural. Está baseado nun modelo por Intelixencia Artificial GPT-3 desenvolvido pola empresa OpenAI de Elon Mask.

É un modelo con máis de 175 millóns de parámetros, adestrado con enormes cantidades de texto para realizar tarefas relacionadas coa linguaxe, desde a tradución ata a xeración de

textos.

Trátase dunha intelixencia artificial que está adestrada para manter conversacións, de maneira que só tes que exporlle preguntas de maneira convencional e as entenderá, pois este revolucionario sistema é capaz de comprender a linguaxe coloquial e facer preguntas para obter información adicional sobre un tema. Estas características fan deste chat unha ferramenta moi útil, xa que pode darche unhas respostas moi acertadas e completas, mesmo de varios parágrafos. Ademais, nestas respostas é capaz de expresarse de maneira natural e con información moi exacta.

ChatGTP pode utilizar toda a

información ao seu alcance almacenada na internet ata decembro do 2021 para devolver textos elaborados en só uns minutos ofrecendo unha vía ilimitada para os alumnos á hora de elaborar todo tipo de traballos. A resposta, eficacia e verosimilitude coa que funciona ChatGTP fai que sexa moi sinxelo introducir varios datos craves no sistema e que devolva un completo e moi elaborado texto que nos resultará moi dificultoso diferenciar dun feito polo propio alumno.

Todos nos preguntamos onde irá parar esta gran innovación do ChatGTP, entendendo que chegou para quedar, polo que nos tamén debemos adaptar a nosa

forma de ensinar ante este novo desafío. Debemos tomar nota e evolucionar como xa o fixemos coa calculadora, cos tradutores, cos correctores ortográficos, con Google, ... ou mesmo, o que fixemos coa problemática vivida no peor da pandemia e noutras múltiples ocasións nas que o noso colectivo foi capaz de demostrar unha capacidade envexable de adaptación.

Engadir por último, que o deseño do ChatGTP non ten aínda unha versión final perfeccionada, está en fase de probas. Os seus creadores están a estudar a posibilidade de ofrecer unha ferramenta complementaria que nos permita detectar os textos elaborados por esa IA. Sería

unha marca que nos permitiría detectar os documentos elaborados polo chat. Seguramente, como todos estamos a imaxinar, esta ferramenta será de pago.

Nos, os docentes, mentres se perfecciona dita ferramenta, seguiremos tomando as medidas pertinentes para que non se faga un uso fraudulento da mesma.

O que deben saber os nosos alumnos é que os docentes temos o mellor detector de fraudes elaborado ata o momento, que non é outro que, "o coñecemento das súas capacidades", sabemos quen é capaz e quen non á hora de examinar un traballo realizado por eles. A tecnoloxía avanza e NÓS TAMÉN.

Despois de Franco... Tierno, Berzosa e Chao

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

A miña derradeira visita a Ramón Chao tivo lugar tres semanas antes do seu pasamento. Unha tarde chamoume dende Barcelona e de seguido percibín que o seu estado de ánimo ía cara a abaixo, polo que collín un avión e planteime de inmediato na capital catalá. Pasamos o día xuntos, e aos poucos na compañía de Felisa. Falamos moito. Unha longa conversa na que el lembraba distintas situacións da súa vida, deténdose en determinados episodios e rememorando a persoas que coñecera. O instinto díxome que aquel percorrido a través do tempo era unha necesidade vital nese momento, notei que iso reconfortábao. Uns meses atrás -o 2 de xaneiro de 2018- finara en París o seu amigo José María Berzosa, cineasta que fixera toda a súa carreira profesional en Francia. A súa morte afectáralle moito. Antifranquista visceral como Ramón, boa parte do seu traballo audiovisual era un conxunto de documentais ou filmes de ficción para a televisión, caracterizados por posuír -como denominador común- a tónica do humor de Luís Buñuel

e o sentido da erudición de Jorge Luis Borges.

Chao contoume naquela charla a historia persoal de Berzosa. Natural de Albacete, onde naceira en 1928, José María cursara estudos de Dereito, exercendo brevemente como avogado na súa cidade natal; pero a súa auténtica paixón era o cinema, pois dedicábase a escribir críticas de películas; en 1956 decidiu marchar a París, onde coñeceu a Juan Antonio Bardem, quen lle presentou a Georges Sadoul. Por mediación deles entrou no Instituto de Altos Estudos Cinematográficos (IDHEC, actualmente Fémis), "sen saber unha verba de francés". Alí compartiu espazos con xente como Roman Polanski, Bernard Gesbert, James Blue, Annie Tresgot ou Costa-Gavras. Máis tarde, pasou a traballar na Televisión Francesa e colaborou con Jean Renoir en 'Le Testament du docteur Cordelier'. Pouco despois chegarían as súas primeiras películas con Miguel Ángel Asturias, Borges, Bacon, Picasso...

Tras obter a titulación, traballou como asistente de dirección, entre outros, con Renoir e Buñuel, con quen trabou amizade e que lle encomendou un papel de actor en 'A Voie Lactée' en 1969. Foi nesa época cando coñeceu a Ramón Chao, quen daquela dirixía as emisións de Radio France para España e América Latina.



Preguntado por este sobre un posible regreso tras a morte de Franco, Berzosa recoñecía que "sería unha gran satisfacción poder traballar con Televisión Española, pero soamente podería aceptalo nas mesmas condicións de liberdade e independencia que me ofrecen na Televisión Francesa, que é case absoluta e só teño limitacións financeiras". A realidade é que nunca quixo volver, pero mantivo a súa nacionalidade de orixe e non sentiu necesidade de facerse francés. Rodou 'Arriba España!' en 1975, xunto a Enrique Tierno Galván, André Camp e Ramón Chao. Este foi o traballo máis destacado de Berzosa, polo que recibiu maior

número de premios. En compañía deles faría máis adiante 'Cincuenta anos da guerra civil', 'O díaño en Galicia' (con Chao) e 'Tres mitos españois' (xunto a Camp). Coincidindo no tempo coa película de Berzosa, Ramón viña de publicar 'Après Franco, L'Espagne'. Sacouno primeiro en Francia, coa editorial Stock (1975) e un ano despois en Madrid, con Edicións Felmar. En París saíu o día da morte do ditador, e tivo que agardar varios meses para que o aceptase a censura española, finalmente con varios cortes. "Foi un encargo que me fixo Enrique Tierno Galván. O profesor viñera a París a unha xuntanza con dirixentes do Partido Socialista francés, en calidade de secretario xeral do Partido Socialista Popular, que posteriormente se integraría no PSOE. En realidade o libro escribímolos entre os dous, pero el non podía asinalo pola súa militancia política. A verdade é que me axudou moito, cunha morea de indicacións e consellos. Cando xa o tiña terminado, en Madrid, pedínlle que polo menos me dese unha introdución. Sen pensalo máis, díxome que acendese o magnetófono e lanzouse a falar. Eran as cinco da tarde e ía unha calor asfixiante, así que adormecín. Ignoro canto tempo; esperí de súpeto cando me tocou o ombreiro, para avisarme de que

xa rematara".

A continuación, Ramón contoume outra anécdota relacionada co libro: "Paseille o borrador do texto á secretaria de 'Triunfo' para que o transcribise. Fíxoo sen corrixir nada e así saíu, que para iso o vello profesor era un pozo de sabedoría. Iamos presentalo no hotel Eurobuilding de Madrid, e eu envíei invitacións a todos os personaxes que aparecerían no volume, entre eles o noso paisano Fraga Iribarne, naquel momento ministro do Interior. Estabamos na redacción de 'Triunfo', listos para saír, cando me chaman por teléfono. Era o editor, dicíndome que o ministerio cancelara o acto. Sen pensalo dúas veces, agarro o teléfono, chamo ao Ministerio e pregunto polo ministro, ao que mandara unha invitación:

- Don Manuel, chámoo para que non se moleste. Prohibiron a presentación.

- E quen a prohibiu?

- Pois se foi o ministerio, foi vostede.

- Non se preocupe, señor Chao, que isto arránxoo eu!!

Colgoume sen máis, e un anaco despois avisoume Cañadas, o editor. Xa estaba resolto o tema". Un exemplo máis do 'universo Chao', en estado puro. Ao caer o serán, Ramón e máis eu despedímonos cunha forte aperta, os dous sabíamos que era a derradeira.

Antón de Guizán

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Antón Tenreiro Ferreiro, coñecido tamén como Antón de Guizán por coller o alcume da casa de súa nai, sempre estivo orgulloso de ser chairego e de nacer na parroquia de Lanzós, porque é deses homes fieis a súa familia, a súa terra e a súa cultura.

Con catro anos trasladouse a Coruña, onde se formou e viviu ata que se foi para Oleiros. Alí exerceu de concelleiro de xuventude, deportes, turismo, normalización lingüística e tenente de alcalde polo BNG, entre 1993 a 2004. Despois, cando o PSOE e BNG gobernaron na Xunta foi asesor do Vicepresidente Anxo Quintana no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, desenvolvendo por Galicia a rede de Centros de Día, Galescolas, e outros equipamentos do Servizo Galego de Igualdade e Benestar.

Comezou a integrarse na parroquia dos Vilares e no concello de Guitiriz nos anos 2011 ou 2012, cando coñeceu a súa compañei-

ra, a escritora vilarega Pastora Veres. Mais podo asegurar que xa no 2014, cando a Real Academia Galega lle dedicou o Día das Letras Galegas a Díaz Castro, foi un dos máis entusiastas á hora de elevar á súa categoría poética ao lugar que lle corresponde, cousa que algúns veciños lle negaban, non porque non o merecera, senón porque ignoraban o valor da súa obra e tampouco sabían das labores burocráticas que realizou en Madrid para que Antonio Castro puidera traer a luz eléctrica aos Vilares e outras parroquias do arredor, en 1961.

El e mais Pastora pensaron nun proxecto cultural para poder levar a cabo o encargo que Manuel María lle fixo a ela, de darlle voz aos veciños da parroquia, algo que levou a cabo co seu libro "Lareira de Soños" e co vídeo "Entrar nos Vilares" de Cibrán Tenreiro, que o acompaña. Entre os dous fundaron a Asociación Cultural que leva o nome do libro, da que Antón é presidente, para darlle valor e apreciar máis as cousas que temos nos Vilares por pequenas que sexan e ás que non lles damos a importancia que teñen. Antón veu de fora dicirnos que debemos darnos máis a valer,



como tamén fixo o gran investigador zaragozano, Alberto Segovia y Corrales, alá por 1895, no primeiro tomo de "Las Producciones Naturales de España", dedicado a Galicia, animándonos a dar valor ao noso e non ó alleo, dicíndonos que tiñamos que apreciar máis as grandes riquezas que temos no noso país.

A base de traballo, movendo Roma con Santiago, con constancia e teimosía, conseguiu que hoxe se restauren os frescos da igrexa dos Vilares, verdadeiros tesouros descubertos en 1991 e aos que non deu valor don Segundo Pérez, daquela cura da parroquia e despois Deán da Catedral de Santia-

go, que abandonados por el fóronse deteriorando e facendo cada vez máis difícil a súa recuperación. O seu traballo polo noso patrimonio material e inmaterial fixo que tamén se amañara o cruceiro lateral do calvario do adro que foi escachado por un coche e que, baixo a miña humilde opinión, até o clero xa daba por perdido.

Xunto con outras asociacións de toda Galiza, loita por restaurar a histórica torre de Caldaloba, sen esquecerse de recuperar os muíños, fontes, castros, medorras e a escola habanera da Conchada; de restaurar os pendellos da antiga Feira do 7 e que a casa de Díaz Castro sexa axiña a Casa da Xente, como ten proxectado Alfonso Blanco de Xermolos.

Nesa teima de darlle importancia a todo, quixo homenaxear aos especialistas en darlle valor aos trapos vellos que os trapeiros trocaban por agullas, navallas, pendentes, espellos e outras cousas que non había nas aldeas, dándolles así un novo uso. Para elo creou o galdón de "Trapeiro de honra", sendo o primeiro homenaxeado, a título póstumo, o poeta Díaz Castro, no 2014, e nos seguintes anos foron recoñecidos con el outros veciños e veciñas da parroquia.

Este activista cultural, poeta e colaborador deste periódico, tamén fundou a asociación "Nova poesía Guitirica", que foi presentada co gallo do XXV aniversario de Díaz Castro na igrexa dos Vilares en outubro de 2015, nun recital dos novos poetas guitiricenses, aos que daquela Armando Requeixo chamou "Os afillados de Díaz Castro" e que hoxe conta, ademais, con grandes poetas doutras comarcas de Galiza.

Conxuntamente co concello e con Xermolos, creou o Festival de Poesía de Guitiriz que ten lugar polo verán e que se celebrou por primeira vez no 2021, participando nel poetas vidos e vidas de toda Galiza. Desde que se fundou este Festival o concello aproveita tamén para facer entrega do premio "Díaz Castro de Poesía" e a Asociación Lareira de Soños os premios do concurso de versos curtos chamados "Vilariñas", un certame de micropoesía ideado tamén por el.

Por onde vai deixa a súa pegada e non ía ser menos na cidade onde vive, pois na Asociación Lar de Unta de Betanzos organiza continuamente charlas, presentacións de libros, proxeccións de películas e outras actividades culturais.

Tempo de Entroido

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nun anterior número do xornal, nesta mesma columna, aludiamos aos diversos actos que teñen lugar durante o nadal, tamén nas zonas rurais, onde se pretende na medida do posible xerar un ambiente de alegría, tratando de contaxiar o entusiasmo das datas no conxunto da poboación, desde nenos ata vellos, pasando pola xuventude e mediana idade. E claro que si, agrádecese observar durante as últimas semanas do ano vello e as primeiras do novo esas luces de cores que chaman a atención, as cabalgatas de reis, os mercados navideños, representacións de beléns e demais que contribúen a dar movida entre a veciñanza de vilas e aldeas. Pois apenas corenta días despois, outra efeméride, esta moito máis pagá, ten lugar, O Entroido. Sen a duración das festas navideñas,

este tamén se caracteriza polas comidas copiosas; os cocidos contundentes, logo das matanzas, póñense enriba da mesa. As partes do cocho son devoradas sen piedade, acompañadas deses grelos e caldo de navizas, para rematar cos típicos postres de orellas e filloas. Se un dos propósitos mentres comíamos as uvas coas baladadas era facer dieta, nestes días ráchase por completo. A ver logo na cuaresma se lle damos unha tregua, despois de realizar as correspondentes análises médicas, nas cales o máis probable é que nos indiquen que nos estamos pasando un pouco.

E a esa característica gastronómica cómpre engadirle o aspecto lúdico e festivo que rodea O Entroido. Reiteramos de novo, unha e outra vez, aínda que cheguemos a ser cansinos, ao despoñoamento e avellentamento da poboación rural galega, o que leva consigo que non se produza o desexado relevo xeracional, incidindo na perda de costumes que estaban tan arraigadas nas

nosas comunidades. A calquera persoa maior pódesele escoitar o que significaba esta época do ano, onde existía o hábito de disfrazarse, escollendo modelos que non precisaban de moita elaboración e nos que non se investía nin un patacón; as máscaras saían polos camiños, sendo recibidas en tódalas casas, nas cales comían e bebían. A colaboración veciñal era completa, contaxiándose todos desa alegría.

Na nosa bisbarra temos que recoñecer que os carnavales non teñen tanta significación como noutras partes do País, por exemplo a Ribeira Sacra ou na provincia de Ourense. Mais aínda así, con maior ou menor intensidade, sempre se celebraron. Nos últimos tempos, agás os tres anos de pandemia, que todo o afectou, observamos como se intenta reanimar esta festa tan galega, tan nosa. Vemos que os concellos organizan actividades, as asociacións de veciños e por suposto, os colexios. Así, podemos visualizar chamativos desfiles e concursos

O RECUNCHO DE CANELINA



de disfraces, desenfadados bailes ou suntuosos banquetes populares.

E todo vale se é por boas causas, como dinamizar as zonas rurais, fomentar a participación da xente nos actos e a colaboración en-

tre as distintas xeracións. Por suposto, todo elo coa finalidade de disfrutar, porque a vida pasa moi axiña e convén, a poder ser, vivila con ledicia. O Entroido é unha desculpa para elo. Que non se perda e que continúe.

DE RUTA EN RUTA

Vilalba: Paseo fluvial e literario

É un percorrido pola beira do río Madalena, onde se mistura arte e natureza ao longo de tres quilómetros de lonxitude



O río Madalena nace na serra de Carba, afluente do Ladra, percorre o noroeste da comarca da Terra Chá e é un punto clave da paraxe natural que conforma a zona de Vilalba. Nas súas inmediacións atópase unha pequena ruta de gran beleza e moi transitada pola veciñanza da zona, accesible e ideal para os días de bo tempo. A dificultade deste camiño é baixa, para realizar en menos dunha hora, e aínda que conta cun lixeiro ascenso está perfectamente acondicionado e pavimentado, polo que é apta para cadeiras de rodas. Ademais durante os tres quilómetros de percorrido atoparemos bancos para poder descansar e tamén zonas con mesas onde poder parar a comer. Este paseo fluvial garda un excepcional percorrido que mistura natureza e arte. Un traxecto, accesible exclusivamente a pé, que conforma unha mistura única da

paisaxe e literatura. O Paseo dos Soños, enmarcado dentro deste camiño fluvial é unha ruta literaria composta por diferentes esculturas en homenaxe a escritores e artistas ilustres da zona. O percorrido da comezo nas inmediacións do Muíño do Rañego, unha construción froito da tradición agrícola e do cultivo de cereais en especial, que estivo en funcionamento ata os anos sesenta, para caer en deterioro e despois ser rehabilitado no ano 2002. Neste comezo xa podemos ato-

DATOS



1 hora



3 quilómetros



Dificultade fácil

par a primeira das esculturas, destinada a Paco Martín, autor da obra *As cousas de Ramón Lamote* e que dá comezo ao Paseo dos Soños. Cada ano o Concello en colaboración coa Asociación Cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María colocan unha escultura dedicada a algunha figura ilustre situadas a cen metros de distancia entre elas, de aí o nome de hectómetros literarios. O camiño continúa preto do río, que cruzaremos en varias ocasións por diferentes pontes de madeira e por onde poderemos ir descubrindo as variadas esculturas do tramo literario. Durante o traxecto observaremos tamén pequenas presas e muíños e chegaremos a unha pequena illa, que nos permitirá contemplar diferentes especies de árbores e vexetación. Xa preto do final atopamos a Área Recreativa da Madalena, un espazo único en Vilalba que destaca pola súa praia fluvial con zona



axardinada nunha contorna chea de vexetación autóctona, ideal para disfrutar en familia nos días de verán. A Área Recreativa da Madalena conta ademais cun espazo dedicado exclusivamente aos máis pequenos e tamén con áreas

deportivas e unha pista de monopatín. Aí estase a construír un complexo de piscinas. Apenas queda un quilómetro para chegar ao final onde estará a Ponte dos Freires que marca o último punto deste paseo fluvial e o inicio da zona urbana da capital chairega.



CAP
TODOS LOS MESES

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Formación Bonificada

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05